



ÍNDICE - SUMARIO

Nº 190

Volume XXXVIII

novembro-decembro 2014

**Guieiro**

por Pedro Castelao 3

**Presentación do Foro 2014**

por Xosé Manuel Pensado Figueiras 5

**Estudos**

**A reforma (revolución tranquila) do Papa Francisco**  
por José Manuel Vidal 10

**Retos e tarefas para a Igrexa en Galicia**  
por Xulio Andiión Marán 30

**Prospectiva e esperanzas da Igrexa galega  
á luz da *Evangelii gaudium* do Papa Francisco**  
por Andrés García Vilariño 45

**Papa pastor fronte ao restauracionismo preconciliar**  
por Andrés Torres Queiruga 59

**In memoriam**

**Esther de las Cuevas Ortiz**  
por Carme Gaité 81

**Carta de despedida de Begoña Caamaño**  
por Uxía Senlle 85



### **Crónicas**

**Corrupción en España: unha ollada diferente**  
por Xosé Luís Barreiro Rivas 88

**Á procura do pasado**  
por Xoán Bernárdez Vilar 97

**Carta desde a banda da esperanza**  
por Manuel Regal Ledo 106

### **Recensións**

**A visión do invisible.**  
**Ensaio epistolar contra a banalidade intranscendente**  
por Ramón Cao Martínez 116

**Romaxe de crenes galegos na voz de *A Quenlla***  
por José Ramón de la Torre Culler 120

**La búsqueda de la armonía en la diversidad.**  
**El diálogo ecuménico e interreligioso desde el Concilio Vaticano II**  
por R. Lois Ferradás Blanco 122

**Recei contigo**  
por Xabier Blanco 125

**Índice xeral do ano**  
por Ramón Díaz Raña 126

**Ilustracións**  
por Soedade Pite 15, 83



O Foro do pasado 18 de outubro de 2014 estivo centrado na reforma que o Papa Francisco está a aplicar á Igrexa Católica. Dende o Consello de redacción de Encrucillada tivemos a intuición de que entre esa reforma universal e o malfadado Concilio Pastoral de Galicia había unha forte sintonía de fondo. Propuxémonos, xa que logo, explorar a verosimilitude de tal intuición. Quixemos atopar respostas a estas tres grandes cuestións: 1) Quen é este Francisco que está a desamalloar as estachas da barca de Pedro para poñela en estado de saída aos arrabaldes do mundo? 2) Que foi no seu día o Concilio Pastoral de Galicia e que significado pode seguir tendo á luz da reforma do actual bispo de Roma? 3) Cales son os desafíos cos que se ten que enfrontar a Igrexa Galega no inmediato presente e no futuro próximo?

O primeiro relatorio respondeu á primeira cuestión da man de Xosé Manuel Vidal. O coñecido director da páxina web *religion-digital.com* trazou unha diagnose moi certa sobre a xénese da elección de Francisco, obviamente precedida pola renuncia de Bieito XVI e as alocucións das Congregacións Xerais anteriores ao conclave. Ofreceunos, tamén, no seu relatorio, aquí publicado como estudo, as ideas centrais que rexen a reforma de Francisco, así como as resistencias internas que está a sufrir dende eses sectores máis conservadores da Igrexa universal tamén presentes na Igrexa española.

De abordar a segunda cuestión encargouse Xulio Andión. Nun relatorio claro, conciso e moi ben enfocado asistimos a algo realmente curioso que, agora, no texto escrito, o lector poderá experimentar ou revivir con maior intensidade se cabe. A intuición xerminal do Consello de Encrucillada atopa neste estudo unha autorizada e sorprendente confirmación. Hai unha coincidencia innegable e unha clara sintonía de fondo entre as principais conclusións e liñas de traballo dos textos do Concilio Pastoral de Galicia e a *Evangelii gaudium* de Francisco. Obviamente non pode haber outra explicación: ambos os dous documentos len cun espírito moi semellante os textos do Concilio Vaticano II.



Da terceira cuestión encargouse Andrés García Vilariño. Nun relatorio con tons proféticos e sapienciais –con varias mencións á literatura rabínica e á sabedoría xudía– o autor fixo un elenco das tarefas pendentes que ten a Igrexa Galega. Ao seu xuízo, habería que impulsar verdadeiramente unha nova evanxelización, así como recuperar a ledicia da Pascua a fin de abandonar as vellas inercias dunha relixiosidade convencional.

Andrés Torres Queiruga ocupouse, tamén, por outras razóns diferentes ao Foro, da figura do Papa Francisco. Ofrecemos, igualmente, neste número a súa sempre interesante reflexión que complementa de xeito ben pertinente e oportuno a temática deste último número de 2014.

No sempre triste apartado dos recordos a persoeiros senlleiros publicamos aquí dous *In memoriam* dedicados a dúas mulleres ben distintas pero converxentes, no fondo, no seu sincero e auténtico amor a Galicia. A Guadalupe de las Heras recórdaa Carmen Gaité. Sobre Begoña Caamaño publicamos o texto que no seu pasamento leu Uxía Senlle, xunto coa carta coa que a propia Begoña se despediu de Uxía estando xa pronta a hora do seu falecemento.

As crónicas de política, cultura e Igrexa completan un número que, xunto cos debuxos de Soedade Pite e os índices xerais de Ramón Raña, recolle tamén algunhas interesantes recensións de publicacións moi recentes que foron presentadas no Foro.

**Pedro Castelao**



## A Igrexa galega e o Papa Francisco

---

Xosé Manuel Pensado Figueiras

Hai que falar claro, que ninguén diga: “isto non se pode dicir, pensarán de min isto ou aquilo?”... Isto non está ben, isto non é sinodalidade porque é preciso dicir todo o que, no Señor, se sente obrigado a dicir, sen respecto humano, sen timidez. Ao mesmo tempo débese escoitar con humildade e acoller con corazón aberto o que din os irmáns. Con estas dúas actitudes exerce a sinodalidade. Por isto vos pido, por favor, estas actitudes de irmáns no Señor: falar con ousadía (parresía) e escoitar con humildade. Facédeo con tranquilidade e paz porque o sínodo discorre sempre con Pedro e baixo Pedro e a presenza do papa é garantía para todos e custodia da fe.

(Discurso inaugural do sínodo sobre a familia)

Bo día e benvidos todos a este XXIX Foro Relixión e Cultura en Galicia.

Non me puiden resistir a comezar o foro con estas palabras do papa porque recollen todo un xeito de ser, ou do que chegou a ser na súa evolución como cristián, e recollen, así mesmo, o xeito de como el se entende en canto gobernante, e o que debe ser sempre a función do sucesor de Pedro.

Nos tempos do concilio Vaticano II, xustamente polo xeito de se faceren as cousas, vai xurdindo toda unha xeración de cristiáns que se senten como máis incorporados á vida da Igrexa. Unha Igrexa que quere contar con todos, escoitar a todos, acoller abertamente as diversas sensibilidades dentro do seu seo, que crea canles para que haxa comunicación continua entre as bases e a xerarquía dirixente. O fondo e as formas mudan para crear realmente un maior sentido de fraternidade, de familia.

Atrás parecían quedar para sempre aquelas imaxes de Igrexa posuidora da verdade absoluta, do dogmatismo, do monolitismo de pensamento, da grandiosidade dun certo endeusamento, dunha

Igrexa piramidal. Un papa chegou a dicir que non precisaba colaboradores senón executores.

Da dinámica do Vaticano II nacen mil iniciativas por todas partes que axudan a actualizar a Igrexa en todos os recantos polos cinco continentes. Unha delas foi o Concilio Pastoral de Galicia —que arranca no 1968 coa preparación, no 1974 asínase o primeiro documento e 1979 o derradeiro—, que quixo poñer as bases para concretar o Concilio na realidade da Igrexa galega.

Ao reler os cinco documentos do Concilio Pastoral de Galicia eu teño a sensación de canto se fixo, de canto queda aínda por facer, de canto foi a ilusión posta e de canto debe de ser o sentimento de frustración dos que nel traballaron ao ver o que puido ser e non foi, ben por inercias e resistencias, ben porque non houbo interese real por parte dos dirixentes de convertelo nunha lanzadeira de dinamización permanente.

A modo de exemplo, e sen querer pisar a Xulio Andián Marán, mirade o que di o CPG sobre a liturxia en galego no documento terceiro e ide facendo vós mesmos a transposición aos nosos días.

- a) A diglosia en Galicia é un feito evidente e ben demostrado. Confírmalo as respostas dos grupos: todos, menos un, falan galego coa familia (menos cos fillos) e castelán nos medios oficiais, dato moi significativo, cando parte da metade dos que responden viven nun ambiente castelán-falante.

O ensino do galego na escola para a normalización da lingua estase a pedir a cotío hoxe. Tamén a maioría dos grupos coida que é básico para o desenvolvemento da nosa cultura.

A Misa en galego está aínda moi pouco espallada, a vulgar polos que confesan ter experiencia da súa celebración, experiencia en xeral favorable. Os cregos que a celebran nas aldeas e cidades coidan que os resultados son bos; non así nas vilas.

Encol da frecuencia coa que se ten de celebrar a Misa en galego, os máis coidan que se han ter algunhas veces ou segundo as necesidades da xente. Só unha minoría quere que se teña sempre, e menos aínda son os que non a queren nunca.

As razóns que se expoñen en prol da Misa en galego son: é a lingua do pobo; é unha expresión máis espontánea; máis comprometida cos problemas do pobo; atópase un máis a gusto, aínda que non se entenda todo; a algún reconciliouno coa liturxia...

En contra din: todos entenden o castelán, aínda mellor có galego, sobre todo certo galego que se usa na liturxia; hai falta de preparación e moitos prexuízos...

A liturxia en galego é cousa do pobo e non só duns poucos: así opina a maioría dos grupos. Divídense á metade os que coidan que a impresión do pobo é favorable ou contraria. Os máis coidan que é difícil levala á práctica; pero que, contando coa vontade dos cregos, pode ir adiante con seguranza.

- b) A Igrexa ten o deber de anunciar a liberación... o deber de axudar a que naza esta liberación, de dar testemuño da mesma, de facer que sexa total. Todo isto non é estraño á evanxelización (EN 30).

O uso da propia lingua debe servir sobre todo para achegar ao pobo dun xeito máis fondo e sentido a mensaxe que a Igrexa ten que anunciarlle, e mais, ao mesmo tempo, unha máis espontánea e sentida manifestación e proclamación da propia fe e experiencia relixiosa (CSCD).

Agora resulta que levamos tres anos sen misal e leccionarios en galego e, como se soe dicir: *“ni están ni se les espera”*. Tan complicado resulta facer unha impresión de 500 exemplares, ou crear unha aplicación onde se poidan descargar as lecturas a unha tableta ou a un móbil, ou crear unha páxina onde estean os PDF’s para poder telos a man? Sinceramente coido que o problema é de fondo e non de posibilidades.

Para rematar esta parte preguntome: será posible recuperar todo este material de xeito que nos sirva, á luz das circunstancias eclesiais actuais, coma pulo para o futuro da Igrexa galega? A isto tentará responder Andrés García Vilariño esta tarde.

Volvendo atrás sobre o que dicía do monolitismo da Igrexa, centralismo e pensamento único, etc, quero recuperar esta introdución coa que a agrupación “Reforma da Igrexa Católica Internacio-

nal” inicia o documento co que queren contribuír ao sínodo sobre a familia:

Co Concilio Vaticano II aprendemos que as ensinanzas da Igrexa podían evolucionar, que foi así ó longo de 2000 anos, e que a nosa Igrexa non ten o monopolio da verdade relixiosa. Chegamos a afirmar os dereitos doutras relixións e a liberdade de conciencia de todos os seres humanos. Recoñecemos a diferenza entre fe e teoloxía: temos unha fe pero podemos ter moitas interpretacións desa fe. É dicir, moitas teoloxías que nos axudan a entender quen e que somos coma cristiáns. É importante... que poidamos diferir de certas posturas oficiais da Igrexa sen deixarmos de ser bos católicos, de feito podemos ser creativos e atopar novas formas de concretar a mensaxe de Xesús para construímos un mundo mellor.

Coido que este texto expresa moi sucintamente o que quixo ser o *aggiornamento* que Xoán XXIII pretendeu para a Igrexa, ese abrir as fiestras para que entrase aire fresco a través do concilio. Hai quen di que se lle esqueceu abrir as portas para varrer as inercias e certas concepcións de poder que permanecían e permaneceron activas.

A problemática entre curialismo, centralismo, papado monárquico, por unha banda, e conciliarismo, descentralización, colexialidade, sinodalidade, papado coma *primum inter pares*, pola outra, é tan vella coma a propia Igrexa. A cuestión é se hoxe, cando por todas partes –mesmo nas estruturas de goberno máis férreas– se incentiva a participación activa da sociedade a través do voto, plataformas cidadás, movementos de todo tipo, etc, que tentan facer que nin tan sequera os gobernos democráticos se pechen en posturas que poidan impedir os dereitos dos cidadáns; se é posible, digo, que a Igrexa, en canto fraternidade, Igrexa comunidade, *sensus fidelium*, poida subtraerse a esta mentalidade a este desexo de ser protagonista do seu propio destino.

Nestes últimos tempos asistimos a varias primaveras socio-políticas en diversos lugares do mundo. Sen entrar a valorar medios e resultados, todas coinciden en que arrancan dende abaixo, dende as bases, dende a poboación. No entanto, esta primavera que se di que está a vivir a Igrexa naceu dende arriba, dende a máis alta dirección



da mesma. As congregacións xerais previas ao cónclave falaban de reformas e o elixido papa Francisco, supoño que por carácter persoal, tamén por experiencia propia e apoiado xustamente na propostas das Congregacións xerais, capitanea esta alborada nova.

Con todo non se pode ocultar o feito de que se estas altas cabezas empezan a bulir non quita para dicir que esta alborada nova, esta primavera, era un clamor en grandes sectores das bases da Igrexa que de diversas maneiras levaban anos facendo chegar aos papas anteriores a necesidade dun cambio, dun afrontar doutro xeito multitude de cuestións que hoxe serán tratadas por José Manuel Vidal: recuperar o espírito do Concilio Vaticano II, recuperar unha Igrexa de misericordia e tenrura, recuperar a Igrexa que se achega ás periferias, o papel da muller na Igrexa, novos modelos de familia, cambiar o paradigma do papado e reforma das estruturas de goberno, etc. Cuestións que agora si están na palestra da actualidade da Igrexa.

Para rematar esta introdución quero acoller unhas palabras de Jesús Martínez Gordo en resposta á pregunta de se o papa non é excesivamente de esquerdas co cal vai ser persoa de moitas palabras e de poucas resolucións –por certo afirmacións feitas por un cardeal–. Entre outras cousas di:

Unha Igrexa que volvea caer nas poutas da tentación involucionista, correría un alto risco de rematar por ser un residuo, polo menos nunha boa parte do primeiro mundo, e, ao selo, estaría incumprindo a misión evanxelizadora que está no seu código xenético e que, xusto por iso, é a súa razón de ser.

Unha Igrexa *aggiornada* na dirección aberta polo papa Francisco ten aínda a posibilidade de recuperar boa parte do terreo perdido nestes últimos e longos anos e coido que conta –sen ser esta unha presunción desmedida– co visto e praxe da gran maioría da comunidade católica, é dicir, co *sensus fidelium*.

Novamente douvos a benvida a todas e todos e oxalá que este foro poida ser ocasión de que ese *aggiornamento* chegue tamén ás nosas vidas e ás nosas comunidades.

**Xosé Manuel Pensado Figueiras**



# A reforma (revolución tranquila) do Papa Francisco

---

José Manuel Vidal

## 1.- Introducción

“Naceulle un sol á Igrexa”, dicía Dante de San Francisco. E podemos atribuírlo con todo dereito ao outro Francisco. O Papa do que, como di o cardeal Dolan, “o mundo está namorado”. Namorado de Francisco e en “lúa de mel” coa Igrexa como nunca antes se viu. En poucos meses, recuperou toda a autoridade moral da institución. O pobo adórao e os poderosos témeno ou respéctano. As principais cabeceiras do mundo dedícanlle as súas portadas. É o Papa da revolución tranquila, o Papa que fai pasar á Igrexa do longo inverno, que dicía Karl Rahner, á primavera. Do fondo do mar á crista da onda. Porque o certo é que, antes da chegada de Francisco, a Igrexa tocara fondo.

Institución humano-divina e divino-humana, cunha enorme sabedoría acumulada, entre outras cousas, porque apunta sempre ao máximo, pero confórmase co mínimo. Unha institución con respostas para todo, porque se adianta a formular as preguntas. Unha institución que as viu de todas as cores ao longo da súa bimilenaria historia.

E, quizais por iso, é mestra na *complexio oppositorum*: en chegar sempre á síntese, en pasar da tese á antítese, facendo síntese. En conciliar o branco e o negro no gris. É a continuidade descontínua. Porque a institución, mestra de sabedoría decantada, nunca procede a saltos.

Pero si hai, na súa historia máis recente, cambios de ciclo ou de rumbo, que a institución sabe combinar á perfección. Xoán

XXIII iniciou co Concilio Vaticano II o ciclo reformista, que culminou Paulo VI, coa coda de Xoán Paulo I, o Papa meteorito polos seus 33 días no solio pontificio. A Igrexa, sen o Concilio, seguiría mirando a Trento e o catolicismo, sen el, pareceríase máis ao Islam rigorista e inflexible, que á relixión moderna que é hoxe.

O Concilio fíxonos pasar do veo, do latín, da misa de costas ao pobo, da prohibición de ler a Biblia, da Igrexa piramidal e do nacionalcatolicismo, á misa en castelán, á Igrexa pobo de Deus, ao clero servidor e a unha relixión personalizada e baseada na Biblia e no seguimento de Cristo.

No posconcilio cometéronse certos excesos (especialmente litúrxicos) e a institución, atemorizada, decidiu conxelalo e cambiar de ciclo. E Xoán Paulo II botou o freo e a marcha atrás, nunha clara involución doutrinal, a pesar da súa apertura ao mundo moderno, da súa defensa da paz e dos dereitos humanos.

A institución entrou nun longo ciclo conservador. Trinta e cinco anos de conservadorismo: con momentos brillantes do Papa-peregrino, con momentos case sublimes de lucidez intelectual-teolóxica do Papa-ancián-sabio. Pero co péndulo tan escorado á dereita que o ciclo esgotouse en si mesmo.

Cun final triste: polarización, exclusión, crispación, perda de efectivos nunha especie de cisma silencioso cara á indiferenza, medo (moito medo a falar, a discrepar, a opinar, a pensar, a saírse do eclesialmente correcto), e escándalos planetarios. Desde a pederastia das mazás podrecidas do clero, ao *Vatileaks*, pasando polo mordomo, as continuas intrigas e as loitas de poder feroces entre as diversas cordadas vaticanas.

Cun deterioro da imaxe brutal na era da globalización mediática. E coa consecuente perda da credibilidade e da autoridade moral (as únicas armas que ten a Igrexa). E cos medios de todo o mundo furgando nas súas miserias e exhibíndoas con mofa e escarnio na aldea mediática global. Unha época sombría que concluíu con Bieito XVI e coa súa revolucionaria e profética renuncia.

## 2.- Renuncia: o berro de alarma e a vinganza sacra

Xesto revolucionario, profético, que marca un antes e un despois, que lle pon data de caducidade ao papado e, por extensión, aos demais cargos eclesiásticos, e coloca á Igrexa en proceso de conversión.

Bieito dimite porque xa non ten forzas físicas nin espirituais para seguir limpando a casa do Señor. Varredor de Deus, limpa as mazás podrecidas do clero. Primeiro, pasando da dinámica do encubrimento á da tolerancia cero. E en segundo lugar, converténdose en chibo expiatorio da secuela da pederastia clerical. E o Papa, teólogo e ancián, consumíuse na ara expiatoria e quedou sen forzas para varrer a súa propia casa: a Curia e o banco vaticano (IOR), que, un día si e outro tamén, deixábanos en evidencia. Porque Bieito dicía e proclamaba nas súas encíclicas unhas cousas e eles facían as contrarias. Unha disonancia insufrible.

Pero, de súpeto, o Papa ancián lanzou un órdago que os deixou fóra de xogo a todos. Sen resollo. Sen posibilidade de maquinar. A gran vinganza relixiosa do Papa humilde que, ao renunciar, deixou a todos os seus intrigantes curiais descolocados, desnortados e suspendidos dos seus cargos. A decisión de Bieito, profundamente relixiosa e tomada en conciencia ante Deus, remove as entrañas da xerarquía e de todo o pobo de Deus. O seu xesto non só desacraliza o papado e lle pon data de caducidade, senón que, ademais, convértese nunha chamada profundamente evanxélica. Un non ao poder, a gran tentación dos altos eclesiásticos. Un si ao servizo, a virtude dos que queren ser bos.

É a renuncia dun home humilde e libre, que consagra a liberdade dos fillos de Deus como gran principio teórico e práctico na Igrexa. E, como pasa sempre na vida multiseccular desta institución, do gran de trigo papal que morre nace unha nova era, unha nova época, unha nova primavera.

A renuncia de Ratzinger demostra con feitos que o cambio é posible na Igrexa. De feito, comeza a producirse a deconstrución e a reconstrución simbólica da función papal. Ou dito doutra forma, o paso do modelo tridentino da Igrexa, que levamos aínda inscrito

nas nosas estruturas mentais e eclesiais, a un novo modelo que afunde as súas raíces no Vaticano II.

Bieito foi a gran parteira da primavera de Francisco. O seu xesto, como o do profeta que rompe o vaso de barro ante o pobo, espertou as consciencias e puxo en marcha a revolución do Papa do fin do mundo. Con moito de continuidade e moito de ruptura. Ratzinger deixa á Igrexa encarrilada e sobe ao monte para rezar.

### 3.- O Preconclave dos cardeais peóns

Tras a despedida cinematográfica do Papa Ratzinger (co helicóptero sobrevoando a cúpula de San Pedro, rumbo a Castelgandolfo), a maquinaria eclesiástica ponse en funcionamento. Perfecta, chea de simbolismos, cun poder de atracción sen igual, cunha escenificación extraordinaria e real, sen falsos decorados. Ou cos decorados reais e espectaculares de San Pedro, os cardeais, a púrpura, o misterio... Un imán mediático. Os medios de todo o mundo (6.000 xornalistas acreditados no Vaticano) quedan pampos ante a beleza e o esplendor da escenografía vaticana do conclave.

No marco excepcional de San Pedro, o colexio púrpura busca ao sucesor. Nun preconclave especial. Cos cardeais americanos dispostos a consentir aos medios. E con intervencións clave nas congregacións xerais, onde realmente se decide a elección. Entre elas, a do cardeal Bergoglio, que apunta alto e ao futuro e pide que a Igrexa deixe de mirarse ao embigo e deixe de ser autorreferencial. Unha intervención breve, de apenas tres minutos, que o catapulte e que encerra o abrocho da primavera en cernes.

A doce e confortadora alegría de evanxelizear

Fíxose referencia á evanxelización. É a razón de ser da Igrexa. –“A doce e confortadora alegría de evanxelizear” (Paulo VI).– É o mesmo Xesucristo que, desde dentro, nos impulsa.

1. Evanxelizear supón celo apostólico. Evanxelizear supón na Igrexa a valentía de saír de si mesma. A Igrexa está chamada a saír de si mesma e ir cara ás periferias, non só as xeográficas, senón tamén

as periféricas existenciais: as do misterio do pecado, as da dor, as da inxustiza, as da ignorancia e prescindencia relixiosa, as do pensamento, as de toda miseria.


2. Cando a Igrexa non sae de si mesma para evanxelizarse devén en autorreferencial e entón enferma (cfr. A muller encurvada sobre si mesma do Evanxeo). Os males que, ao longo do tempo, se dan nas institucións eclesiais teñen raíz de autorreferencialidade, unha sorte de narcisismo teolóxico. Na Apocalipse Xesús di que está á porta e chama. Evidentemente o texto refírese a que golpea desde fóra a porta para entrar..., pero penso nas veces en que Xesús golpea desde dentro para que lle deixemos saír. A Igrexa autorreferencial pretende a Xesucristo dentro de si e non o deixa saír.

3. A Igrexa, cando é autorreferencial, sen decatarse, cre que ten luz propia; deixa de ser o *mysterium lunae* e dá lugar a ese mal tan grave que é a mundanidade espiritual (segundo De Lubac, o peor mal que pode sobrevenir á Igrexa). Ese vivir para darse gloria uns a outros. Simplificando; hai dúas imaxes de Igrexa: a Igrexa evanxelizadora que sae de si; a *Dei Verbum religiose audiens et fidenter proclamans*, ou a Igrexa mundana que vive en si, de si, para si. Isto debe dar luz aos posibles cambios e reformas que haxa que facer para a salvación das almas.

4. Pensando no próximo Papa: un home que, desde a contemplación de Xesucristo e desde a adoración a Xesucristo axude á Igrexa para saír de si cara ás periferias existenciais, que a axude a ser a nai fecunda que vive de “a doce e confortadora alegría de evanxelizarse”.

Do seu prestixio anterior (conseguiu xa 44 votos no conclave que elixiu a Bieito), da súa autoridade moral e deste pequeno discurso xorde a rebelión dos cardeais “peóns”. Así chaman en Italia aos purpurados dedicados á pastoral, sen ansias de poder e sen cordada ou grupo que os apoie. Son estes os purpurados que o elixen como o seu candidato e lévano polo aire ao solio pontificio.

Mentres, no exterior, os medios italianos utilizaban toda a súa artillería pesada (seguida por case todos os demais medios do mundo) para promover a candidatura italiana do cardeal Scola, pertencente á sensibilidade eclesial máis conservadora e continuísta.



Podo presumir e presumo que fun dos poucos xornalistas que o día 11, dous días antes do conclave, apuntaba ao arcebispo de Bos Aires como futuro Papa, nunha reportaxe publicada en *Religión Digital* e titulado, *Jorge Mario Bergoglio, ¿el nuevo Roncalli?* Aos dous días sae ao balcón o papa da fin do mundo. Sen muceta, pide a bendición da xente e inclínase para recibila, reza a avemaría, sorrir e saúda como un párroco. E, encima, elixe chamarse Francisco.

De súpeto, na bolsa mediática, a imaxe da Igrexa pega un envorco impresionante. O novo Papa non só mete no peto de inmediato á opinión pública, senón tamén á prensa máis remisa e máis prexuízosa.

E comeza un pontificado que, mediaticamente, é unha auténtica mina. Francisco é unha icona que seduce ás cámaras e que fala con xestos-imaxes e con frases que son titulares. E con parábolas que entende calquera: cheirar a ovella, saír ás periferias, Igrexa pobre para os pobres...

Tempos de esperanza? Total. Francisco vén abrir a botella da ilusión. Como en tempos de Xoán XXIII. E esa dinámica é imparabile. Ante esta nova perspectiva que se abre na Igrexa, gustaríame o máximo, pero confórmome co mínimo. A miña esperanza de máximos: que se deixe medrar sen podar a planta do Vaticano II e con ela unha Igrexa colexial, corresponsable, dialogante, aberta, plural e samaritana.

Pero tamén me conformo cos mínimos da ilusión recobrada xa (*que nos quiten lo bailado*) e con que desapareza o medo do universo eclesiástico español. Ao tapón do medo en España, cardeal Rouco Varela, quédalle unha semana. Ademais, empeza a contaxiarse a ilusión (con evidentes resistencias) e ábrese un Sínodo sobre a familia, que sabe a colexialidade recobrada e que convida á esperanza.

#### 4.- As claves da primavera de Francisco

A primavera de Francisco consiste, esencialmente, en desconxelar o Concilio, aplicalo en todas as súas potencialidades, facelo carne e vida do pobo de Deus. O Concilio e, sobre todo, o



Evanxeo. Cun modo de proceder tipicamente xesuítico: dáse un paso, rézase sobre o que se realiza, discútese cos demais e avánzase. Faise camiño ao andar. Un proceso no que sabe de onde sae, pero toma conciencia de onde ten que ir só durante o camiño. Coas seguintes claves:

#### 4.1. *Cambio de paradigma do papado*

Bergoglio non quere ser un superhome, nin sequera un Santo Padre. Chámase a si mesmo bispo de Roma e, en menos de dous anos, conseguiu cambiar o modo de exercer o papado. Primeiro, no espazo. Abandonando o Palacio apostólico e vivindo na residencia Santa Marta desacraliza o espazo papal. É coma se o Rei deixase a Zarzuela para ir vivir a Vallecas.

Despois, no tempo, que dedica masivamente non aos *vips*, senón aos pobres, aos humildes, aos enfermos, ao seu pobo, á xente que o aclama cada mércores e cada domingo, e convértese, así, no seu escudo protector.

E, por último, no exercicio do seu rol: O Papa goberna, pero asesorado por un Consello de cardeais. En colexialidade, en sinodalidade, en corresponsabilidade. E, ademais, co seu estilo teórico e práctico de exercelo, Francisco normaliza o papado e báixao do pedestal da papolatría. Porque o que o exerce e o encarna é un Papa normal que, como el mesmo di, “ri, chora, ten amigos” e “ata comete pecados”.

#### 4.2. *Cambio de estilo e de linguaxe*

Para normalizar o papado, Francisco cambia de estilo. Deixa de ser o Papa-rei, para pasar a ser o bispo de Roma e o párroco do mundo. Un papa imprevisible, porque non desenvolve o seu papel como o executor dun plan preconcebido, senón que reacciona aos reclamos da xente e aos impulsos do corazón.

E, por iso, para sintonizar utiliza unha linguaxe directa, sinxela, que non necesita intermediarios e que remove por dentro os sentimentos da xente. É a linguaxe do corazón. Non se trata só do que

di e como o di, senón desde onde o di. Desde a humildade dun pai, que non esconde as súas fragilidades, que convida ao amor e ao perdón, virtudes que el mesmo trata de vivir. E desde a tenrura dunha nai. Un Papa testemuña, que di o que vive, que predica e dá trigo. O seu rostro, o seu aspecto, os seus xestos convértense en proposta pastoral.

Porque a forza dun discurso non radica tanto no que un di canto no que o outro entende. Saber xestionar esa interacción converte a un líder nun mediador de masas. Por iso, a súa comunicación é simbólica (xunta identidades e mobiliza cara a metas transcendentales) e tanxible (provoca cambios na vida cotiá).

Unha comunicación que non só fala dos problemas da xente, senón que está coa xente que ten problemas. Imita a comunicación de Xesús que “predicaba o Reino de Deus con signos e palabras”. Iso si, palabras e frases curtas. E sen segmentar. É dicir, fala ás partes, falándolles sempre a moitos.

#### 4.3. *Da doutrina ao Evanxeo da alegría*

Francisco imprímelle á Igrexa un cambio de óptica. Quere que deixe de obsesionarse coa doutrina, especialmente coa moral sexual, e que se centre no Evanxeo. Primeiro Evanxeo e, despois, doutrina. Pero non un Evanxeo calquera (descafeinado ou rigorista), senón o Evanxeo de Xesús de Nazaret, que é boa noticia. É dicir, o Evanxeo da alegría e a alegría do Evanxeo, como titulou a súa primeira gran exhortación apostólica, unha *summa* da evangelización. Porque, como adoita dicir Bergoglio, un cristián non pode ser “un pepinillo en vinagre”.

#### 4.4. *Reforma e/ou revolución*

A Igrexa foxe da palabra revolución. Séntese máis cómoda coa de reforma, sempre que sexa en continuidade. *Ecclesia semper reformanda*, di un slogan protestante. *Ecclesia semper purificanda*, afirma o Vaticano II na constitución *Lumen Gentium* (LG 8). E é que, na Igrexa católica, reforma e purificación teñen que ir sempre

da man. Pola contra, a primeira é só unha reorganización burocrática e a segunda, unha espiritualización dos problemas.

A reforma de Francisco comezou por arriba (polo propio papado) e ten que plasmarse abaixo. Comezou pola Curia, que ten que deixar de ser un aparello de poder e converterse nun órgano de servizo, e pola economía, coa creación do superministerio económico, que vai limpar o banco vaticano e instaurar a máxima transparencia nas contas da Igrexa. Despois terá que seguir a reforma doutrinal, polo menos no sentido de admitir, no seu maxisterio, unha certa idea de evolución da persoa humana. E, por suposto, rematar co clericalismo.

Mais a reforma só triunfará se cala nas bases. Se provoca un cambio nas mentalidades e nos costumes dos católicos. Por iso, Francisco, como Xoán XXIII, reinterpreta a tradición, colocando a vida cristiá como compás da reforma e obviando, por tanto, calquera tentación de ideoloxización.

#### 4.5. *Misericordia e tenrura*

“Deus non cansa de perdoar. Somos nós quen cansamos de pedir a súa misericordia”. É unha das frases recorrentes de Francisco, que coloca a miúdo no frontispicio do seu pontificado. A Igrexa deixa de ser fortaleza asediada, para converterse en hospital de campaña das numerosas feridas do mundo. Francisco quere converter a misericordia e o perdón en instrumentos da política e da diplomacia. Pasar da lóxica da lapidación á do perdón.

Un perdón que, ao seu xuízo non depende do que o outro faga. É un don asimétrico, desinteresado, absoluto, que non esixe contrapartidas e vai moito máis alá da lóxica do *do ut deas*.

Misericordia e perdón que se plasman a nivel persoal na tenrura. Tenrura que, como bo psicólogo, predica aos demais e, ao mesmo tempo, practica. Porque Bergoglio elimina as distancias, toca os sentimentos. Non ten medo de bicar, abrazar e acariñar. Non ten medo do seu corpo. Ao contrario, utilízao como instrumento para demostrar amor e tenrura.

#### 4.6. *Xustiza e dignidade para as periferias*

“Nun corazón posuído pola riqueza non hai espazo para a fe”, adoita dicir o Papa. E, por iso, é capaz de denunciar o actual sistema económico, como “unha economía da exclusión e da inequidade”. Ou o que, noutras ocasións, chama “a cultura do descarte”, que deixa nas cunetas da vida aos nenos, aos anciáns e aos parados.

“Traballo, traballo, traballo!”, berraba en Sardeña o 22 de setembro de 2013, rodeado de traballadores parados ou precarizados. Porque a caridade non pode separarse nunca da xustiza. E, para o Papa, sen traballo non hai dignidade. Só desde a cultura do encontro se pode edificar un mundo máis xusto.

Para construílo, o Papa quere que a Igrexa saia dos seus grupos estufa e vaia á rúa. Saír ás periferias xeográficas e existenciais para ir ao encontro das persoas que alí habitan. Saír das sancristías e dos templos, porque iso faralle ben aos sacerdotes e aos fieis, non só espiritualmente, senón tamén psicolxicamente. Trátase de saír do enrarecido ambiente eclesástico, para cambiar de aires e deixar que un sopro de vento fresco entre de novo na Igrexa. Como nos tempos do *aggiornamento* de Xoán XXIII.

#### 4.7. *Un tsunami de ilusión e de esperanza*

En menos dun ano, Francisco conseguiu revitalizar a unha Igrexa triste e apagada, que se sentía acosada por inimigos de fóra e intrigas de dentro. Os católicos xa levantan a cabeza e séntense orgullosos de proclamarse como tales. Xa non se esconden. Deixaron de ser católicos vergonzosos. Unha onda de ilusión percorre, de novo, o orbe católico. E chama a atención dos indiferentes, que se foron sen dar portadas, porque non atopaban na Igrexa resposta ás súas preguntas de sentido, dos ateos e dos crentes doutras relixións.

Francisco é o Papa da esperanza. A Igrexa é a única institución global que conseguiu rexenerarse en menos dun ano. E a xente mira a Bergoglio e pregúntase: Por que non podería pasar o mesmo no sistema financeiro ou no sistema político mundial?

## 5.- Programa: Repara a miña Igrexa en ruínas

Baseado nesas claves, Francisco lanza o seu programa. A exhortación apostólica *Evangelii gaudium* é o seu documento programático, no que marca a folla de ruta que o Papa da fin do mundo quere para a nova primavera da Igrexa. Francisco chegou ao solio pontificio co nome e o lema do santo do “Repara a miña Igrexa”. E, de inmediato, púxose ao choio. Cunha pedagogía moi xesuítica e moi evanxélica: Facede o que eu fago. Primeiro deu exemplo coa súa vida e o seu testemuño e, despois, puxo por escrito o soño dunha Igrexa reparada e reconstruída.

No frontispicio desa nova Igrexa reconstruída loce unha palabra: “Casa do Pai”. E por se quedaba algunha dúbida, o Papa engade: “A Igrexa non é unha aduana”, que controla a vida das persoas, fiscaliza as súas ideas, crenzas e pertenzas e dá carnés de perfección evanxélica. A Igrexa, segundo Francisco, non é para os perfectos, senón para os pecadores.

O cambio de orientación e de tendencia é brutal. E vai dar moito que falar. Porque o Papa aposta por unha Igrexa á intemperie, que se arrisca, que sae, que se mete no barro da vida da xente, que achega esperanza aos empobrecidos e tirados nas cunetas do mundo, que vive no seu seo a alegría do seguimento de Xesús.

Francisco propón unha Igrexa-casa do Pai, coas portas sempre abertas, con luz e transparencia, sen nada que ocultar, con flores nas xanelas e calor de fogar, aínda que, iso si, formada por pecadores. Como en *La casa de mi amigo*, a soada canción de Ricardo Cantalapedra.

E para conseguir esa Igrexa doméstica propón abrir unha serie de portas, para que entre o aire fresco e ventile a casa eclesial. Estas son, entre outras, as 10 portas da Igrexa de Bergoglio.

## 6.- Os 10 cambios que propón o Papa

### 6.1. A reforma das estruturas eclesiásticas

O Papa quere unha Igrexa moito máis descentralizada e iso pasa por unha maior colexialidade e sinodalidade. É dicir, en lin-

guaxe civil, por unha maior democratización. Unha democracia que entrará na Igrexa a través do maior protagonismo das Conferencias Episcopais, desactivadas na longa etapa involutiva anterior, e pola recuperación da sinodalidade a todos os niveis da estrutura.

Entre as reforma estruturais, o Papa atrevese a falar mesmo da reforma do propio papado, do que di algo impensable ata agora: que do “papado non pode esperarse a palabra definitiva e completa de todas as cuestións que teñen que ver coa Igrexa”. Un papado democratizado. Un Papa *primus inter pares* e non un Papa-rei. É a fin da época imperialista do papado romano.

### 6.2. *Activar a corresponsabilidade dos laicos na Igrexa,*

para que realmente a sintan e a consideren súa. Desclericalizala de arriba a abaixo. Que pase de ser unha estrutura piramidal a outra circular: Igrexa pobo de Deus e casa de todos. Porque Igrexa somos todos. Un bo exemplo diso foi a preparación do Sínodo sobre a familia (co cuestionario enviado a todas as igrexas) e esperamos que o sexa tamén o seu desenvolvemento e os seus froitos.

### 6.3. *Dar na Igrexa un maior protagonismo á muller,*

aínda que o Papa volve pechar á discusión ao tema do sacerdocio feminino. Posiblemente, porque non o vexa maduro para o *sensus fidelium* e, por tanto, podería provocar desunión e ata cismas ou rupturas entre os irmáns da casa eclesial.

### 6.4. *Volver poñer á Igrexa en estado de misión,*

de saír ás periferias, de ser realmente misioneira. A Igrexa das ovellas perdidas. A Igrexa voz dos sen voz. A Igrexa que deixa de ser autorreferencial e de mirarse ao embigo. Éxodo. En camiño. Saír ás periferias afastadas e próximas: cara aos que non forman parte do propio círculo afectivo e ideolóxico. Encerrarnos convértenos en sectarios, en grupos estufa, nunha minoría resentida e que se sente sempre perseguida e acosada.

### 6.5. *Esperanza dos empobrecidos*

Unha Igrexa que sae das súas parroquias, movementos e grupos estufa para levar esperanza aos empobrecidos. Unha Igrexa entendida como instrumento de Deus para a liberación e a promoción dos pobres. Igrexa dos pobres e para os pobres que, por algo, son os preferidos de Deus.

### 6.6. *Unha Igrexa libre fronte aos poderes do mundo e con capacidade de denuncia profética*

E desde a súa liberdade, unha Igrexa que diga un triplo non: á economía da exclusión, á nova idolatría do diñeiro e ás disparidades que procrea a violencia sistémica do capitalismo sen alma.

### 6.7. *Unha Igrexa atenta de novo aos signos dos tempos,*

dos que falaba o Concilio, especialmente á sociedade da información. Unha Igrexa que, sen perder a súa esencia doutrinal, saiba comunicarse coa xente na linguaxe actual. Ofrecendo viño vello en odres novos. Ata nas homilías dos curas.

### 6.8. *Sacramentos*

Unha Igrexa coas portas sempre abertas para todos e en calquera momento. Por iso, o Papa esixe que os sacramentos (bautismo, penitencia, confirmación, eucaristía, matrimonio e unción) sexan para todos, non só para os perfectos. Porque é o enfermo o que necesita ao médico. Os sacramentos non son o premio para os perfectos, senón remedio e alimento para os débiles.

### 6.9. *Alegría*

Unha casa eclesial onde reine a alegría. É a palabra que máis repite o Papa na súa folla de ruta. Consciente de que, como dicía Santa Teresa, “Un santo triste é un triste santo”. E, para iso, é necesario cambiar de dinámica eclesial. Pasar da doutrina ao Evanxeo. A doutrina existe e non se nega. Claro que hai principios, pero antes hai que anunciar o evanxeo, que é amor, misericordia,

tenrura , abrazos e, ás veces, bágoa de sufrimento, as lentes que nos axudan a ver mellor a Deus.

#### 6.10. *Volver á xerarquía da verdade,*

criterio proposto polo Concilio e, despois, esquecido e marxinado. Os preceptos morais propóñense fóra do contexto ao que o léxico dá significado. E, entón, a mensaxe que anuncia a Igrexa identifícase só con eles e non co corazón da mensaxe de Cristo.

Ten que haber proporción. Se un párroco fala 10 veces no ano de moral sexual e só 3 do amor fraterno ou da xustiza... Concentrarse no núcleo ou no corazón da mensaxe. E, nesta dinámica, algunhas verdades expresan ese núcleo máis directamente. Outras fano máis indirectamente.

Esa nova dinámica ten que procrear procesos e consecuencias pastorais: proporción e novo equilibrio, que ten que ver cos acentos que se poñen na predicación, na catequese. Proporción é ter en conta o conxunto. Subliñar unha verdade secundaria illada xa non é evanxeo, senón acentos doutriniais de opcións ideolóxicas.

Verdades en relación unhas con outras e co seu centro: o amor. É dicir, o Papa pide que non falemos sempre e soamente dos chamados principios innegociables morais. Para non cansar nin obter o efecto de rexeitamento e, sobre todo, para non desfigurar a harmonía da fe. Esquecer a época da seguridade doutrinal, da honra da Igrexa e da súa autopreservación e autorreferencialidade.

Pasar da pastoral doutrinal-rigorista ao que un cura, amigo meu, chama a “pastoral do perexil”. Unha evanxelización artesanal, nas rúas e nos mercados, nos bares e nas tendas. Corpo a corpo. Unha pastoral baseada na Teoloxía do pobo e na rehabilitación da piedade popular, que é a forma de vivir a fe da maioría dos católicos. A espiritualidade do evanxeo inculturada, que ten fecundado a cultura popular. Pastoral popular. Con iniciativas desde o pobo de Deus e cos seus propios líderes. Loxicamente laicos.



Unha pastoral de suma, onde a unidade prevaleza sobre os conflitos (comuñón das diferenzas). Comuñón sen uniformismo. Comuñón na pluralidade. Unha Igrexa mosaico, integrada por todas as cores, tanto as dos conservadores coma as dos progresistas. Vivindo en paz e tolerancia. Asumindo o pluralismo. Sen pelexas internas estériles, que tanto desgastan ás hostes eclesiais.

hegou, segundo Francisco, o momento da síntese, de sumar sen restar, de unir forzas. Unha Igrexa coas súas dúas almas que latexan xuntas e ao unísono a favor dos pobres. Mentres os rigoristas seguen obsesionados por isto ou aquilo, o Papa xesuíta, fiel ás súas raíces, aposta por isto e por aquilo. Consequilo será a súa misión primordial.

## 7.- Tarefas urxentes e xa en marcha

Francisco está a levar xa a cabo unas cantas tarefas máis urxentes. Desde a reforma da Curia, á reforma do IOR, para convertelo nun banco transparente e ético, pasando pola incoada reforma da moral sexual, para facela pasar da moral do semáforo á do compás. A iso apunta o Sínodo e, de aí, a crecente oposición ás teses do cardeal Kasper (auspiciadas polo propio Papa), por parte da vella garda cardinalicia, na que figuran cardeais como Rouco Varela (contrario a Kasper no prólogo a un libro de Pérez Soba), Muller, Burke, Caffarra, Brandmuller, De Paolis, Scola e Pell.

É a dinámica e a estratexia que sempre seguiu a dereita eclesial ou o sector máis conservador. Cando o Papa non vai no seu carro á misa, entón deixan de ser papistas. Xamais a chamada esquerda eclesial ou o sector moderado fixeron algo así nos pontificados de Xoán Paulo II e de Bieito XVI. E mira que tiveron motivos. E dos gordos. Pero aguantaron en silencio, sen facer públicas xamais as súas discrepancias. Quizais, por iso, os cismas sempre veñen pola dereita eclesial.

O segundo paso da estratexia dos *neocon* consiste en opoñerse ferreamente ao cambio máis mínimo, co cal taponan a saída non só para o mínimo, senón tamén para o máximo. Se se rebelaron pola simple cuestión (coa súa importancia, pero que non deixa de

ser secundaria comparada con outras) da posibilidade de que os divorciados voltos a casar poidan comungar nalgúns casos, que non estarán dispostos a facer noutras cuestións máis importantes? Coa revisión do celibato dos curas, resgarían as vestiduras e co acceso da muller ao sacerdocio, tentarían queimar ao propio Bergoglio.

Ao Papa da tenrura e da misericordia rebélanselle os falcóns. Pero o pobo de Deus (*vox populi, vox Dei*) segue con el a matar. Ese é o mellor aval de Francisco. Bergoglio é anticlerical, que non antieclesial. Este é o *quid* do seu maxisterio, do que deriva directa e necesariamente o relanzamento do laicado na Igrexa. Por iso, o seu pontificado resulta indixesto a moitos clérigos e asimilados, que profesan unha relixión sen fe. A crítica do clericalismo satisfai aos afastados, pero, ao mesmo tempo, irrita aos fieis máis convencidos, afeitos a sentirse protexidos nunha santa cidadela asediada polo mundo.

## 8.- O máis difícil: cambiar a súa propia Igrexa

O maior desafío pendente para o Papa e a súa primavera é que a neve baixe das montañas ao val. Porque, en moitas dioceses danse, a unha escala máis ou menos reducida, as deficiencias atribuídas á Curia romana e as resistencias que están a facer públicas algúns cardeais. Para chegar ao val das igrexas locais, Francisco necesita bispos, presbíteros, relixiosos e laicos animados do seu mesmo espírito primaveral.

Deixaranlle cambiar a Igrexa? O Papa arxentino está só, moi só. De terse limitado ao programa que moitos cardeais electores esperaban que cumprise, non tería problemas: reorganizar o IOR, adelgazar a Curia e consultar máis aos bispos. Tres cuestións técnicas, relativamente fáciles para un home con dotes de goberno. Pero Francisco está a ir moito máis alá. Quere remodelar os fundamentos da Curia, reorganizar o Sínodo dos bispos, poñer en marcha unha nova aproximación ás temáticas da moral sexual, impulsar ao clero para deixar o funcionariado, cambiar o estilo do poder episcopal...

Quen apoia a Francisco? Con quen pode contar? Non existe un partido ou un movemento activo *pro* Francisco. E non se reforma un aparello como o eclesiástico (con miles de bispos e centos de miles de sacerdotes e relixiosos, toda unha rede de centros de poder grandes e pequenos) sen un bo exército. Na Curia non existe aínda un forte equipo bergogliano. Non hai, polo menos aínda, un escuadrón mundial compacto de cardeais, bispos e sacerdotes dispostos a loitar polas reformas de Francisco, como os houbo na reforma Gregoriana, na do Concilio de Trento ou na do Vaticano II. Os episcopados nacionais calan. Hai moitos prelados-príncipes, descolocados vital e eclesialmente. Francisco deixa en evidencia o seu estilo de vida e, ademais, bota por terra o seu modelo eclesial ríxido e doutrinario. Quedaron sen guión, sen actores, sen teatro. Non teñen música nin letra. E non saben tocar de oídas. Nin saben abrir as súas mentes á pluralidade, porque sempre creron e impuxeron o seu modelo eclesial como o único posible.

Moitos conservadores están á espera dun paso en falso do Papa. Son os irmáns maiores da parábola do Fillo pródigo, os que o acusan de populismo, de demagogía, de acabar coa liturxia e a fe, e de ser comunista. O aparello eclesial é de goma e renitente ao cambio. Francisco está só e conta unicamente co apoio da xente. O corazón do pobo latexa con el.

E tamén hai resistencia fóra: as altas finanzas, Wall Street, os poderes fácticos dun mundo que globalizou a indiferenza... Francisco incomoda profundamente aos poderosos, porque os delata, íspeos e déixaos en evidencia. Tamén aquí demostra á xente coa súa propia vida que se pode ser un home poderoso facendo un uso ético do poder.

Moitos e grandes poderes en contra. Terá tempo suficiente o Papa para que xermine a súa primavera? É maior e, en calquera momento, pode romper ante o enorme peso que leva sobre os seus ombreiros. Non queda moito tempo e el sábeo. Por iso, está a acelerar o proceso. E, en calquera caso, a tendencia está iniciada e, ao meu xuízo, é imparable. Ninguén pode deter a primavera na primavera.

## 9.- A Igrexa española ante a primavera de Francisco

Algunhas posturas que defenderon teólogos progresistas nas décadas pasadas (e pagaron por elo, verdade Andrés Torres Queiruga?), comezan a oírse en Roma para toda a Igrexa. O xiro conservador en España converteu a Igrexa nun actor político, rompendo o principio de neutralidade de Tarancón, e fixo que perdesse a autonomía política, a capacidade de influencia e de sedución.

Con Francisco, os fieis volven ilusionarse: rematou o cristianismo vergonzoso. Podemos presumir de Papa. Tanto é así que os de fóra mírannos con simpatía. Ata o diario El País quedou sen inimigo e cústalle moito máis disparar a Roma.

O panorama é distinto no universo clerical. Por unha banda, están os resistentes sen concesións. Os que esperan e desexan vivamente que o de Francisco sexa un balón: unha tempestade que pase axiña. E volver ao modelo antigo: lei, orde e doutrina.

Doutra banda están os curas máis ou menos novos formados para seren funcionarios e que conforman xa a maioría do clero diocesano. Foron formados e acuñados para autoinjectar unha forma de ser cura funcional e de poder. Loxicamente, este Papa rómpelles os esquemas. Teñen que cambiar o *chip* e iso cústalles. E tampouco reciben demasiado alento dos seus bispos.

Son os curas que deberían mirar e volverse cara aos seus compañeiros maiores, os ilusionados, os que volven revivir a ilusión posconciliar. Se os maiores son capaces de contaxiar aos mozos e estes encadran aos seus fieis (maioritariamente xa ilusionados), sería fácil para a Igrexa española subirse á onda da ilusión, do cambio, da reforma de Francisco.

E co vento a favor de Roma, poñer en marcha unas cantas tarefas urxentes:

- Recuperar a credibilidade social e deixar de ser a institución menos valorada... só por enriba dos políticos.
- Cambiar de imaxe pública: de madrasta a nai, de alfándega

a hospital... E, para iso, hai que coidar e centrar a presenza nos medios. Especialmente na COPE e en 13TV.

- Remar todos xuntos: superar o catolicismo ideoloxizado dos talibáns. Rematou o comigo ou contra min... Sumar.
- Apostar por unha Igrexa plural e pluralista. Parroquias acolledoras e samaritanas. Por que non un comedor social en cada arciprestado, nestes momentos en que moita xente pasa fame, fame física de pan e, por tanto, vive na indignidade?
- Promover, desde as bases, outro tipo de bispo: pastor, sinxelo, humilde, encarnado, nada principesco.
- Rehabilitar ás parteiras da primavera, que, ao longo destes anos deixaron farrapos da alma no suco da resistencia activa e fiel ao espírito do Vaticano II.

En definitiva, a primavera de Francisco necesita axuda. Necesítanos. Facémoslle falta todos. Subirnos ao seu carro, sumarnos á súa bóla de neve ilusionante. O pobo xa se apuntou. Falta parte do clero e, sobre todo, do alto clero. Non deixemos que uns poucos nos rouben a primavera... nin o sol. Porque, ao mundo “naceulle un sol”.

**José Manuel Vidal**  
*Director de Religión Digital*  
Traduciu: Chema Felpeto



## Retos e tarefas para a Igrexa en Galicia. (Relatorio en paralelo)

---

Xulio Andión Marán

Quero aclarar, primeiro de todo, que, cando utilizo a palabra reto, entendo fundamentalmente que se trata dunha situación de compromiso aberto. Para realizar como situación nova ou para a manter, avanzar e perfeccionar.

O Concilio Pastoral de Galicia foi unha importante experiencia de Igrexa: encontros numerosos, traballo en centos de grupos, diálogo, debate, vivencias compartidas... Experiencia de comunión da Igrexa en Galicia. Este dinamismo eclesial é o primeiro froito.

Tamén frutificou en proposicións conciliares, moitas de verdadeiro interese aínda hoxe. Dende logo, é moi dispar a actualidade dunhas e doutras. Por iso, debemos seleccionar e subliñar. Fixarei-me nas que considero que se manteñen coma retos abertos e vivos, co compromiso entrañado de que a Igrexa en Galicia os asuma coma tarefa.

Tratarei de facer unha lectura dende a suxestión e no horizonte do documento programático do Papa Francisco, *Evangelii gaudium*.

Conservamos os documentos das cinco sesións conciliares: Catequese, Laicado, Liturxia, Sacerdotes e Relixiosos, Caridade e Promoción social.

### 1.- O reto de novas perspectivas para unha catequese viva

#### O Concilio Pastoral de Galicia

#### *Evangelii gaudium*

---

O CPG abordou en primeiro lugar a Catequese. É o tema ao que lle dedicou máis espazo. Nótase unha ilusión decidida e

Sitúa os seus aportes a este reto na clave fundamental da evangelización. Paréceme oportuno subliñar as seguintes concrecións, que abren

un traballo verdadeiramente esperanzado, mesmo desbordando algunha dificultade de “xurídica conciliar”.

Insiste nunha atención permanente á realidade ambiental concreta (1.2). Coa chamada firme a partir desa realidade (1.3). En particular, atender doadamente aos diminuídos e inadaptados, buscando superar toda marxina-ción e procurando efectivamente unha verdadeira incorporación ás comunidades (1.7)

Na mesma liña de concreción, propónse a utilización real da linguaxe dos destinatarios (idioma, formas de expresión, audiovisuais...(1.6). Incorporar ben a psicoloxía e unha apropiada pedagogía activa (1.5)

O dinamismo propio da catequese leva a procurar un proceso progresivo e permanente: nenos, adolescentes, mozos, adultos (1.8). Dando prioridade á catequese de adultos, mesmo como ámbito para a realización dos demais niveis (1.8)

Exprésase a necesidade de destacar a Catequese da Comunidade (1.11) comezando por potenciar a pastoral familiar (1.15.16)

Mantense vivo o reto da catequese parroquial que ha ser constantemente revitalizada conforme

novos horizontes ao aporte do CPG. En concreto, para este primeiro reto destaco:

“Saír da propia comodidade e atrever-se a chegar a todas as periferias que necesitan a luz do Evanxeo” (EG 20). Saír de si, camiñar e sementar sempre de novo, sempre máis alá (EG 21).

Irradiar a alegría de Cristo que recibimos (EG10)

Romper os esquemas aburridos, nos que pretendemos recluír a Xesús, coa constante creatividade do Señor (EG 11)

Volver á fonte e recuperar a frescura orixinal do Evanxeo (“novos camiños, métodos creativos, outras formas de expresión, signos máis elocuentes, palabras cargadas de renovado significado para o mundo actual”) (EG 11)

Anunciar o Evanxeo a todos, en todos os lugares, en todas as ocasións, sen demoras, sen noxo, sen medo: a alegría do evanxeo non pode excluír a ninguén (EG 23)

Superar a redución da mensaxe a aspectos secundarios: apuntando sempre ao corazón da mensaxe de Xesucristo (EG 34)

Concentrar o anuncio no esencial (EG 35): amor salvífico de Deus manifestado en Xesucristo morto e resucitado (EG 36). Centrarse en “responder a Deus amante que nos salva, recoñecéndoo nos demais e saíndo de nós mesmos para buscar o ben de todos” (EG 39)

ás novas situacións (1.21). Urxe coidar un período intenso de catequese previa á celebración dos sacramentos (bautismo, confirmación, eucaristía, penitencia, matrimonio, unción de enfermos (1.22; 1.23; 3.29-3.36)

Concretando mais: É prioritaria a formación de catequistas (1.35; 1.36; 1.37), avanzando na creación dun Centro rexional para orientación e formación de educadores na fe (1.38); coidando estes aspectos nos seminarios e na formación permanente do clero (1.39)

Urxe activar unha atención práctica aos adolescentes, dándolle máis vida a grupos de e para adolescentes (1.32). Atención á educación da fe dos mozos/as, buscando respostas axeitadas ás necesidades que viven nas súas situacións concretas, en actitude de revisión constante (2.1; 2.2); axudalos a lograr: consciencia crítica, descuberta de valores, sentido da súa vida, maduración persoal na opción por Xesucristo, actuación responsable e esperanzadora (2.3); o que require a verdadeira capacitación dos educadores que os mozos necesitan (2.4; 2.14; 2.16; 2.18); favorecer a educación dende e para a experiencia superando a tentación de reduccionismo ao conceptual (2.7; 2.8); contar coas potencia-

Anunciar o Evanxeo na súa frescura (que se note o olor a Evanxeo) superando a tentación de quedarse nalgúns acentos doutriniais procedentes de determinadas opción ideolóxicas (EG 39)

Fomentar a “intensa e feliz experiencia do Espírito, un reconfortante encontro coa Palabra, unha fonte constante de renovación e de crecemento” (EG 135)

Superar o repregue nas propias seguridades e non optar nunca pola rixidez auto-defensiva; sen medo a “mancharse co barro do camiño” (EG 45)

En clave de idioma materno: “Esta lingua é un ton que transmite ánimo, alento, forza, impulso” (EG 139). Proximidade cordial, calidez do ton de voz, mansedume de estilo das frases, alegría dos xestos (EG 140)

Encarnarse en cada pobo coa súa cultura propia (EG 115). Fomentar efectivamente unha fecunda inculcación (EG 116). Construír unha unidade que nunca é uniformidade senón multiforme harmonía que atrae (EG 117)

Comunicación entre corazóns (EG 142)

Testemuñar explicitamente o amor salvífico do Señor; medrar sen quedarse na mediocridade (EG 121)

**Aportación máis explícita ao reto dunha catequese viva:**

Unha catequese kerigmática e mistagóxica



lidades da universidade (2.21-2.36). E urxe particularmente a catequese de adultos: “sobre calquera outra acción da pastoral da fe” (3.4); no ámbito dunha axeitada pastoral de evangelización (3.1); renovar unha fe máis personalizada e comprometida (3.2); con actitudes de encarnación, estima positiva dos valores do pobo galego, expresando signos auténticos de amor, xustiza e unidade (3.3). Os bispos de Galicia “comprométense á creación dun centro rexional de estudos teolóxicos e catequéticos” (3.9), instan a prepararse ben (seminarios, escolas de formación, relixiosos, medios de comunicación social: 3.7; 3.8; 3.10), e recomendan: grupos pequenos (3.11), creación de catecumenados (3.13)

O CPG reconece explicitamente a necesidade de valorar os elementos peculiares da cultura galega, especialmente da lingua (3.15); así como a relixiosidade galega, e a problemática socio-política; contribuíndo á liberación cristiá (3.16). Insta a prestar particular atención aos sectores máis desfavorecidos: necesitados, obreiros, campesiños, mariñeiros, emigrantes e inmigrantes (3.17 - 3.25); e hoxe esta lista vai en aumento. É unha chamada, mesmo dramática, que implica o esforzo sostido

O primeiro anuncio (kerigma) é rol fundamental da catequese. Que “debe ocupar o centro da actividade evangelizadora e de todo intento de renovación eclesial” (EG 164). Debe proclamarse: “Xesucristo ámate, deu a súa vida para salvarte, e agora está vivo ao teu carón cada día, para iluminarte, para fortalecerte, para liberarte” (EG 164). Esta mensaxe debe estar presente en todos os momentos do proceso catequético (é primeiro no senso cualitativo de principal) (EG 164)

Características: “que exprese o amor salvífico de Deus previo á obriga moral e relixiosa, que non impoña a verdade e que apele á liberdade, que posúa notas de alegría, estímulo, vitalidade, e unha integralidade harmoniosa que non reduza a predicación a unhas poucas doutrinas ás veces máis filosóficas ca evanxélicas” (EG 165)

A catequese ha caracterizarse tamén por unha iniciación mistagóxica: necesaria progresividade da experiencia formativa na que intervén toda a comunidade e unha renovada valoración dos signos litúrxicos da iniciación cristiá (EG 166)

Atender especialmente ao camiño da beleza, capaz de colmar a vida dun novo resplandor e dun gozo profundo (EG 167). Con creatividade e inserción na transmisión da fe (EG 167) “Alegres mensaxeiros de propostas superadoras, custodios do ben e da beleza que resplandecen nunha vida fiel ao Evanxo” (EG 168)

de todos, impulsando unha renovación creativa dende a realidade vivida (3.26 . 3.28)

Preparar ben as homilías, abríndose á participación de grupos (3.43)

Alumar cristiamente a problemática da morte (3.38)

Convencerse realmente de que o amor ten a derradeira palabra (EG 151)

Asumir o reto fundamental do acompañamento persoal (EG 169) Exercitarnos “na arte de escoitar, que é máis ca oír” (171)

## 2.- O reto do laicado: novos horizontes

### O Concilio Pastoral de Galicia

No ámbito deste reto o CPG propón, entre outros, os seguintes compromisos, suxestións e invitacións:

Asumir a propia e específica espiritualidade do laico centrada no compromiso coas realidades temporais (5.2)

Comprometerse na construción dunha sociedade moito máis xusta e na liberación integral de cada galego/a, de acordo cos principios do Evanxeo (5.2)

Vivir a dimensión comunitaria da fe na concreción de grupos naturais, e moi particularmente nas parroquias (assembleas de pequenas comunidades) (5.4; 5.6)

Asumir as funcións propias e específicas dos laicos: educación na fe, participación activa na liturxia, planeamento pastoral, administración dos bens materiais, denuncia profética (5.8)

Crear consellos representativos: parroquia, zona, diocese (5.9)

Descubrir, alumar e promover a dimensión apostólica de todos os cristiáns,

### *Evangelii gaudium*

Facer nosa esta afirmación do Papa: “prefiro unha Igrexa accidentada, ferida e manchada por saír á rúa, antes ca unha Igrexa enferma polo encerro e a comodidade de aferrarse ás propias seguridades. Non quero unha Igrexa preocupada por ser centro e que remate clausurada nunha maraña de obsesións e procedementos. Se algo debe inquietarnos santamente e preocupar a nosa conciencia, é que tantos irmáns nosos vivan sen a forza, a luz e o consolo da amizade con Xesucristo, sen unha comunidade de fe que os conteña, sen un horizonte de sentido e de vida. (EG 49)

Superar o temor a realizar algunha tarefa apostólica (EG 81)

Afrontar a resistencia a probar a fondo o gusto da misión

fuxindo dunha disgregación excesiva (5.10; 5.11). Partir e ter en conta sempre a concreta realidade que vivimos (5.15)

Organizar en cada diocese a Delegación Episcopal de Apostolado Segrar (5.20)

Definir ben e potenciar axeitadamente o apostolado dos diversos ambientes: obreiro (5.21-5.25), rural (5.26-5.31), mariñeiro (5.32-5.36), independente (5.37-5.39), adolescente (5.40-5.43), universitario (5.44-5.49)

Afrontar as urxencias da vida familiar (6.8-6.14). Atender con realismo as diversas circunstancias que inciden con forza no ámbito familiar, sen escaparlle á complexidade de novas situacións (6.15-6.18). Potenciar os pasos cara a vivencia da familia como “igreja doméstica” (6.19)

Compromisos e tarefas de particular instancia para os laicos sitúanse no ámbito da vida cultural, especialmente tratar de “soerguer a vida cultural propia do pobo galego, fundamentalmente a súa lingua” (6.23). No ámbito da vida económico-social: situarse onde se decida a sorte dos irmáns, comprometerse nos conflitos sociais rexeitando a violencia, tratar de que a convivencia e a paz estean fundamentadas na xustiza e no dereito, prestar unha atención especial á realidade da emigración (6.28-6.33). No ámbito da vida política: en clave de independencia entre a Igrexa e o Estado, buscar con claridade un servizo á construción da sociedade: arelando un pluralismo san baseado no diálogo e a participación, encarnando as accións nos valores naturais, humanos e culturais da rexión (6.34-6.40)

e quedarse sumidos nunha acedía paralizante (EG 81)

Favorecer un dinamismo misionero que aporte sal e luz ao mundo (EG 81)

Aplicar o Evanxeo á transformación da sociedade (EG 102)

Promover a formación dos laicos (EG 102)

Atender con urxencia o indispensable aporte da muller á sociedade (EG 103). Ampliar os espazos para unha presenza feminina máis incisiva na Igrexa, garantindo esa presenza nos ámbitos de decisión (EG 103)

Asumir o reto fundamental do acompañamento persoal: “darlle ao noso camiñar o ritmo sandador de proximidade, con mirada respectuosa e chea de compaixón pero que ao mesmo tempo sandede, libere e alente a madurar na vida cristiá” (EG 169)

“Primeiras, involucrase, acompañar, frutificar e festexar” (EG 24). Tomar a iniciativa, buscar e invitar aos excluídos; asumir a vida humana con ‘olor a ovella’; acompañar dende o compartir; frutificar para servizo do Reino, buscando que a Palavra sexa acollida e manifeste a súa potencia liberadora e renovadora (EG 24)

### 3.- Celebracións en amor e esperanza

Compromisos e tarefas implicados neste reto:

#### O Concilio Pastoral de Galicia

#### *Evangelii gaudium*

Primeiro de todo, asumir as esixencias dunha catequese sacramental permanente en e pola comunidade, no posible en forma de catecumenado, con renovada mentalidade evanxelizadora (7.1-7.4)

Coidar especialmente a celebración culminante que son os sacramentos. Contar coa participación efectiva dos laicos exercendo as funcións que lles competen (7.5). Vivir unha celebración comprometedor (7.9)

Acomodar en profundidade as celebracións ás condicións concretas do pobo galego; con creatividade (7.10)

Procurar que na celebración primordial do domingo prevaleara o seu senso pascual, sacramental e festivo sobre o mero 'precepto' (9.5). Cando non se poida celebrar a Eucaristía dominical, deben prepararse as comunidades para asumir por si mesmas o ministerio de santificar o día do Señor (9.7)

Instituír ministerios laicais e implantar o diaconado permanente (7.8)

Favorecer que a celebración inclúa unha presenza eclesial no territorio, sexa ámbito da escoita da Palabra, do crecemento da vida cristiá, do anuncio, da caridade xenerosa, da adoración e da celebración festiva (EG 28)

O Papa Francisco destaca especialmente a importancia da homilía. Por iso me permito reproducir este parágrafo: "A homilía non pode ser un espectáculo entretido, non responde á lóxica dos recursos mediáticos, pero debe darlle o fervor e o sentido á celebración. É un xénero peculiar xa que se trata dunha predicación dentro do marco dunha celebración litúrxica; por conseguinte, debe ser breve e evitar parecerse a unha charla ou a unha clase. O predicador pode ser capaz de manter o interese da xente perante unha hora, pero así a súa palabra vólvese máis importante que a celebración da fe. Se a homilía se prolongara demasiado, afectaría a dúas características da celebración litúrxica: a harmonía entre as súas partes e o ritmo. Cando a predicación se realiza dentro do contexto da liturxia, incorpórase coma parte da ofrenda que se entrega ao Pai e coma mediación da graza que Cristo derrama na celebración. Este mesmo contexto esixe que a predicación oriente a asemblea, e tamén ao predicador, a unha comunión con Cristo na Eucaristía que transforme a

Vivir o senso da pascua na celebración litúrxica da morte (funerais...) (10.1-10.12)

Poñer empeño especial na utilización apropiada da lingua galega, na liturxia e nos demais ámbitos eclesiais: “É vontade do CPG que esta sesión sexa o principio dunha etapa nova para a liturxia en galego” (11.5)

Urxe a renovación de devocións, encontros, oración comunitaria, reflexión... na relixiosidade que se vive nos santuarios (12.8)

vida. Isto reclama que a palabra de predicador non ocupe un lugar excesivo, de maneira que o Señor brille máis ca o ministro” (EG 138)

Outra característica é a linguaxe positiva. Non dicir tanto o que hai que facer senón propoñer o que podemos facer mellor. Dar esperanza, orientar cara o futuro, non deixarnos pechados na negatividade. Qué bo que os sacerdotes, diáconos e laicos se reúnan periodicamente para atopar xuntos os recursos que fan máis atractiva a predicación! (EG 159)

Utilizar xenerosamente o idioma materno: “Esta lingua é un ton que transmite ánimo, alento, forza, impulso” (EG 139)

#### 4.- Sacerdotes e relixiosos: perfiles con futuro

##### O Concilio Pastoral de Galicia

Un reto vivo, que se substancia no aporte conciliar principalmente nestas propostas:

A mensaxe global deste tema sitúase na seguinte perspectiva: “Galicia necesita que os seus sacerdotes sexan signo de Xesucristo, Cabeza e Pastor. Para isto terán que vivir a realidade concreta do seu pobo, comprometerse co feito galego con tódalas súas consecuencias, estar posuídos pola fe, de tal sorte que sexa razón da súa vida e se espalle en toda a súa actividade, sementando esperanza, e concreta-lo seu amor pastoral en desprendemento e pobreza, e na dedicación especial aos humildes e marxinados” (13.2)

Mellorar o traballo pastoral, favorecendo o sentimento comunitario (13.4)

##### *Evangelii gaudium*

Referíndose principalmente aos sacerdotes, di o Papa: “Máis ca o temor a equivocarnos, espero que nos mova o temor a pecharnos nas estruturas que nos dan unha falsa contención, nas normas que nos tornan xuíces implacables, nas costumes onde nos sentimos tranquilos, mentres fóra hai unha multitude

Servir á comunidade con actitude permanente de escoita e diálogo; sen escaparlle á denuncia profética e superando as violencias inconvenientes (13.6)

Superar: minifundismo pastoral, espírito de capela, desilusión e desgana (13.15)

Favorecer a corresponsabilidade efectiva cos laicos vivindo actitudes cordiais de diálogo (13.16)

Seguir un proceso de crecente importancia das zonas con equipos sacerdotais (13.17)

Revisar a formación dos aspirantes ao sacerdocio e a formación permanente dos presbíteros (13.22; 13.25)

“Os cregos servidores dunha comunidade concreta, que forman parte dun presbiterio diocesano, deben estar comprometidos coas realidades humanas e relixiosas de Galicia, sen perderen o senso universal do seu ministerio. A misión e necesidade de toda a Igrexa deben estar presentes no espírito e acción de cada sacerdote e da familia diocesana” (13.26)

Revisar a fondo a vida relixiosa en Galicia nunha tripla vertente: fidelidade ao Evanxeo e ao propio carisma, solidariedade coa Igrexa local e encarnación na sociedade galega (14.2)

Fomentar o coñecemento mutuo entre os relixiosos, diálogo, encontros e colaboración no traballo pastoral (14.8). Ao servizo da Igrexa concreta en actitude de creatividade pastoral (14.12)

Que os relixiosos/as sexan realmente na sociedade galega testemuñas da transcendencia e da vida comunitaria, da esperanza, do amor, da xustiza, da entrega, da liberdade, da gratuidade e da ledicia. Con carácter eminentemente profético; sendo interpelación e instancia crítica da actual

famenta e Xesús nos repite sen cansarse: ‘Dádelles vós de comer!’ (Mc 6, 37)” (EG 49)

Coidar o fomento das vocacións, favorecendo un fervor apostólico contaxioso (EG 107)

Seleccionar mellor os candidatos ao sacerdocio: Non se poden encher os seminarios con calquera tipo de motivacións, e menos se estas se relacionan con inseguridades afectivas, buscas de formas de poder, glorias humanas ou benestar económico (107)

Asumir o reto concreto da homilía como pedra de toque para avaliar a cercanía e a capacidade de encontro dun pastor co seu pobo; a homilía pode ser realmente unha intensa e feliz experiencia do Espírito, un reconfortante encontro coa Palabra, unha fonte constante de renovación e crecemento (EG 135)

sociedade de consumo; buscando outra sociedade máis humana, máis fraterna, máis xusta, aberta á esperanza (14.17)

Vivir a opción evanxélica polos pobres con iniciativa e creatividade (14.20)

Vivir un amor crecente pola Palabra que predicamos (EG 149)  
Facer a Palabra carne na propia existencia concreta (EG 150)

## 5.- O reto urxente da dimensión social

### O C. Pastoral de Galicia

### *Evangelii gaudium*

Dende este aporte culminante do CPG, son especialmente salientables os seguintes compromisos propostos:

Nutrir os seres humanos con paz e ledicia. “O amor é o criterio activo que a Igrexa debe levar a tódolos mecanismos históricos onde está en xogo a promoción integral do home” (introdución)

O CPG, dende a súa perspectiva cristiá, considera urxente unha reforma estrutural apropiada (administrativa, fiscal, etc) que favoreza a promoción das xentes e das terras do noso país (16.1)

Tratar de facer efectivo o protagonismo do traballador en todo o proceso de produción (16.7)

Urxe superar o sentimento conformista e moitas

Presenza da dimensión social en toda acción evanxelizadora: desexar, buscar e coidar o ben dos demais (EG 178); inseparable conexión entre a recepción do anuncio salvífico e un efectivo amor fraterno (EG 179)

“Absoluta prioridade da saída de si cara o irmán” (EG 179)

Profundo desexo de cambiar o mundo transmitindo os valores do Reino (EG 183)

Superar os riscos dunha abafante oferta de consumismo (EG 2)

**Inclusión social dos pobres**  
(EG 186-216)

Escoitar o clamor dos pobres e socorrelos, coma instrumentos de Deus para a súa liberación e promoción (EG 187) Ás veces hai que escoitar a pobos enteiros (EG 190)

Fomentar a verdadeira Solidariedade: “supón crear unha nova mentalidade que pense en termos de comunidade, de prioridade da vida de todos sobre a apropiación dos bens por parte dalgún” (EG 188)

Coidar a educación, saúde e especialmente un traballo xusto e digno; (EG 192)

Optar polos últimos, por aqueles que a sociedade descarta e desbota” (EG 195) Esta é unha categoría teolóxica antes ca cultu-

veces fatalista do home galego do campo (16.9) Fomentando a mentalización social na que se valore a profesión de agricultor (16.13). E modificando a estrutura da propiedade, da produción e comercialización dos produtos agrarios (16.10)

Conseguir un maior e máis prolongado contacto do home do mar coa súa familia e co resto da sociedade, mellorando a actual lexislación laboral (16.14). Mellorar tamén o traballo no mar a beneficio dos traballadores (16.15). Presenza activa da Igrexa cumprindo a súa misión evanxelizadora (16.15)

Promover a vida comunitaria: Planear con urxencia unha pastoral da familia que atenda á formación prematrimonial e á familiar (cursos, asociación familiares, institucións ...) (17.1; 17.2)

Fomentar a vida asociativa (centros, Servizos de Promoción Social) (17.3-17.5)

Emprender unha tarefa de formación no social e no político (17.6)

ral, sociolóxica, política ou filosófica (EG 198). “Quero unha Igrexa pobre para os pobres” (EG 198). “Descubrir a Cristo neles e prestarlles a nosa voz nas súas causas, pero tamén sermos os seus amigos, escoitalos, interpretalos e recoller a misteriosa sabedoría que Deus quere comunicarnos a través deles” (EG 198)

Fomentar o amor ás persoas: que os pobres se sintan en cada comunidade cristiá coma na súa casa (EG 199). Tamén atención relixiosa “privilexiada e prioritaria” (EG 200)

Loitar para que a dignidade de cada persoa e o ben común estruturen toda política económica (EG 203); para asegurar o benestar económico de todos os países e non só duns poucos (EG 206)

Escapar á mundanidade espiritual, superando a pretensión de vivir tranquilos sen loitar polos pobres (EG 207)

Atender aos máis fráxiles da terra (EG 209), discernindo as novas formas de pobreza e fragilidade (EG 210). Loitar en particular contra as situacións de trata de persoas, especialmente das mulleres (EG 211. 212)

Coidar con predilección os nenos por nacer (EG 213)

### **O ben común e a paz social**

Buscar unha paz que xurda como froito dun desenvolvemento integral de todos (EG 219)

Desenvolver unha cultura do encontro nunha pluriforme harmonía (EG 220)

Avanzar na realización de catro principios fundamentais: o tempo é superior ao espazo; a unidade prevalece sobre o conflito; a realidade é máis importante que a idea; o todo é superior á parte (EG 221-237)



Atención preferente da Igrexa aos marxinados (xitanos, vellos, parados, minusválidos, deficientes, abandonados, transeúntes, presos, alcohólicos, drogadictos ...) (18.1)

Denunciar as situacións inxustas, e promoción positiva (camiñando cara a unha auténtica comunicación de bens) (18.1; 18.2)

Asumir funcións primordiais: promover unha conciencia crítica, coordinar esforzos, crear centros de formación social, colaborar coa sociedade civil, asumir as realidades positivas que xa existen (18.3)

Realizar a acción caritativo social como algo esencial e constitutivo da dinámica da fe cristiá (18.4)

Potenciar Cáritas (18.5)

Ter presente o horizonte, asumir os procesos posibles e o camiño longo (225) Tratando de iniciar procesos máis ca de posuír espazos (EG 223)

Afrontar o conflito, resolvelo e transformalo en anel dun novo proceso (EG 227)

Asumir o reto de que o Evanxeo non remata de ser Boa Nova ata que non é anunciado a todos, ata que non fecunda e sanda todas as dimensións do home, e ata que non integra a todos os homes na mesa do Reino (EG 237)

Ser instrumento de pacificación e testemuño crible dunha vida reconciliada (EG 239)

Atender aos avances científicos aportando a luz da fe e da lei natural (EG 242)

Manter vivo o diálogo ecuménico sen receos, sen desconfianza, e buscar a paz no rostro do único Deus (EG 244), recollendo o que o Espírito sementou nos outros coma un don tamén para nós (EG 246)

Facer do diálogo interrelixioso un compromiso que nos axuda a asumir xuntos o deber de servir a xustiza e a paz (EG 250)

Sentirnos cerca dos que, aínda sen recoñecerse nalgunha tradición relixiosa, buscan sinceramente a verdade, a bondade e a beleza, que para nós teñen a súa máxima expresión e a súa fonte en Deus (EG 257)

## 6.- Unhas expresivas indicacións do Papa Francisco que enriquecen aínda o horizonte pastoral

– Dinamizar unha nova etapa da evanxelización marcada pola alegría (EG 1)

– Reformar e adaptar a Parroquia. Estar en contacto cos fogares e coa vida do pobo, superando a redución a unha estrutura ou a un grupo de selectos (EG 28)

– Traballar para que a parroquia sexa presenza eclesial no territorio, ámbito da escoita da Palabra, do crecemento da vida cristiá, do diálogo, do anuncio, da caridade xenerosa, da adoración e da celebración (EG 28)

– Procurar que os procesos participativos non se queden en organización, senón que camiñen cara o soño misioneiro de chegar a todos (EG 31)

– Tratar de superar excesivas centralizacións, que complican a vida da Igrexa e a súa dinámica misioneira (EG 32)

## 7.- Algúns desafíos máis concretos

– Coñecer o contexto, na liña dun discernimento evanxélico (EG 50).

– Testemuñar o noso **non** a unha economía de exclusión e á inequidade, conscientes de que os excluídos non son explotados, senón “refugallos”, “sobrantes” (EG 53)

– Rexeitar a nova idolatría do diñeiro: contra a súa negación á primacía do ser humano, á súa redución ao consumo como única necesidade humana (EG 55), á súa instauración dunha nova tiranía invisible (EG 56), aos seus intereses de mercado divinizado convertidos en regra absoluta (EG 56)

– Rexeitar a inequidade que xera violencia, porque este sistema social e económico é inxusto na súa raíz, agravado pola corrupción profundamente arraigada (EG 59. 60)

– Atender especialmente á familia na súa crise cultural profunda (EG 66)

– Evanxelizar as culturas para inculturar o Evanxeo, purificando e madurando (EG 70)

– Urxente atención ao indispensable aporte da muller á sociedade (EG 103)

– Ampliar os espazos para unha presenza feminina máis incisiva na Igrexa, garantindo esa presenza nos ámbitos de decisión (EG 103)

## 8.- Coa fortaleza do Espírito

- Alentar unha etapa evanxelizadora mais fervorosa, alegre, xenerosa, audaz, chea de amor ata a fin e de vida contaxiosa (EG 261)
- Traballar cargados de alegría, cheos de carraxe, incansables no anuncio e capaces dunha gran resistencia activa (EG 263)
- Realizar a misión como unha paixón por Xesús pero, ao mesmo tempo, unha paixón polo seu pobo (EG 268)
- Integrarnos a fondo na sociedade, compartindo a vida con todos, como opción persoal que nos enche de alegría e nos outorga identidade (EG 269)
- Convencernos efectivamente de que non se perde ningún dos traballos realizados con amor, non se perde ningunha das preocupacións sinceras polos demais, non se perde ningún acto de amor a Deus, non se perde ningún cansazo xeneroso, non se perde ningunha dolorosa paciencia. Todo isto da voltas polo mundo coma unha forza de vida (EG 279)

## 9.- Indicacións conclusivas

O Concilio Pastoral de Galicia aposta pola realidade galega concreta: por coñecela, vivila, partir dela, amala, servila.

Con espírito crítico, con actitudes firmes e compromiso esforzado de adaptacións fecundas. Invita a afrontar con esperanza as esixencias de iniciativa e creatividade.

Aborda con tino o papel concreto da Igrexa. Asume opcións en perspectiva. Invita a realizacións inmediatas e de prazo longo.

Aínda que a “prudencia” non lle permitiu gañar a batalla á audacia (*parresía*) nalgúns problemas da Igrexa e da sociedade; principalmente no eido dunha evolución histórica que agromaba xa con forza. Agora mesmo pode ser un bo momento para asumir decididamente intuicións conciliares lúcidas. Asumilas, digo, con máis esperanza activa e máis audacia evanxélica.

Pola miña parte, remato apuntando o horizonte que descubro nas inspiradas palabras do Papa Francisco, xa recordadas:

Máis ca o temor a equivocarnos, espero que nos mova o temor a pecharnos nas estruturas que nos dan unha falsa contención, nas normas que nos tornan xuíces implacables, nos costumes onde nos sentímos tranquilos, mentres fóra hai unha multitude famenta e Xesús nos repite sen cansarse: ‘Dádelles vós de comer!’ (Mc 6, 37) (EG 49)

A nosa mensaxe é: “Xesucristo ámate, deu a súa vida para salvarte, e agora está vivo ao teu carón cada día, para iluminarte, para fortalecerte, para liberarte” (EG 164)

Así será!

**Xulio Andión Marán**  
Ex-reitor do Seminario Maior S. José  
Diocese de Tui-Vigo



# Prospectiva e esperanzas da Igrexa galega. Á luz da *Evangelii gaudium* do Papa Francisco

Andrés García Vilariño

O que lle propoño ao lector nestas páxinas<sup>1</sup>, responde á reflexión que provoca en min a ollada sobre a realidade social da nosa terra e do mundo, xunto coa análise do labor pastoral que a Igrexa vén realizando, poñendo sobre elas a iluminación do programa do papa Francisco tal como el o expresou –vai xa para un ano– na exhortación *Evangelii gaudium* en novembro de 2013.

Os contidos destas consideracións teñen un acento poida que desmesuradamente persoal. Son unhas suxestións para compartir e pouco ou nada valerán sen o imprescindible contraste e complementariedade doutras achegas e consideracións.

## 1.- Un precedente: a Nova evanxelización

Desde os anos oitenta, cando o hoxe proclamado santo, Xoán Paulo II, lanzaba a proposta da nova evanxelización, foron aparecendo de seguido nos programas pastorais das dióceses, parroquias, congregacións relixiosas e asociacións laicais as consideracións pertinentes sobre como responder desde a fe, desde a Igrexa, aos desafíos e retos dunha realidade social, cultural e mediática en proceso imparable de secularización. O papa introducira coa súa proposición a necesidade e urxencia de empregar novo entusiasmo, novas metodoloxías e novas linguaxes na tarefa da evanxelización. A partir de aí, todos empezamos a ver o modo de concretar, en primeiro lugar, cales eran os desafíos que requirían dos cristiáns a resposta da nova evanxelización, dirixida especialmente aos bautizados non convencidos e distanciados da vida eclesial e da

<sup>1</sup> Texto do relatorio feito no XXIX Foro de Encrucillada (Santiago, 18-10-2014), que conserva o ton da exposición oral, aínda que retoquei pequenas miudezas para a publicación.

práctica relixiosa. En segundo lugar, era necesario concretar en que consiste o “novo entusiasmo”, facilmente asimilable a unha paixón proselitista, de apoloxética ou reconquista, e traducible, polo tanto, a anhelos máis ou menos conscientes de recuperación da influencia na sociedade para guiala maternal, solícita, pero teocraticamente, polos carreiros da rectitude moral emanantes da fe católica e conformados a ela. Ademais era preciso procurar as novas metodoloxías, entre as que axiña se aproveitaron as mesmas linguaxes máis activas e eficientes comunicativamente da sociedade actual: as escenografías e concentracións xuvenís, as expresións artísticas da música, o teatro, a danza, o xogo. Estas linguaxes e metodoloxías atoparon nos medios masivos de comunicación, especialmente na televisión e na Internet, vínculos e complicidades, que suscitaron admiración pola eficiencia, polo menos aparente, dos resultados, pois non se pode negar que durante o pontificado de Xoán Paulo II a Igrexa e mais a súa mensaxe podíanse ver e escoitar frecuentemente en todos os fogares do mundo.

O xubileu romano do ano 2000 foi ocasión propicia para que o Papa Xoán Paulo II se dirixise á Igrexa universal con senllas cartas, a primeira delas titulada *Tertio millennio adveniente*, para preparar a celebración do cumprimento do segundo milenio do nacemento de Cristo; a segunda, *Novo millennio ineunte*, pensada para alentar a entrada no terceiro milenio con dinamismo evanxelizador, baixo a perspectiva do Xubileu xa celebrado, e facendo resoar como emblema ou consigna para a toda a Igrexa aquela expresión da vulgata neotestamentaria: “*Duc in altum*”, o mandato de Xesús a Pedro a bordo da súa barca, e que se propón agora como núcleo da tarefa que o Señor lle manda á Igrexa que enceta o século III: “voga lago a dentro” (Lc 5,4).

En ambos os dous documentos apreciamos claramente os ecos e motivacións da Nova evanxelización. Non faltaron chamadas e apelacións sorprendentes e incluso estimulantes, como a da purificación da memoria e a petición de perdón formulada polo papa polos pecados de opresión, inxustiza e tortura cometidos pola Igrexa no decorrer destes dous milenios.

## 2.- Desafíos, interpelación e provocación

A difusión dos criterios da Nova evanxelización favoreceu nos cristiáns máis lúcidos e comprometidos a consciencia de atenderen ás realidades nas que vivimos. Os bispos participantes no Sínodo do outono de 2012 concluíron as sesións cunha carta dirixida aos cristiáns do mundo, na que, inspirados na escena evanxélica do encontro de Xesús coa muller samaritana, dicían: “tamén a Igrexa sente o deber de sentar xunto aos homes e mulleres do noso tempo, para facer presente o Señor nas súas vidas”.

En febreiro de 2013 un xesto profético, e inesperado nunha persoa como Joseph Ratzinger, abanea as estruturas da curia romana e sorprende a toda a Igrexa e o mundo: a súa renuncia. Un mes despois, o novo Papa tamén sorprende cunha serie de xestos e actitudes que alegran a maioría dos cristiáns e desconcertan a algúns outros. Os entendidos ou coñecedores da vida eclesial expresan a esperanza de que Francisco, o novo papa, sexa quen de se manter libre e proseguir desafiando as rutinas e pesadume anacrónica de moitas realidades da Igrexa Católica. Pasado ano e medio, podemos felicitarnos dese exercicio de liberdade e dese ministerio que empezou verdadeiramente a selo: un servizo desde abaixo, *minus*, non tanto un servizo desde arriba, *magis*.

O primeiro que temos que facer, na liña do suxerido por Francisco, é darlles a volta aos planeamentos de partida.

Certo é que ningún pregoeiro ou testemuña do evanxeo cumprirá axeitadamente coa súa misión se ignora e descoñece a situación persoal do destinatario da mensaxe. San Paulo non fala igual en Xerusalén que en Corinto ou en Atenas. Non soamente as situacións persoais, tamén os contextos ou circunstancias sociais condicionan a maneira de anunciar a Cristo e propoñer a fe. Xesús non se dirixe de igual modo aos sacerdotes e membros do sanedrín que á xente en xeral. Que diferente a conversa xoánica de Xesús con Nicodemo ou con Natanael da conversa coa samaritana ou coa muller adúltera!

### 3.- No principio foi a alegría desafiante da pascua

Sen embargo, ter en conta a situación persoal do destinatario e mais o seu contexto cultural e social non é nin debe ser o punto de partida para propoñer o anuncio liberador da fe cristiá. Repasemos con coidado e atención o que aconteceu nos primeiros pasos da predicación apostólica e das primeiras comunidades. Non se botan a anunciar a Xesucristo, crucificado e resucitado, como réplica ou resposta ás demandas, desafíos ou provocacións procedentes da sociedade xudía ou grecorromana. Máis ben, todo parece producirse exactamente ao contrario. O encontro co Señor resucitado, a experiencia da fe pascual, é causa de tanta alegría que actúa na persoa como unha realidade que non se pode tapar, e que require por si mesma descubrirse, comunicarse, compartirse. Os primeiros cristiáns empezaron a falar de Cristo provocando, incluso escandalizando, a quen os escoitaba na sinagoga, na ágora ou no foro. Era tal a alegría que transformara as súas vidas e que os abría a unha experiencia de Deus, Pai de misericordia e implicado e comprometido co ben de seus fillos, que necesitaban botala fóra, comunicala e compartila. Por iso o facían con *parresía*, ou sexa, con descaro, con coraxe ou carraxe, sen inhibición nin medo. Foron destemidos, audaces, e aquela ousadía levounos ao cárcere e incluso á morte, pero tamén foi causa de que a súa alegría pascual chegase a ser vivida, gozada e celebrada por milleiros e millóns de persoas en pobos moi diversos, ata chegar a nós mesmos hoxe.

Daquela e naquela alegría vivida na mañá do domingo de pascua polo pequeno grupo de discípulos e discípulas de Cristo naceu a Igrexa. Esta é a primeira convición que nos achega Francisco no programa deseñado na *Evangelii gaudium*. No comezo dese documento argumenta o Papa que ningún cristián pode excluírse da alegría da pascua. Estas son as primeiras palabras desa carta: “A alegría do Evanxeo enche o corazón e a vida enteira dos que se encontran con Xesús”. Desde esa clave, Francisco irá desenvolvendo o que el chama “liñas que poidan alentar e orientar en toda a Igrexa unha nova etapa evanxelizadora, chea de fervor e dinamismo”.



É hora, pois logo, de facer unha reversión da actitude do evanxelizador. Non somos os cristiáns os desafiados por unha humanidade secularizada e relixiosamente insensible, nin pola cultura dominante, nin polos novos areópagos onde se crea, dixire e divulga. A esta humanidade cada vez máis triste e carente de esperanza, a unha sociedade onde aumentan a cada paso os que padecen a friaxe da soidade, do desamparo, da humillación; a un mundo con tal nivel de conflitividade que se multiplican por milleiros os obrigados a deixar o seu fogar e mais a súa terra, onde se producen excedentes alimenticios e ao tempo case mil millóns de persoas malviven infraalimentadas. A esta humanidade empeñada en esnaquizar o seu fogar estragando augas, terras, paisaxes, fauna e flora, tanta riqueza, tanta beleza! A esta humanidade, ansiosa de dignidade e de benestar pero manipulada e controlada mediaticamente para afogar a irritación e os cambios, desafiámola nós, os cristiáns, co anuncio liberador do aleluia pascual. Non nos resignamos ante un mundo así. Pero a alegría da pascua nos nosos labios débese corresponder coa nosa experiencia de fe e nacer dela: esa alegría é, de seu, unha pro-vocación no dobre senso da expresión: a chamada, por un lado, a dar pasos cara adiante na colaboración con Deus por unha humanidade en harmonía, xustiza e paz, e, por outro, a interpelación desafiante fronte ao conformismo estéril, o derrotismo, a falta de esperanza e fronte a toda inhumanidade e deshumanización.

A partir de aquí procederei metodoloxicamente deste xeito: pensando no noso ambiente eclesial e tendo en conta a realidade das nosas comunidades en Galicia, e do medio hispano e europeo, pregúntome: a onde nos leva vital e pastoralmente a vivencia da alegría pascual como experiencia persoal e comunitaria da fe? A resposta a esta pregunta básica e nuclear contemplará realidades e aspectos diversos. Tentarei abordalos mirando de que modo e en que sentido a fe iluminará os problemas e responderá aos desafíos culturais e cívicos da realidade social e histórica.

Son consciente de que estas previsións ou prospectivas poden responder soamente a unha proxección dos meus desexos e/ou dos meus límites. Espero, sen embargo, que este adianto do futuro

inmediato sexa algo máis ca un exercicio delirante de vaticinios baileiros e ilusorios. Fágoos coa sinceridade e a confianza de que cheguen a ser, a lo menos, proposicións desencadeantes de esperanza e vitalidade no seo da igrexa e que axuden a promover a fidelidade á súa orixe: a alegría pascual da fe.

O determinante da experiencia persoal e fonda da fe na vida dunha persoa está moi ben suxerido por un dito da tradición xudía centroeuropea<sup>2</sup>. Disque son tres as cousas nas que se recoñece un verdadeiro “*yid*”(israelita auténtico):

- Axeónllase de pé
- Fala sen voz
- Baila inmóbil

#### 4.- Cara a onde imos. Da relixiosidade convencional á alegría da fe

##### 4.1. O *previsible socialmente*: a secularización seguirá avanzando

Non é preciso ser moi agudo para prever que na sociedade actual, nun prazo relativamente próximo, o peso social da relixiosidade seguirá minguando progresivamente. Por momentos a presenza pública do fenómeno relixioso pode brillar e parecer reforzada, por exemplo, na asistencia multitudinaria de romeiros e devotos aos grandes santuarios tradicionais; a asistencia e participación, en moitos casos fomentada, promovida e incluso economicamente apoiada polas corporacións locais e provinciais. O proceso de secularización, ao meu xuízo, verase paradoxalmente acelerado por un modelo de xestión pastoral baseada no consumo de sacramentos, con deficiencias lamentables no coidado, participación e dignidade estética na celebración dos mesmos. Estou seguro de que seguirá crescendo a desafección e mais a perda de identidade cristiá xunto co sentido de pertenza á Igrexa. É de supor que haberá intentos ben intencionados de recuperación pastoral do sentir relixioso popular, pero van ser tan prudentes que serán algo así coma os coidados paliativos do moribundo ou, como moito, un placebo substitutivo

2 Cf. *Cuentos del pueblo judío*, Ben Zimet, Ed. Sígueme, Salamanca 2002. Páx. 64.

pero irrelevante e ineficaz da sede de Deus que aniña no corazón humano. Seguiremos, logo, vivindo, en continuidade co presente, en xeral, un discurso e un mais quefacer eclesial, de cregos e leigos, pouco incisivos no medio social, por carentes de atracción, insubstanciais, baleiros, e seguiremos constatando a súa falta de recepción na sociedade e na maioría amorfa dos bautizados.

#### 4.2. *A creba na transmisión familiar da fe*

A transmisión da fe na familia, como é sabido, vai ligada aos usos convencionais e integradores que a relixión cumpre socialmente. Hoxe é un dato aceptado que son poucos os pais que se comportan como se comportaron con eles os seus. Son xa pouco representativas estatisticamente as familias nas que rezan todos xuntos ou incluso nas que os pais se preocupan de rezar cos nenos antes de durmir. Facilmente falamos de deixamento, de abandono, de desinterese pola formación dos nenos, de perda de valores. No referente ao relixioso eu creo que simplemente os pais e nais de hoxe non parten da mesma experiencia e convicións que determinaban os comportamentos dos seus maiores. Non viven a relación con Deus como a viviron seus pais. Os rezos perderon significado na súa vida, polo tanto tamén na educación e transmisión de valores. Creo que non soamente a catequese familiar, tamén a catequese parroquial, que de seu é un servizo de apoio á familiar, seguirán coñecendo un afundimento progresivo.

Se isto é así, os cristiáns de convencemento estamos chamados, na liña da *Evangelii gaudium*, a seguir ofrecendo a experiencia de fe, o gozo de crer, máis ben que a relixiosidade de consumo. O testemuño da fe vivida con gozo convértese tamén en experiencia de gozo e retroalimenta a vivencia gozosa da fe. (EG 24).

Hai un contiño moi suxestivo, que rola por Internet, sobre a recitación do salmo 23/22, o salmo do pastor. Creo que ilustra doutro modo o que vimos dicindo.

Houbo unha cea nun castelo inglés e, ao terminar, un rapsodo declamou uns versos de Shakespeare. Un sacerdote que se atopaba

presente suplicoulle que recitase, se o coñecía, o salmo 23, ese que empeza así: “O Señor é o meu pastor”. Acceceu o rapsodo, pero cunha condición. Que, ao rematar el, deberían recitar o sacerdote. Este ficou de momento un pouco desconcertado, pero aceptou o reto. Cando terminou o rapsodo de recitar o devandito salmo, os asistentes envorcáronse en aplausos, claramente compracidos. De seguido, declamou o sacerdote o salmo e, ao acabar, produciuse un intenso silencio. Soamente algunha bágoa escorregou por algunha fazula. O rapsodo sentiuse na obriga de explicar o sucedido e aclaroulle ao público asistente: –Danse conta do que sucedeu? Eu declamei o salmo como quen coñecía o contido; o sacerdote recitouno como quen coñece e trata o Pastor.

Un segundo conto, tamén da tradición xudía centroeuropea, complementa estas consideracións.

Un día, a un rabino, neto doutro que fora discípulo de Baal Schem Tov, mestre espiritual e fundador do hasidismo, pedíronlle que contase unha historia. El, o primeiro de todo, fixo este comentario:

Unha historia debe ser contada de xeito que obre e se converta en axuda ela mesma.

E daquela empezou a contar:

O meu avó estaba tolleito, paralítico. Un día pedíronlle que contase algunha anécdota do seu mestre. E contou como Baal Schem Tov, cando rezaba, se poñía a brincar e bailar alí onde rezase. Para ilustrar o que contaba, o meu avó ergueuse e seguiu contando a anécdota, e brincando e bailando. Desde ese día ficou curado.

Así é como hai que saber contar!<sup>3</sup>

#### 4.3. *Actitudes e acción pastoral dos cristiáns lúcidos:*

##### a) *A igrexa en saída*

Se o cadro descrito no apartado anterior deseña máis ou menos atinadamente o futuro inmediato, o que temos que facer é adian-

3 *Cuentos del pueblo judío*, Ben Zimet, Ed. Sígueme, Salamanca 2002. Páx. 64.

arnos e afuizarnos na experiencia da fe pascual, vivida con alegría e fondura. Aquí cómpre que lembremos a repetida frase de K. Rahner de que “o cristián do futuro ou será místico ou non será”. O Papa Francisco propón en EG unha clave pastoral: A reforma da Igrexa en saída misioneira. Para describila di cousas coma esta:

Fiel ao modelo do Mestre, é vital que hoxe a Igrexa saia a anunciar o Evanxeo a todos, en todos os lugares, en todas as ocasións, sen demoras, sen noxo e sen medo. A alegría do Evanxeo é para todo o pobo, non pode excluír a ninguén.

E de seguido o Papa párase a expoñer algunhas tarefas propias desta Igrexa en saída misioneira: primeirar, involucrarse, acompañar, frutificar e festexar.

O Papa Francisco propón estes verbos como expresión do deber pastoral prioritario ou preferente na igrexa actual. Coa palabra “primeirar”, “*primerear*” en castelán, Francisco expresa a idea de que a iniciativa pastoral non é unha resposta ou reacción fronte a unhas demandas ou carencias relixiosas da sociedade actual. Explicao así:

A comunidade evangelizadora experimenta que o Señor tomou a iniciativa, ten “primeirado” no amor (cf. 1 Xn 4,10); e, por iso, ela sabe adiantarse, tomar a iniciativa sen medo, saír ao encontro, buscar os distantes e chegar aos cruzamentos dos camiños para invitar os excluídos. Vive un desexo inesgotable de brindar misericordia, froito de ter experimentado a infinita misericordia do Pai e a súa forza difusiva. Atrevámonos un pouco máis a “primeirar”! (n.24)

Nin se me pasa pola cabeza emendar ou corruxir o Papa, pero voume permitir aproveitar o seu neoloxismo castelán “*primerear*”, primeirar para nós, para darlle unha significación algo máis ampla e conforme co que viñamos dicindo. Primeirar tamén se pode empregar para volver aos primeiros pasos, para volver a aquel día primeiro da Pascua, para propoñermonos a descuberta da orixe primaria ou primeira da fe. Eu aplicaría “primeirar” á asunción da iniciativa, pero tamén ao progresivo abandono e depuración lúcida dos convencionalismos establecidos e arraigados nos usos eclesiais, da carga

secular e histórica que grava pesadamente o camiñar eclesial, ata volver ao primeiro, isto é ao máis xenuíno e orixinal, o convencemento, a experiencia persoal do encontro con Cristo (Cf. Ap 2,4).

Podemos adiantar e suxerir por que vereas concretas debería camiñar unha pastoral da experiencia primeira da fe pascual?

*b) Romper convencionalismos, mostrar limpamente a fe*

En primeiro lugar, e repito e subliño o ordinal: en primeiro lugar, para remontar persoal e comunitariamente as augas cara á fonte do hoxe caudaloso río da fe, é imprescindible un labor de limpeza e roza das súas ribeiras, de retirada de atrancos, matogueiras e pedras que entorpecen o seu fluír. Nunha palabra, temos que facer o esforzo de superar a sobrecarga de convencionalismos, de sobreentendidos e axiomas que acompañan e parasitan a mensaxe evanxélica, connotándoa de significados que a reducen a ideoloxía, a superstición ou simplemente a mediación social integradora. Superar, dixeran, pero debería dicir depurar ou purificar. Trátase dun traballo de liberación, de despoxo, de purificación. Este labor debe, de entrada, afectar especialmente á pastoral e pedagogía da iniciación cristiá e da transmisión da fe.

Hai anos que se vén falando da catequese da experiencia, pero non neste senso que aquí indicamos. A catequese da experiencia enténdese habitualmente como a metodoloxía catequética que parte da experiencia, da vida, en movemento ascendente para, inspirándose no método da Revisión de Vida dos movementos apostólicos da Acción Católica, iluminar a vida coa mensaxe e persoa de Cristo e propoñerse unha acción transformadora, como signo de conversión e actitude construtiva do Reino de Deus.

Non tratamos aquí dunha metodoloxía catequética, que non obstante sería moi coherente e aproveitábel para o noso propósito, senón que simple e claramente propoñemos traballar pastoralmente en rozar e limpar a experiencia relixiosa común e convencionalmente aceptada, e mostrar na súa nudez e simplicidade a experiencia do encontro con Deus. Na catequese e na liturxia temos que volver ao primeiro.

Non quero eludir unha pequena dificultade. Todos somos conscientes de que a experiencia persoal da relación con Deus e con Cristo é tan fundamente persoal que leva consigo un certo pudor relixioso. A ninguén lle gusta verse sorprendido no seu cuarto axeonllado ou prostrado e alzando as mans, centrado na oración. Pois disto se trata: mostrar o que se vive con Deus, non tanto as ideas que temos del e pensamos e desexamos que os outros saiban. Por que impacta, por exemplo, nos visitantes a oración litúrxica dos monxes de Sobrado? Trátase dunha oración formalizada e regrada, pero quen se asoma a ela percibe nidiamente a autenticidade, a veracidade e mais a sinceridade dos orantes. O coidado, a serenidade, o ritmo, as pausas e silencio, a limpeza melódica dos cantos, todo na oración vai transcorrendo como comunicación de fondo, en comunión de corazóns, entre aqueles homes e Deus. Os silencios non molestan, son ricos, non estériles. Estas mesmas sensacións de fondura e autenticidade descubrírona moitos mozos e mozas nos encontros de Taizé. A aceptación e atracción na mocidade destes modelos de oración e de encontro con Deus mostran un síntoma merecedor de atención e sinala un dos vieiros preferentes no traballo pastoral.

*c) Cambio de mirada, cambio na mirada. Ver e compartir a santidad primixenia*

Quen anda e camiña faino mirando para adiante, e vai vendo cal é o lado xeitoso para avanzar e apartar de atrancos e pedruscos, de pozas e lameiros. Nas beirarrúas da vila pode un arriscarse a camiñar absorto no teléfono móbil, pero nas corredeiras e nos camiños rurais iso sería ben problemático. Sirva esta imaxe para insistir na necesidade de mirar a vida. Unha Igrexa en saída ten que mirar para o que a espera aí fóra, nesas periferias que indica o Papa Francisco. Esta é unha *metánoia*, unha conversión, un cambio de perspectiva persoal que afecta a vida enteira. Situados aí, cambian as prioridades e actitudes fronte as persoas, o exercicio da profesión, a relación de veciñanza, a participación na vida social, cultural e cívica. Mirar a vida é unha conversión radical que consiste en aprender a ver a “santidad primixenia”,

en expresión de Jon Sobrino. É a santidade do vivir cotián dos máis humildes e pobres, os que non fan outra cousa senón traballar, coidar os seus fillos, loitar por sobrevivir, dando todo de si e vivindo para os outros, sen proclamas de heroísmo nin pregóns de grandeza humana. Todos coñecemos persoas destas. Algunhas son crentes e relixiosas –que non é a mesma cousa– moitas non o son, pero están dando gloria ao Deus creador simplemente coa gratitude implícita no loitar cotián por vivir, por sobrevivir, por darlles vida aos fillos, aos irmáns, aos netos. Este camiño tan natural implica unha mística da vida, se cadra non formulada nomenclalmente pero asumida moi conscientemente e responsablemente exercida, desde a cerna mesma, o miolo, da existencia: hai que vivir, saír adiante na vida con penalidades e sacrificios é lei de vida. É así<sup>4</sup>.

Esta é unha marca significativa do Papa Francisco: a realidade ten primacía sobre as ideas. As persoas, cada persoa, coa súa vida, dignidade e condición de fillo de Deus, é o máis importante que nos pode acontecer. Ver as persoas como acontecemento. Cada persoa é acontecemento porque nela dásenos unha revelación de Deus. Hai que saber mirala para decatármonos. Por iso a nosa vida é tan marabillosa: porque está chea de persoas. Xesús mostrounos coas súas parábolas como a santidade primixenia, esencial, latexa no labor do labrego que sementa e colleita, do pescador que escolle as mellores pezas, do pastor responsable das súas ovellas, da muller que varre a casa e amasa o pan, na ollada dos nenos e na súa indefensión, nas sementes mínimas da mostaza e do trigo. Este cambio na mirada supón basicamente un trastorno de prioridades e preferencias. Comunitariamente unha Igrexa onde os seus membros asumen este modo de mirar vaise convertendo nunha Igrexa curada da cobiza de seguridades, liberada da clausura obsesiva das manías doutriniais. Unha Igrexa que abandona a friaxe ríxida e distante onde os sinxelos se senten incómodos e alleos, con dificultades para darlle adhesión e identificarse con ela, e evoluciona cara a unha Igrexa consciente da propia fragilidade, ferida e manchada,

4 Esclarecedor a este respecto, o número 351 de *Concilium* (xuño 2013), especialmente as achegas do citado Jon Sobrino e de Andrés Torres Queiruga.



peró real, humana, e por iso mesmo fogar cálido para todos os cansados e abatidos.

Unha advertencia: esta Igrexa real terá que facer a dura peregrinaxe dunha nova pobreza histórica, institucional e social. Este ollar cara a fóra dela mesma, acoller e acompañar os pequenos, os débeis, vaina colocar na primacía da *caritas* e da misericordia. A opción polos pobres non será unha opción pastoral, voluntarista e oportuna, mediación estratéxica irrenunciable para propoñer o evanxeo, senón que será unha necesidade constitutiva, como idealmente formulamos cada vez que lembramos aquelas palabras do evanxeo de Xoán: “Nisto coñecerán que sodes discípulos meus, en que vos amades uns aos outros”, ou a apocalíptica narración do xuízo do evanxeo de Mateo: tiven fame, tiven sede, estaba espido, etc. Arremedando o título dun coñecido libro podemos dicir que a Igrexa ou é a Igrexa dos pobres ou non é nada. Este si que é un desafío. Pregúntome desde este presente se teremos a lucidez abonda para vivir con esperanza e paixón esa falta de poder, de influencia e prestixio na sociedade, que nos agarda –e xa está agromando– no éxodo irrenunciable que expresamos como “Igrexa en saída”. Teremos que aprender ben aqueles consellos da sabedoría no salmo 146:

Non confiedes nos poderosos, humanos que non poden salvar.

Vaise deles o alento e retornan á terra e con eles esvaece os seus proxectos (Sal 146,3-4).

#### *d) O esforzo da simplicidade transparente*

Pensando nas nosas parroquias e organizacións laicais, a consciencia da situación, este cambio na mirada, ten que ir acompañado do esforzo pola veracidade, por facer ben o que estamos facendo. En concreto, entre todos irmos construíndo unha liturxia máis minimalista, de fondura, menos formalista e máis cordial. Contra o que pode parecer, será unha liturxia moito máis coidada, onde está prevista e preparada a participación, a música, o silencio. Preparada non quere dicir enfaixada, senón animada e animadora, onde a alegría, a novidade e mais a creatividade camiñan xuntas e realiméntanse entre elas.

*e) O esforzo da comunión*

Os máis lúcidos non deben esperar, hai que poñer mans á obra. Hai que estar presentes, *okupar* os espazos de participación; *okupar* sen apropiarse de nada, nin do liderado nin da responsabilidade, moito menos do cargo ou das cargas. Un erro desalentador dalgúns axentes pastorais consiste niso: aprópianse do rol, e despois funcionan, non desde as claves da chamada, senón desde as convencións do personaxe. Quedan aducidos polo personaxe e as convencións que o enmarcan, e esvaeecen como persoas. Así esvaece tamén o valor e veracidade do testemuño. A experiencia de fe, nesa verdade fundamental do encontro con Deus e con Cristo, demanda que fagamos sempre cos outros o que temos que facer, manténdonos libres e desapropiados, sabendo irnos. Busquemos o concerto das vontades, da fraternidade, da comunión. Non nos deixemos ofuscar pola eficacia, polo éxito a curto prazo, deixando tirados —é un dicir— os lentos, os desilusionados, os menos lúcidos. Unha Igrexa en saída é unha “Igrexa de portas abertas” —expresión de Francisco—, unha “Igrexa creadora de zonas cálidas e acolledoras”, en expresión de J. M<sup>a</sup> Mardones, de liturxias vivas e estimulantes. De cordialidade e de silencio onde palpar o misterio.

Neste senso, e xa vou dando remate, o cristián lúcido de hoxe é unha persoa que, vivindo a súa confianza en Deus e a alegría do encontro co Crucificado Resucitado, dálle toda a primacía á vida e, con ela, ás persoas reais e concretas. Faino desde a primacía de Cristo no seu corazón, na súa vida. E por iso todo o fai procurando un camiño compartido, nunca só. O cristián de hoxe, incluídos cregos e membros das ordes relixiosas, ademais de místico é sinodal. Ou camiña cos outros ou non é.

**Andrés García Vilariño**  
Universidade da Coruña



# Papa pastor fronte ao restauracionismo preconiliar

---

Andrés Torres Queiruga

## 1.- Sorpresa e escándalo

A sorpresa foi maiúscula, ata o escándalo. Cinco cardeais –aos que, de maneira inesperada e moi pouco comprensible, se adiantou o Prefecto para a Congregación da Fe<sup>1</sup>– escriben un libro claramente dirixido contra a intención do papa ao convocar o Sínodo; e anuncian, de maneira estratéxica, a súa publicación coa intención non disimulada de influír nos resultados.

O branco ao que dirixen os disparos leva o nome de Kasper, pero o obxectivo real é o papa. Polo demais, cada vez disimúlano menos. E por baixo, a consigna inequívoca, dita en voz baixa ou compliceamente calada e sobreentendida: esperar a que escampe, manterse á espera en resistencia xorda e pasiva, ata que as augas volvan ao seu curso. Para que quede claro, defínenlo e proclámanlo desde o mesmo título: eles son os que “permanecen na verdade de Cristo”<sup>2</sup>. A conclusión obvia é que o papa actual está a afastarnos dela ...

A pregunta é: que está a pasar na igrexa? Un xesto deste calibre era simplemente impensable no pontificado anterior, que –por outra banda e como é ben sabido– fulminaría sen compaixón os seus protagonistas. O que indica de xeito evidente que, en realidade, está a esixirse unha volta atrás. E esíxese cunha presuposición implícita que, a medida que pasa o tempo, explícitase sen rubor: este pontificado está errando o rumbo, porque o verdadeiro era o que marcaron e impuxeron os dous anteriores.

---

1 G-L. Müller, *La esperanza de la familia. Diálogo con el Cardenal Gerhard-Ludwing Müller*, publicado –nótese– pola BAC, Madrid 2014.

2 *Remaining in the Truth of Christ: Marriage and Communion in the Catholic Church*; apareceu xa a tradución castelá: *Permaneciendo en la verdad de Cristo: Matrimonio y comunión en la Iglesia católica*, ed. BAC, Madrid 2014.

E, por baixo de todo, está a descualificación soterrada e indirecta, pero que non pode ocultar nin a superioridade eurocéntrica nin a aura da falsa superioridade. O novo papa é do terceiro mundo e non pode compararse a un intelectual do primeiro: nin sequera viste ben, e abandona a solemne residencia que custodia, apoia e fai ben visible a grandeza papal; fala en linguaxe normal e di cousas que entende todo o mundo, sen a elevación que dan o empaquetado intelectual e as altas discusións académicas. En definitiva, é un pastor, que por riba cheira a ovella, e non un profesor que monta cátedra e impón teoloxía. Ao final, sen que o seu disparate teolóxico fose desmentido polo grupo publicamente confesional ao que pertence, aparece Antonio Socci como o diagnosticador pretensioso e definitivo: el xa verificou que, despois de todo, o papa non é papa, que Bergoglio “non é Francisco”<sup>3</sup>. Papa é unicamente o que –en xesto voluntario, responsable e que o honra para sempre– deixou voluntariamente de selo ...

A pregunta segue imponéndose: que está a pasar? E un non pode menos de volver a vista atrás, cara ás causas na historia.

## 2.- Repítese a historia

Á historia próxima, desde logo; aínda que axiña se impón pensar ante todo na remota, na primeira e primeirísima. Porque as acusacións e as maledicencias soan estrañamente iguais ás que se levantaron contra Xesús de Nazaret. Pode vir de alí –da remota e incómoda Galilea– algo bo? Non é este o fillo do carpinteiro: de onde lle vén a sabedoría? Como é que anda con marxidados, pobres, pecadores e, sobre todo, pecadoras? Por riba, non vive en palacios, non ten cátedra nin usa filacterios coma os grandes mestres. Ademais avisa: “non xulgedes e non seredes xulgados”, quen son eu para xulgar o corazón dos demais? Por riba, non aplica sempre a lei nin é moi respectuoso coa súa letra cando están por medio a dor, a humillación ou a angustia humana; avisa que é preciso distinguir entre a viga e o mosquito e oponse á imposición de cargas pesadas: “o meu xugo é suave e a miña carga, lixeira”...

3 *Non è Francesco*, Roma 2014.

Despois, aclarando moitas cousas, está aquela parte da historia algo máis afastada, pero que pesa como unha lousa sobre o noso presente. É a que ante o desafío da nova cultura chamando a actualizar a palabra viva de Deus, iniciou unha carreira para atrás.

Ao principio, foi a resistencia contra a ciencia –ben intencionada, porque de entrada non se vía o modo de conciliar a interpretación tradicional da fe cos novos datos culturais–: Galileo, primeiro; e despois, xa con menos desculpa, Darwin. Xurdiron as voces dos grandes humanistas crentes, como Vives, Moro e o mesmo Erasmo –libres e con decidida responsabilidade evanxélica–; pero a súa chamada perdeuse, cada vez máis afogada polo fausto palaciano e a intransixencia inquisitorial.

E o que seguiu foron xa resistencias cada vez máis fortes, que, alleas á discusión estritamente teolóxica, tan viva aínda na, polo visto, escura Idade Media, recorren á prohibición autoritaria e mesmo ao castigo e á exclusión contra todo intento renovador. Coa perda do poder temporal no século XIX, o talante de imposición autoritaria, sen capacidade de dominio cara a fóra, intensificouse cara a dentro, ata extremos que culturalmente producen rubor, como é o caso do *Syllabus*, e eclesiologicamente instálase o que Yves Congar cualificou de xerarcocracia, que en máis dunha ocasión chegou a unha auténtica papolatría.

O mesmo Congar, que falaba desde a erudición do sabio e a experiencia do teólogo represaliado, díxoo hai tempo: ante os novos desafíos, acabaron sempre impoñéndose, cada vez con máis forza, as restauracións. Basta unha superficial mirada cara atrás: reedición barroca da Escolástica, neo-escolástica, represión antimodernista... ata a *Humani generis* (1950!), que censurou nada menos que os teólogos que non moito despois serían a alma do concilio Vaticano II.

### 3.- O freo e a represión da renovación conciliar

O Vaticano II, como con empatía humana e valente lucidez evanxélica proclamou o papa Xoán, foi o recoñecemento de que ese camiño ía errado, cada vez máis arredado do corazón do mun-

do e carente de sintonía coa comunidade dos fieis. Para preservar de verdade a fe, era preciso distinguir entre o nuclear e o accidental, entre o fundamental e o historicamente condicionado. Só actualizándoa con rigor, pode conservarse a verdade. El, cheo de confianza na forza do Evanxeo, anunciouno con alegría: *Gaudet mater Ecclesia*, goza e alégrase unha Igrexa que quere ser nai.

Por iso o Concilio foi un vendaval do Espírito, que abriu as portas de augas profundas e longamente inquietas por fecundar a comunidade dos fieis e a inquietude dos teólogos, pero duramente represadas por pesados diques de inmovilismo. Non só se renovou a igrexa, restaurando a liberdade, animando a vida e abrindo a esperanza, senón que resouo no mundo con tons de empatía, diálogo e colaboración. Tan forte era a fame e tan intensa a conmoción, que, a pesar de todo o que veu despois, a nosa situación resulta sinxela e literalmente impensable sen o seu impacto saudable e liberador. O que amenceu no Concilio puido escurecerse, pero o brillo da súa aurora xa non podía ser apagado nin ocultado.

Por desgraza, si, puido ser dura e tenazmente freado. O que veu despois foi a volta do demo restaurador. O medo ao novo, o retorno á falsa seguridade dos allos de Exipto, en lugar de fomentar a sensibilidade profética para ver o novo que xurdía e estaba a nacer. Por desgraza, mesmo algúns dos que antes traballaran pola renovación, desertaron do camiño que se abría cara ao futuro, se cadra porque xa non eran eles os capaces de liderar a nova etapa. Foi triste ver a un Jacques Maritain escribir, case ao día seguinte do Concilio, o seu, máis ben panfletario, *Le paysan de la Garonne*<sup>4</sup> e a Louis Bouyer falar de *La décomposition du catholicisme*<sup>5</sup>. Se cadra máis triste aínda foi ver a retracción de Henri de Lubac e, sobre todo, a deriva cada vez máis reactiva de Hans Urs von Balthasar: en *Seriedad con las cosas. Córdula o el caso auténtico*<sup>6</sup>, manifestou a súa intemperante e incomprensiva oposición a Karl Rahner. Dis-to algo haberá que dicir aínda.

4 París 1966; traducido por Desclée, Bilbao 1968.

5 París 1968; traducido por Herder, Barcelona 1970.

6 Editado en castelán por Sígueme, Salamanca 1968; orixinal 1966.

#### 4.- A nova e anacrónica resistencia restauradora

De todos os xeitos, nesa reacción aínda se notaba a grandeza de pensadores e teólogos. O que agora aparece, ten algo de refrito, con cheiro a rancio e tópicos que a estas alturas non só están gastados, senón que resultan xa incomprendibles. Porque está a ser liderado por quen demostran non renovar a súa teoloxía nin aprender o que o Espírito dixo á igrexa no maior e máis cordial concilio de toda a historia.

Teoricamente, nacen dun dogmatismo xuridicista, que nega a autonomía da moral, situando falsamente o rol da igrexa en repetir normas literais e manter prohibicións apoiadas nunha hermenéutica literalista da Escritura

Dese modo, convertendo en dogma o ideal ético da indisolubilidad do matrimonio, dimiten do auténtico rol da igrexa na moral. Porque este non está en inventar ou ditar normas éticas ou morais, xa que en principio estas son comúns a todos os humanos. Existen na Biblia, pero sempre condicionadas polo tempo –pénse-se, por exemplo, na poligamia ou en tantas leis de pureza– e por iso deben irse construíndo no diálogo universal da cultura. Cando son suficientemente claras, como sucede con non roubar ou non matar, a Biblia e, tras ela a igrexa, recoñécenas como congruentes coa súa visión relixiosa e por tanto acóllenas e proclámanas como queridas por Deus.

Por iso é polo que a misión propia e específica da igrexa na moral está en chamar e axudar ao cumprimento, anunciando e ensinando que nesa tarefa comunmente humana, ás veces moi dura, contamos coa axuda, a comprensión e o perdón do Señor. Cando aparecen problemas non clarificados, porque o paso da humanidade desde unha concepción máis ben estática da realidade a outra máis dinámica e evolutiva fai que xurda un novo conxunto de problemas que esixe novas análises e novas sínteses<sup>7</sup>, a igrexa en concilio recoñece expresamente: “A Igrexa, custodio do depósito da palabra de Deus, do que manan os principios na orde relixiosa

7 *Gaudium et spes*, n. 5.

e moral, sen que sempre teña á man resposta adecuada a cada cuestión, desexa unir a luz da Revelación ao saber humano para iluminar o camiño recentemente emprendido pola humanidade”<sup>8</sup>.

Mesmo para quen se resista a tomar en toda a súa consecuencia a autonomía da moral en canto á determinación dos contidos, resulta innegable que os problemas abordados no Sínodo pertencen a este ámbito. Deben, pois logo, ser estudados en sintonía cos novos avances da sabedoría psicolóxica e da sensibilidade sinxelamente humana, para atopar novas solucións. E para elas o que se pide non é a intransixencia do inquisidor nin o rigor do canonista, senón, como non se cansa de insistir o papa Francisco, o amor e a misericordia do Señor e o ánimo que dá a *alegría do Evanxeo*.

Isto vale así mesmo non só para infinidade de normas do Antigo Testamento, senón tamén para bastantes do Novo, incluídas algunhas do mesmo Xesús, pois todos comprendemos que en determinados casos necesitan nova interpretación. Por iso ningunha muller cristiá se sente en pecado por acudir sen veo á igrexa, aínda que san Paulo dixese o contrario, e os mesmos que hoxe insisten tanto na letra, non se escandalizan de que lles chamen “pai e mestre”, a pesar da prohibición expresa do Señor (postos a ser rigorosos, máis ben sería preciso pensar con máis detalle indicacións como as de non “vestir con elegancia e vivir en palacios” ou prohibicións, tan graves e actuais, como a de usar mundanamente o poder: “entre vós non ha ser así”).

Desde a fe, non é preciso dogmatizar a indisolubilidade do matrimonio, para a recoñecer como ideal moral humano; por tanto como aspiración común a todo casado e a toda casada, para recoñeceren que a misión da igrexa consiste en anunciála e animar a cumprila, e que nese empeño todos contan coa axuda do Señor. Pero iso non significa nin a necesidade de esixir un modelo único, nin a falta de comprensión ante a evidencia de que o ideal pode fracasar de maneira irreversible e que de feito fracasa moitas veces. E entón, ante o fracaso, a verdadeira actitude evanxélica –seguinto a Xesús,

---

8 *Ibid.*, n. 33; subliñado meu.



sempre claro no ideal, pero comprensivo no fracaso: “o que de vós estea sen pecado...” – é a da comprensión, o ánimo e o acompañamento. Deste xeito, ante as novas circunstancias socio-culturais, a verdadeira actitude da igrexa é a de unirse a todos os que, en procura cordial e sincera, se esforzan por discernir o que o ben dos seres humanos –mozos en busca de realización, adultos enfrontados ás dificultades e non poucas veces ao fracaso– está a pedir dentro das posibilidades deste tempo, lugar e cultura. De xeito diferente aos que coidan que así se omite o anuncio do Evanxeo e se perde a influencia moral da igrexa, estou convencido de que ese é o mellor e máis eficaz modo de asegurar ambas as dúas tarefas.

Por outra banda, nas actitudes reactivas está a influír outro grao e importante factor: unha visión obsoleta dos sacramentos e, moi en concreto, do sacramento do matrimonio.

Os sacramentos son dons e axuda, celebracións nas que a igrexa como tal compromete o seu ser, confesando e confirmando a presenza amorosa de Deus nas encrucilladas da existencia, cando esta se sente ameazada ou medorenta ante unha tarefa nova e comprometida. Aparece claro no matrimonio. Converter esta celebración en lazo que aperta, carga que oprime ou barreira absoluta que pecha toda posibilidade de futuro ante o fracaso, perverte o seu máis esencial sentido: o dunha celebración comunitaria coa única finalidade de axudar aos fieis para que, ante a dúbida e a incerteza do futuro, se convenzan da axuda divina na empresa, común a crentes e increntes –nada fácil, pero preciosa e fecundamente humana– de realizar do mellor modo posible a unión no amor e a creación da familia.

Cando se observa, por exemplo, o teor das resistencias á comunión dos divorciados voltos responsablemente a casar, resulta moi difícil recoñecer neles o espírito dos sacramentos. Dun modo especial o da Eucaristía, que xustamente evoca a apertura solidaria de Cristo nas súas comidas con publicanos e pecadores. Como noutro contexto, falando de apertura ecuménica, dixo moi ben Jürgen Moltmann: “Na Cea celebramos a presenza de Cristo, non a exactitude (*Richtigkeit*) da nosa teoloxía eucarística” (que, neste

caso, nin sequera é tan exacta)<sup>9</sup>. A eucaristía, non como premio para os perfectos (quen o é?), senón como alimento e apoio para os pecadores que queren mellorar.

Do trans fondo ideolóxico do recurso á comunión espiritual e da esixencia de cohabitar como irmáns, un non sabe moito o que pensar. De feito, todo indica que son poucos os sacerdotes no mundo que comparten este tipo de visión e que por tanto se resisten a impedir a plena participación na eucaristía.

A verdade é que, cando, ao revés do que sucede coa linguaxe e o trans fondo conceptual de certos ataques –chamémolos polo seu nome–, se len as palabras e as propostas do papa Francisco, tan frescas e humanas, é imposible non percibir a súa raizame evanxélica e a súa fonda fidelidade o máis xenuíno da teoloxía conciliar. Son sempre chamada á misericordia, insistencia no amor do Deus de Xesús, totalmente envorcado na axuda a toda persoa humana, preocupado polas súas feridas e gozándose nos seus gozos, sen discriminación nin excepcións.

## 5.- A opción polo papa profesor

E volve a pregunta: como é posible esta oposición e de onde lle vén a seguridade e o certo aire de arrogancia no seu ton?

Non é fácil negar que se alimenta no talante de goberno e de control teolóxico exercido polos dous últimos pontificados. Un estilo que –é preciso recoñecelo– foi en exceso autoritario, do que estes líderes da protesta participaron e no que mostran sentirse moi a gusto. O sorprendente é que agora, en clara contradición selectiva cos seus propios principios, rebélanse contra a autoridade papal, incorrendo en algo cuxa lexitimidade eles negaban antes, cando os mandatos desa autoridade coincidían coas súas ideas. Estilo que, por outra banda, reproducían dentro das súas competencias e que de ningún xeito consentirían nos demais. Os exemplos sobran e son penosos.

---

9 A cita é da súa autobiografía *Weiter Raum*, Gütersloh 2006, 203.

Como non é posible aceptar unha auto-contradición tan evidente, era preciso vestila de lexitimidade teolóxica. En xeral, a discrepancia non chega ao aludido esperpento de negar a validez da elección do papa. Procédese a deslexitimar a súa autoridade, negando valor e aínda atribuíndo desviación da fe ás súas orientacións. E nese empeño foise impondo o recurso á contraposición do papa actual co papa anterior: Bieito era un verdadeiro teólogo e Francisco é un simple pastor. Algúns proclámano en altofalante, outros rumoréano, ou sobreenténdeno e dano por suposto.

O asunto é tan serio, que merece unha consideración algo detallada. Porque estou convencido de que este argumento, repetido de mil maneiras e amplamente propalado entre a xente de igrexa e aínda en considerables estratos da cultura, non só é profundamente inxusto coa autenticidade evanxélica do papa Francisco, senón que é obxectivamente falso como concepción do rol eclesial do papa. De ningún xeito pretendo negar a boa intención de Bieito e mesmo recoñezo que en moitas das súas manifestacións teóricas e de principio expuxo a concepción correcta. Pero creo sinceramente que neste punto non acertou e que a súa opción –iniciada xa como Prefecto da Congregación para a Doutrina da fe e confirmada tras a súa elección como papa– está na base e cimentación do talante neo-restaurador daqueles que, resistíndose á renovación posconciiliar, tentan hoxe opoñerse á pastoral do papa Francisco.

Creo necesario advertir que o diagnóstico que agora propono, escribírao e publicárao antes do cambio. Advírtoos para que non se interprete como unha adaptación oportunista ou como un dicir por fin o que non me atrevín a dicir antes, por medo á censura ou á condena (sospeita que, ben pensado, representa en si mesma todo un diagnóstico!)<sup>10</sup>. Se o expoño de modo claro e directo, é porque creo que abordalo é de enorme importancia e que, en todo caso, pode

10 Cf. A. Torres Queiruga, *Magisterio y teología: los principios confrontados a los hechos*: Concilium 345 (2012) 59-74; *Aclaraciones sobre una notificación*: Concilium 346 (2012) 159-168; *Por una justa relación entre el magisterio pastoral y el teológico. Aclaraciones acerca de una notificación de la Comisión Episcopal de la Fe*: Iglesia Viva n. 259 (2012/2) 103-124.

botar luz sobre a situación actual. Para maior claridade, vou referirme a dúas frases do papa emérito, porque, no meu parecer, aclaran e mesmo definen o propósito talvez central do seu pontificado.

1) A primeira aparece na páxina 40 do seu libro de entrevista *Luz del mundo*<sup>11</sup>: “Penso que, xa que Deus fixo papa a un profesor, quería que precisamente este aspecto da reflexión, e en especial a loita pola unidade de fe e razón, pasasen ao primeiro plano”. Tanto a claridade do texto como o modo un tanto inmediateista ao falar da vontade divina non deixan lugar a dúbida acerca da firmeza dunha convicción que, modestamente, de ningún xeito xulgo evidente e que, unida ao que direi a respecto da frase seguinte, paréceme que tivo graves consecuencias.

Polo menos desde a Idade Media, e sobre todo a partir da diferenciación posterior das funcións nas nosas sociedades crecentemente complexas, fíxose clara a necesidade de distinguir entre o estritamente teolóxico e o eclesialmente pastoral. Os medievais falaban do “maxisterio da cátedra pastoral” e do “maxisterio da cátedra doutoral”. Puido haber sínteses en tempos anteriores, cando a relativa indistinción dos saberes e das funcións as facían posibles en grandes xenios como santo Agostiño. Pero hoxe o papel do bispo, e menos aínda o do papa, en canto tales –é dicir, en canto dedicados ao goberno pastoral en favor da vida e a fe da igrexa– non é nin pode ser o do profesor ou do teólogo. Os teólogos sono xustamente porque dedican o seu tempo e a súa vida ao estudo en favor da fundamentación e actualización sistemática da comprensión e vivencia da fe. Traballan a favor do mesmo que os pastores, pero con funcións e carismas distintos.

Como prefecto primeiro e como papa despois, o mesmo Bieito XVI expuxo isto con abonda claridade na explicación teórica. Pero non sucedeu o mesmo no exercicio práctico. A través da función pastoral, cuxa misión era protexer e anunciar a fe, evitando os desvíos nela, pero respectando o lexítimo pluralismo e a liberdade na teoloxía, tratou de impoñer –con claridade e, digámolo, con intransigente enerxía– unha teoloxía moi concreta e determinada.

11 Barcelona 2010.

É obvio que Joseph Ratzinger tiña dereito a profesar a súa propia teoloxía e a defendela por medios e razóns teolóxicas; e el mesmo, sendo xa papa e cunha honestidade que o honra, proclamou que nese terreo “calquera é libre de contradicirme”. Pero non é preciso lembrar os numerosos conflitos cos teólogos nin as duras condenas e exclusións que propiciou, para recoñecer que non respectou o pluralismo, senón que tendeu a identificar a defensa da fe coa profesión dunha soa teoloxía, a que el sostiña. Unha identificación que non só é sempre ilexítima en calquera teólogo, senón que, apoiada no poder, resultou inxusta e gravemente empobrecedora para a teoloxía católica.

De maneira moi especial, a xestación e realización do *Catecismo da Igrexa católica*, cunha evidente selección de teólogos dunha soa dirección e repetidamente proclamado como norma da interpretación teolóxica do Concilio, constitúe todo un símbolo desta opción. (Disto ocupeime xa nun artigo de 1993, con palabras duras, que prefiro non repetir aquí)<sup>12</sup>. De feito, houbo en grupos influentes o claro intento –non sei ata que punto consentido por el– de converter a súa obra en pauta estrita para xulgar a ortodoxia dos teólogos católicos.

2) Esta opción é tanto máis grave, canto que a súa teoloxía é claramente reticente e aínda reactiva ante o cambio esixido pola revolución cultural da modernidade. É o que mostra a segunda frase, que considero tan significativa como sintomática. Falando das súas discusións con Karl Rahner despois do Concilio, escribe: “Traballando con el, decateime de que Rahner e eu, a pesar de estarmos de acordo en moitos puntos e en múltiples aspiracións, viviamos desde o punto de vista teolóxico en dous planetas diferentes”<sup>13</sup>.

Afirmación que, sen dúbida, constitúe todo un diagnóstico. Que non quedou en simple teoría, porque se concretou nunha praxe non claramente explicitada, pero moi efectiva. Desde esa visión exercese unha inconfundible presión non só por excluír a teoloxía de Rahner do ensino teolóxico e silenciala no posible no ambiente

12 *Amar: fundamento y principio; vulnerabilidad y solidez*: Sal Terrae 81/4, 1993, 281-292.

13 *Mi vida*, Madrid 2005, 45.

xeral, senón que se tentou substituíla pola de Urs von Balthasar. Non pretendo canonizar a teoloxía de Rahner nin ocultei nunca a miña admiración por alguén a quen considero un dos máis grandes xenios culturais do século XX. Pero, como xa queda aludido, a teoloxía de Balthasar non só se fixo cada vez menos aberta ao novo, senón que se resistiu á renovación posconciliar.

Ben sei que en todo isto caben distincións e discusións. Pero, mirando ao conxunto, non creo aventurado afirmar, cun gran número de fieis e teólogos, que durante as tres últimas décadas o goberno papal tratou de impoñer unha teoloxía claramente oposta ao que pedía o espírito conciliar e estaba a esixir a actualización do anuncio evanxélico nunha cultura profundamente renovada.

No terreo práctico, freáronse os impulsos cara a unha participación colexiada do goberno eclesial, restrinxíuse a participación efectiva dos laicos, especialmente das mulleres, e a atención ao *sensus fidelium*; no persoal sumouse a iso a persistencia dun moralismo en exceso privatista e no social instalouse unha forte resistencia a todo o que soaba a liberación; na liturxia foron claros os intentos de volta a un pasado que só interesa a grupos en xeral claramente anticonciliares. No terreo máis directamente teórico, insistíuse nunha visión restritiva da revelación, que imposibilita un diálogo serio e fraterno coas relixións (ata o punto de soste que o cristianismo pode dialogar coa filosofía pero non coas relixións); impúxose unha clara resistencia aos avances da crítica bíblica (os tres tomos da Cristoloxía publicada por Ratzinger/Bieito son unha mostra desconcertante); tendeu a dogmatizar tradicións como as relativas ao sacerdocio da muller (inventado mesmo unha categoría teoloxicamente híbrida como a das “verdades irreformables”, aínda que non definidas como infalibles). Todo iso, flanqueado por unha estrita vixilancia que, xunto a diversos tipos de exclusión ou censura, cortaba o camiño académico a todo teólogo ou teóloga sospeitosos de desviación.

Feita así, a enumeración, á parte de incompleta, pediría precisións e debería seguramente admitir correccións. Pero non é fácil negar a verdade na impresión de conxunto. E, sobre todo, interesa o feito de que nese ambiente aliméntase e trata de xustificarse

agora a resistencia ao papa Francisco e mesmo os intentos de desqualificar as súas propostas.

Neste sentido, parécenme desenfocados traballos coma o de Ole-gario González de Cardedal<sup>14</sup>, que, baixo unha exposición histórica aparentemente neutral, dá por obvia tanto a corrección da opción do papa profesor, como o diagnóstico teolóxico-cultural no que o apoia (que é tamén o que domina a súa teoloxía). Sobre esa base establece unha comparación co papa Francisco, que, de maneira implícita pero inconfundible, pon en sordina o acerto ou a validez das súas opcións. Faino mediante un diagnóstico recorrente: Bieito é o grande e auténtico papa-teólogo, que diagnostica con acerto o tempo cultural e preserva a pureza da fe; Francisco é o papa-pastor, bo, pero —e o pero repítase coma un retrouso en case cada epígrafe da comparación— fáltalle isto ou non deixa claro o outro e está por ver o resultado de aquilo ... Mesmo o humanísimo xesto de non chamarlle encíclica ao escrito, cualificándoo modestamente de exhortación apostólica, renunciando á típica linguaxe solemne e mostrando as súas preguntas e incertezas humanas, serve para rebaixar a súa autoridade teolóxica. En xeral, a consigna calada ou polo menos a que moitos lerán entre liñas, é: paciencia e agardar, pois dá a impresión de que se trata dun episodio transitorio e as augas volverán ao seu rego.

Advírtoo, porque, anunciadas estas ideas en medios culturais e enviado o escrito aos bispos (para moitos dos cales as súas ideas teñen case valor de oráculo), pode constituír unha sementeira murchadora, que tranquiliza as consciencias, confirma as inercias, desmobiliza a resposta e acaba contribuíndo á resistencia pasiva, demasiado forte xa por si mesma.

## 6.- A opción polo papa pastor

Fíxose claro desde o primeiro momento. A corpo limpo, desarmado de *capisaios*, presentouse recentemente elixido ante os congregados na Praza de san Pedro. Non se autodenominou papa, senón bispo de Roma e, rogado para que impartise a bendición, pediu ser

14 De Ratzinger a Bergoglio o *Los vuelcos en la Iglesia*, conferencia na Real Academia de Ciencias Morais e Políticas; publicada despois, con algunhas modificacións, en varias revistas.

primeiro bendicido el polos fieis. Esta petición, uns días ou unhas horas antes, non é que fose inusual, senón que era simple e literalmente impensable desde a teoloxía dominante. Con ese instinto infalible dos bos momentos que algunhas veces acontecen na historia, todos percibiron –todos percibimos– que algo novo se anunciaba: reaparecía, evocada, a figura de Xoán XXIII e renacía, cheo de frescura, o espírito do Concilio. Todo tan natural e asemade tan revolucionario, que desde entón moitas cousas xa non teñen volta atrás.

Cando máis tarde, nunha desas metáforas que, coma as parábolas evanxélicas, dan no cravo e entende todo o mundo, dixo que era preciso “cheirar a ovella”, poñería en palabras o que nese momento se inauguraba: o goberno eclesial dun papa pastor.

Pastor no estilo de vida. Abandona o palacio, inevitablemente aillador e distanciador, para buscar o contacto directo coa xente, a súa vida e os seus problemas. Fai normal o extraordinario e inesperado. Desaparece o estilo de corte pontificia –“non son un príncipe do renacemento”, dixo escusando ou, mellor, explicando a súa ausencia ao famoso concerto– e insiste no servizo, contra a peste do carreirismo (xa denunciado polo seu antecesor).

Pastor na dedicación plena, directa e exclusiva á tarefa pastoral: sabe consultar e distribuír tarefas, pero non delega na Curia o goberno da igrexa. Predica cada día e busca o trato pastoral coa xente, invertendo as preferencias de tempo e de nivel: do alto e diplomático ao humilde e cotián. Móstrano ben, ademais, a elección e o estilo das visitas e as viaxes.

Pastor, ante todo e sobre todo, na preocupación prioritaria e na entrega incondicional ao evanxeo dos pobres, sufrintes e necesitados de todo tipo. De feito, inverte radicalmente as prioridades no anuncio, evitando a martelada moralista con tradicional acentuación dos diversos aspectos e miudezas da moral sexual. Confeso que durante moito tempo soñara con que, por fin, un papa puxese o centro do seu anuncio nos grandes e sanguentos problemas da humanidade, de xeito que, acomodada e mellorada, puidese aplicár-selle a famosa sentenza con que Catón acababa os seus discursos: “polo demais penso que a fame e a guerra deben ser destruídas”.



O mundo necesitaba que no ambiente resoase, clara e central, a alegría do Evanxeo, o anuncio dun Deus que a través dos profetas e de Xesús de Nazaret foi revelando que esa é a súa preocupación central e o criterio definitivo para medir a verdade da fe.

De aí a chamada a descentrarse, a saír do ensemblesmamento eclesiástico, a armar lea para sacudir as inercias. Expresouno cunha das súas metáforas luminosas e orixinais: converter a igrexa en “hospital de campaña tras unha batalla”, que a todo o demais antepón o traballo por curar feridas e sandar corazóns. Faino cunha enerxía e incondicionalidade que –evocando a frase do Mestre: “vin traer lume á terra e que vou querer, senón que arda”– non dubida en exclamar con palabras que son todo un programa: “quérolles dicir francamente que prefiro mil veces unha Igrexa accidentada que unha Igrexa enferma. A enfermidade típica da Igrexa encerrada é a autorreferencial; mirarse a si mesma, estar encurvada sobre si mesma como aquela muller do Evanxeo. É unha especie de narcisismo que nos conduce á mundanidade espiritual e ao clericalismo sofisticado, e logo impídenos experimentar ‘a doce e confortadora alegría de evanxelizar’”.

A proclamar isto, a ilo iluminando co exemplo, sen esixir nada que el non practique (“estou chamado a vivir o que pido”<sup>15</sup>, dedica todo o seu tempo e todas as súas forzas: pastor *full time* e, se se me permite a expresión, pastor *full life*. Sen ocultar a súa disposición para dar a vida, se a tarefa pastoral, a comunión directa coa xente ou o compromiso cos grandes problemas e urxencias humanas así o esixisen.

## 7.- A teoloxía do papa pastor

Dito isto, e habería que dicir moito máis, queda falar do punto da cuestión con que algúns tratan de descualificalo e que demasiadas veces se converte literalmente en doloroso *punctum crucis* con que outros tratan de crucificalo, de esfolalo: Francisco non é teólogo, non sabe ou non ten teoloxía, afirman e propalan.

Que non é teólogo de oficio e que –grazas a Deus– non quere exercer de tal, é unha obviedade. Algo que, polo demais, el asume

15 *Evangelii gaudium*, n. 32; en diante citarei no texto como EG.

e confesa claramente. Distinta, por falsa e superficial, é a consecuencia que algúns pretenden sacar. Quen ao escoitalo, ao ler as súas entrevistas e repasar os seus escritos maiores, aínda que sexan poucos, non perciba aí unha profunda e moi actual sabedoría teolóxica, ou non sabe teoloxía ou, o que é peor, ten unha idea moi estreita e academicista da súa esencia e a súa función. Certamente, o papa actual non elaborou, nin creo que estea na súa intención facelo, unha teoloxía estritamente sistemática. Pero estudou teoloxía, iniciou unha tese interrompida por razóns non académicas e demostra un vivo coñecemento dos problemas fundamentais que presenta a situación actual.

Por fortuna, a teoloxía científica, digamos regrada e sistemática, á que ordinariamente nos referimos ao falar de teólogos de oficio e dedicación, non é a única. Ten o seu rol, mesmo necesario e imprescindible, na igrexa. Pero, xunto a ela, acompañándoa e alimentándoa, está unha “saboría teolóxica”, máis directamente encolada á vida, á piedade e á praxe. E nesta saboría Jorge María Bergoglio leva moitos anos sendo un gran experto; e Francisco, na súa función de papa pastor, está a demostrar que non só a vive e a practica, senón que está decidido a promovela na igrexa, con exquisito e relativamente inédito respecto pola súa autonomía específica e pola liberdade no seu exercicio.

Ante todo, saltando por riba dos dous últimos pontificados, reenlaza co Vaticano II, para tomar con absoluta seriedade o diagnóstico fundamental. Exprésao na entrevista de Spadaro con frase á que non lle sobra unha palabra: “O Vaticano II supuxo unha relectura do Evanxeo á luz da cultura contemporánea”.

É o que propuxera Xoán XXIII ao convocalo e ao que el se dedica con decisión firme, convencido de que “a nosa non é unha fe-laboratorio, senón unha fe-camiño, unha fe histórica”. Avisa de que iso non implica o temido relativismo, senón apertura a un “Deus que é sempre sorpresa” e non teme a novidade, sempre que esta se mida polo que non dubida en chamar a súa “certeza dogmática”, a saber, que Deus está en toda vida e en toda a historia humana. Presenza perenne, incansable, sen discriminación, pois mesmo nas

existencias máis perdidas ou deformadas existe sempre un espazo para o seu amor. Por iso é necesario fiarse de Deus, arredándose dos profetas de calamidades e evitando converter o espírito cristián “nunha Coresma sen Pascua” (EG 6). Prefire non falar de optimismo, senón de esperanza; pero desde esta pide e promove valentía e horizonte aberto para a “alegría do Evanxeo” (nisto evocará tamén o “gozo da igrexa nai” de Xoán XXIII? En latín a coincidencia é clara: *gaudium /gaudet*).

Esta volta non é mera proclama, senón que nace dunha teoloxía de fondo, profundamente asimilada. Nunca antes en ningún pontificado se tomou tan en serio e con tal consecuencia a imaxe da igrexa como pobo de Deus. A igrexa como suxeito activo e corresponsable, de xeito que non recea de proclamar que “o conxunto dos fieis é infalible cando cre”, sen que deba quedar reducido ao ditado directo dos teólogos de oficio, nin “teña que ver unicamente con sentir coa súa parte xerárquica”. Igrexa, pois logo, íntegra e en comunión, que reconece a diversidade de carismas e niveis de servizo, sen imposicións autoritarias nin particularismos dispersivos, senón vivindo en “sinodalidade”. Porque o camiño eclesial consiste en avanzar xuntos no respecto das diferenzas, na dirección marcada por Xesús.

De aí a necesidade dun novo reequilibrio nos acentos da vida e nas verdades da teoloxía. O papa Francisco asimilou a fondo a nova énfase conciliar na xerarquía das verdades e, con profundo sentido de pastor, soubo estendelo tamén á moral e á predicación. Os parágrafos dedicados a este tema na *Evangelii gaudium* son dunha xusteza evanxélica e dunha orixinalidade teórica, nada frecuentes nos teólogos de oficio.

E na base, como humus nutricio, está a convicción de que a renovación teolóxica que hoxe necesita a igrexa esixe recuperar a experiencia orixinaria. A revolución cultural moderna foi tan grande que, en expresión de Paul Tillich, “conmoveu os alicerces de todo o edificio teolóxico” e obriga a repensalo todo, incluso as cuestións máis fundamentais, desde novos presupostos teóricos. Por iso é necesario recomezar desde abaixo, desde o contacto vivo coa experiencia.

No persoal, a sabedoría teolóxica de Bergoglio móstrase na súa distinción coidadosa entre o nivel máis directamente experiencial da fe e o estritamente teolóxico. Naquel sitúa o común e indubidable, aquilo no que é preciso apoiarse e do que debe partirse. Iso explica a súa insistencia segura e infatigable —a súa certeza dogmática— no exercicio concreto e realista dos valores evanxélicos. Aí é onde, en última instancia, se mostra e se demostra a verdade cristiá. E é na vida real, no respecto ao que, máis aló das condutas externas, sucede no corazón das persoas, onde hai que esforzarse en discernilo, sen xulgar aos demais. Por iso, seguindo ao Mestre ante o escándalo de entón —“non xulguedes”—, soubo repetir ante o escándalo de hoxe: “Quen son eu para xulgar?”

A precisión teolóxica de carácter máis elaboradamente teórico e sistemático vén despois... e poñendo coidado en escapar do “perigo de vivir nun laboratorio”. E iso necesita tempo e paciencia, evitando o dogmatismo, que, no fondo, implica desconfianza na asistencia divina, sempre presente e sempre activa: “Se un ten respostas a todas as preguntas, estamos ante unha proba de que Deus non está con el”. Unha mostra máis de que toma en serio o seu principio de primacía da duración tempo sobre a forzada simultaneidade do espazo.

A sabedoría teolóxica do papa pastor móstrase precisamente aquí: en exercer o rol propio do seu servizo pastoral, sen por iso negar nin desvalorizar o dos teólogos. Ao contrario, coa súa distinción de planos potencia a importancia da teoloxía e protexe a liberdade do seu exercicio. Abonda con ler un parágrafo como o 40 da *Evangelii gaudium* para comprender que non hai, como algúns pretenden, a mínima inxenuidade teolóxica na súa postura, senón unha visión moi precisa e moi consciente da situación actual:

Ademais, no seo da Igrexa hai innumerables cuestións acerca das cales se investiga e se reflexiona con ampla liberdade. As distintas liñas de pensamento filosófico, teolóxico e pastoral, se se deixan harmonizar polo Espírito no respecto e o amor, tamén poden facer crecer a Igrexa, xa que axudan a explicitar mellor o riquísimo tesouro da Palabra. A quen soña cunha doutrina monolítica defen-

dida por todos sen matices, isto pode parecerlle unha imperfecta dispersión. Pero a realidade é que esa variedade axuda a que se manifesten e desenvolvan mellor os diversos aspectos da inesgotable riqueza do Evanxeo. (Léase tamén o denso lúcido texto EG 133).

Nesta perspectiva, talvez non se valorou suficientemente a reiterada afirmación do papa cando, ante os problemas especialmente discutidos e conflitivos, asegura ante todo o valor evanxélico que debe ser preservado, para despois, e de maneira expresa, encargar aos teólogos a discusión ulterior acerca do modo da súa aplicación ou actualización. Non impoñer unha teoloxía xa elaborada, senón abrir o espazo para ir construíndo unha visión teolóxica renovada. E facelo con liberdade: “Non teñan medo de que Müller se lles bote enriba”. Na espontaneidade xocosa desta frase pronunciada en grupo de traballo, translócese todo un estilo e constitúe todo un símbolo. Creo tamén que unha nova esperanza para a teoloxía, demasiado tempo calada, encolleita e controlada.

## 8.- A aposta e xestión do Sínodo

A fondura e orixinalidade con que Francisco convocou e iniciou o Sínodo sobre a Familia só se entenden á luz da súa visión global acerca do modo como a novidade salvadora do Evanxeo pide ser anunciada na situación actual, de maneira que responda ás súas necesidades prioritarias e estea á altura das xustas esixencias culturais.

1) A súa visión da igrexa como suxeito activo e corresponsable, todo el comprometido no discernimento e proclamación da fe, explica o xesto inédito da enquisa previa. Facer partícipe a toda a comunidade era a consecuencia obvia, como único modo de captar os problemas na súa verdade viva, realista e concreta, evitando a anomalía de que cuestións que afectan tan intimamente a todo o pobo de Deus, quedasen entregadas tan só á deliberación dunha asemblea de pastores célibes.

Nesa mesma liña está a chamada expresa do papa para falar e dialogar con plena liberdade, garantindo ademais o exercicio da mesma coa súa presenza atenta, calada e sen interferencias. Ade-

mais, o reforzo dun estilo sen medo á luz e aos taquígrafos é garantía de que os resultados alcadados na asemblea non quedarán finalmente ao arbitrio dunha redacción última, fóra xa de toda posibilidade de garantir a súa fidelidade ao acordado.

2) A opción pastoral, que con sabedoría teolóxica renuncia a impoñer un modelo previo en nome dunha tradición xa elaborada, abre as portas a unha reflexión creativa. Non pretende dispoñer de solucións xa feitas, senón que, como dixo na homilía de apertura, exhorta a deixarse guiar polo Espírito Santo, para non frustrar “o soño de Deus” e ir “máis aló da ciencia, para traballar xenerosamente con verdadeira liberdade e humilde creatividade”.

Na realización teolóxica da tarefa, o papa insistiu repetidamente na estrutura fundamental do proceso. O único verdadeiramente seguro, a certeza dogmática, o que pertence á competencia relixiosa da igrexa, está en exhortar ao recoñecemento e cumprimento daqueles valores que se recoñecen claramente como concordes co proxecto divino para a humanidade, deixando á reflexión actualizadora, condicionada polo tempo e a cultura, a concreción que pertence ao plano especificamente ético ou moral<sup>16</sup>.

Isto é decisivo, porque na confusión de planos reside o núcleo das resistencias, que pretenden defender en nome da fe o que son concrecións morais claramente condicionadas pola súa circunstancia histórica. Non se pensa que esa concepción vai xustamente contra a esencia mesma da revelación bíblica. Doutro xeito debe-

---

16 Redactadas estas liñas, comprobo que, falando no Sínodo, Antonio Spadaro definiu ben esta estrutura gnoseolóxica, falando do “pensamento incompleto do *discernimento pastorale*”. Descríbeo así: “*Il discernimento pastorale, vissuto con prudenza, saggezza e audacia, appare a strada giusta per pensar in termini di misericordia. Occorre riscoprire così il patrimonio dottrinale della tradizione in modo da prendere sul serio la odierna condizione umana. Questo discernimento pastorale è il risultato di quello che il Santo Padre ha definito 'pensiero incompleto' e aperto (Civ Catt 2013 III 449-477), che sempre, in continuazione, guarda il cammino all'orizzonte, avendo come stella polare Cristo. Il pensiero è 'incompleto' non perché debole o approssimativo, ma semmai perché 'approssimato', cioè perché ha sempre presente il prossimo, la persona, la salvezza di ciascuno. Il discernimento pastorale in tutti i casi punta sempre alla maggiore crescita possibile della persona. Del resto è proprio questa la maggior gloria di Dio (cfr Ireneo di Lione, Contro le eresie, 4,20,5-7)*”. Pode verse a intervención en: <http://www.cyberteologia.it/2014/10/intervento-dei-p-antonio-spadaro-s-i-al-iii-sinodo-straordinario-dei-vescovi-sulla-famiglia/> (acceso 24-10-2014).

rían, por exemplo, defender hoxe a poligamia, porque así o fixo a Biblia en momentos culturais que, a nivel moral, o esixían ou o facían comprensible.

Certas argumentacións acerca da homosexualidade, apoiándose en textos bíblicos cultural e socialmente condicionados, non acaban de ver esta evidencia. E incluso nun tema tan firme e sancionado polas palabras de mesmo Xesús, como é o da indisolubilidade do matrimonio, non atenden á liberdade exercida no propio Novo Testamento. Alí, sen cuestionar o valor relixioso da exhortación do Señor, Mateo, coa súa excepción no caso da *porneia* (sexa cal for o significado exacto, adulterio ou algún tipo ilícito de conduta sexual), e mais Paulo, co despois chamado “privilexio paulino”, propoñen de maneira expresa modificacións no nivel da moralidade práctica; ao que ha de engadirse o feito de que, moito máis tarde, a igrexa introduciu aínda o “privilexio petrino”.

Non interesa aquí, está claro, a casuística sobre o alcance ou a xustificación desas excepcións. O importante é ver como na tradición da igrexa, desde as mesmas orixes, están presentes unha liberdade e unha capacidade de comprensión e adaptación, que as circunstancias da cultura actual non só fan máis comprensibles, senón mesmo máis necesarias.

3) É aí, no espírito de comprensión, onde se exerce a outra dimensión. A necesidade de partir da experiencia, gañando liberdade teolóxica e pastoral desde o enraizamento firme na seguridade que dá a confianza na fidelidade infalible do amor divino. Só interesan e teñen garantía evanxélica as conclusións e as teorías que parten desta raíz e respectan a súa intención. De aí a necesidade de que os teólogos “non se contenten cunha teoloxía de escritorio”, que os pastores lembren “que a autoridade na Igrexa é servizo” e que todos comprendan que o fundamental é “derramar o aceite e o viño sobre as feridas dos seres humanos”, sen ceder á tentación de mirar a humanidade “desde un castelo de vidro para xulgar e clasificar as persoas”.

Nesta actitude, a súa óptica faise evanxélica, e do exemplo de Cristo aprende que o decisivo é ter “as portas abertas para recibir

os necesitados, os arrependidos e non só os xustos ou aqueles que cren ser perfectos!”. Entón, ante o problema da comunión dos divorciados, o rigorismo perde o seu sentido, porque se fai claro o fundamental: “A Eucaristía, aínda que constitúe a plenitude da vida sacramental, non é un premio para os perfectos, senón un xeneroso remedio e un alimento para os débiles”, pois que “a Igrexa non é unha aduana, é a casa paterna onde hai lugar para cada un coa súa vida ao lombo” (EG 47).

E, sobre todo, para calquera problema, o criterio non debe situarse en teorías abstractas nin en fidelidades xurídicas, senón no esforzo por acomodarse á óptica de Deus, que, como diría Xoán, é sempre “máis grande ca o noso corazón”. Francisco repetiuno en concreto. Ante a pregunta, de claro corte saduceo –se dis que si, vas contra a tradición; se dis que non, renegas da bondade– acerca da homosexualidade, contesta ao estilo do Nazareno: “Dime: Deus, cando mira a unha persoa homosexual, aproba a súa existencia con afecto ou rexéitaa e condénaa?”.

Non cita neste contexto as dúas magníficas e repetidas afirmacións de san Xoán da Cruz acerca da mirada divina. Con elas quero pechar estas reflexións, pois confirman belamente a proposta papal. “O mirar de Deus é amar”, di a primeira, que chama á comprensión, á solidariedade, ao apoio e á acollida xenerosa; acollida disposta mesmo a aprender alí onde antes só había discriminación e condena (dicíao un lúcido texto da primeira redacción, que –por desgraza e esperemos que só “aínda”– non recibiu a suficiente votación na asemblea). A segunda afirmación é: “O mirar de Deus é crear”, rompendo continuamente as nosas estreitezas e fronteiras, chamando a traspasar o ensimesmamento eclesial, para entregarse creativamente á novidade divina, sempre envorcada a favor da realización dunha humanidade máis humana.

**Andrés Torres Queiruga**  
Teólogo e académico





## Esther de las Cuevas Ortiz

---

Carme Gaité

“A min non me fagades unha Misa de Defuntos, facédeme unha Eucaristía de Acción de grazas. Grazas a Deus pola vida que me ten dado, por todas as oportunidades e polo seu amor”. Esta é unha frase que repetiu “Guada” moitas veces ao longo da súa vida. Quizais os derradeiros días de agravamento da súa enfermidade, con dificultade para respirar, non a repetiu tanto; pero non seus momentos máis tranquilos sempre deixou translucir a súa conciencia de sentirse amada por Deus.

Guada naceu nunha familia de Santander, moi relixiosa. Seu pai foi un home comprometido coa Igrexa e na súa casa sempre había un prato na mesa para quen o estaba a pasar mal. Buscado polos “roxos” en tempo da guerra, foi precisamente unha persoa de esquerdas, agradecida polos favores que recibira del, a que o escondeu na súa casa nos tempos difíciles da guerra civil na cidade de Santander. Seguramente foi este o berce onde viviu a solidariedade co necesitado, que marcou despois a súa vida.

Quixo a casualidade que, buscando seu pai un internado onde a súa filla realizase algún estudo, dos que o tempo da posguerra permitía, fose caer no rexentado polas RR. Filipenses na localidade cántabra de Unquera. Alí tiña a congregación o noviciado, e a alegría que manifestaban as irmás, foi o gancho humano que a levou a consagrar a súa vida a Deus nesta congregación.

Pasou os primeiros anos de relixiosa en Vilagarcía, como profesora de párvulas, ao tempo que axudaba ás alumnas maiores que se preparaban para os exames de Maxisterio, que realizaban despois en Pontevedra.

A súa conciencia misioneira levouna a se ofrecer ás superiores maiores da Congregación para participar na apertura dunha Casa na cidade de Acandí, na selva colombiana. Non lle foi aceptado este ofrecemento, pero pedíuselle a súa participación nunha fundación en USA, na cidade de Reno. Alí axudou á posta en marcha dun colexio parroquial e ao seu desenvolvemento durante catorce anos.

Ao acabar o seu traballo en EE.UU., volveu novamente a Vilagarcía e integrouse no Colexio Filipense desta localidade.

O seu compromiso de axuda aos mais necesitados levouna a fixarse na comunidade xitana da localidade e, xunto co crego Daniel Espiño, coadxutor nese momento de Vilagarcía, traballou para a construción dunha escola no mesmo poboado. Dentro da estrutura educativa oficial do momento, a escola foi recoñecida como escola ponte. A separación da sociedade daquel tempo coa etnia xitana dificultaba o atopar un mestre/a que aceptase a contratación para facerse cargo da escola, polo que ela mesma, deixando o colexio filipense, ofreceuse para a tarefa de se entregar á educación dese grupo desfavorecido da sociedade. Durante os 20 anos que lle quedaban de vida activa, centrouse na promoción dos nenos e adultos do poboado. Tratou de acadar todas as axudas posibles para mellorar a alimentación dos cativos e o seu desenvolvemento intelectual. Sempre manifestou que para ela estes anos foron dun forte enriquecemento espiritual pola proximidade ós desfavorecidos da sociedade.

Durante este tempo participou tamén activamente na formación dun conxunto de rapaces vilagarcíans que, como grupo, foron comprometéndose co espertar da conciencia de galegitude.

Estes son anos, tamén, de participación nos grupos cristiáns que se comprometen nesa liña. Participa nos encontros de Coloquios de Poio, nas xuntanzas promovidas por esta Igrexa comprometida coa galegitude que desembocou na fundación de IRIMIA. A súa participación nas Romaxes foi constante, ata este último ano, xa moi minguada a súa capacidade de movemento despois dunha primeira manifestación da súa fin cun internamento en xullo no centro hospitalario de Povisa, en Vigo.



Despois da súa xubilación, centrou a súa actividade solidaria en Cáritas interparroquial, colaborando activamente na organización dun roupeiro recoñecido por algúns usuarios transeúntes como *El Corte Inglés* de Cáritas. Procurou sempre achegarse á persoa e que a axuda material fose envolta de cariño e interese pola vida e inquietudes de cada un.

Todo este tempo e estas actividades tiveron como marco vital a comunidade Filipense inserta no barrio de Trabanca Badiña, de Vilagarcía de Arousa, onde todas as relixiosas que ao longo dos 36 anos de presenza no barrio formaron parte do grupo comunitario, xunto co referido crego Daniel Espiño, tratamos de promover unha comunidade cristiá comprometida coa galeguidade e nunha liña de renovación teolóxica.

O sentimento desta comunidade cristiá de Trabanca, e de todos os grupos cos que traballou e nos que deixou testemuño da súa entrega, fíxose patente no acompañamento masivo dos mesmos nos distintos momentos das celebracións relativas ao seu pasamento.

Grazas, Guada, pola túa vida.

**Carme Gaité**



## Carta de despedida de Begoña Caamaño, dirixida a Uxía

---

O pasado 27 de outubro falecía en Santiago a escritora e xornalista Begoña Caamaño logo dunha dura enfermidade. No acto de homenaxe que tivo lugar en Boisaca o día 28, a súa amiga, a cantante Uxía Senlle leu unha carta que lle enviara a escritora. Nela a escritora fai patente a súa alegría pola vida e o sosego diante dunha morte que sabe próxima. Agradecemoslle á Ed. Galaxia ternos facilitado este documento vital que reproducimos para todos.

Benquerida Bego:

Pensei se optar polo silencio ou só pola música, que como ben sabes, é sandadora e vital. Mais as palabras que ti tan maxistralmente usaches, tamén nos reconfortan moito e, ágora, nestes momentos da despedida, non vou citar nin fragmentos de Circe<sup>1</sup> nin de Morgana<sup>2</sup>. Vou achegar unha carta túa que levo no corazón este tempo todo e que hoxe quero compartir con todas e todos porque creo que te engrandece tanto, que che fai xustiza, que expresa o xeneroso e linda que es, miña amada Bego.

E así te vou lembrar, así te queremos lembrar: fronte ao mar, nun xantar nun piñeirral no verán da Illa de Arousa, rodeada de xente querida, co teu sorriso amplo e luminoso presidindo a xornada e toda esa rede de afectos que teciches cal incansable Penélope.

Esa tarde houbo moita música, baños xélidos, aloumiños, confidencias e as nosas mans e os nosos corazóns unidos, para sempre. Querémoste, irmá...

---

1 *Circe ou o pracer do azul*, 2009, Galaxia.

2 *Morgana en Esmelle* (2012, Galaxia) foi premio Ánxel Casal da Asoc. Galega de Escritores, premio AELGA á mellor obra en narrativa, Premio da crítica de narrativa galega e premio Antón Losada Diéguez no ano 2012,

## A carta de Begoña di así...

Querida Uxi:

Eu levo xa tanto vivido, tanto aprendido, tanto amado e tanto amor recibido que non podo dicir que a miña morte sexa inxusta. Indexada si, como todas... que me encantaría vivir outros 47 anos, tamén. Sempre temos apego a vida, sobre todo porque sabemos que, pese aos seus mil amargores, a vida compensa.

Pero Uxi, non vou mentir dicindo que por veces non teña medo e rabia, pero é máis pola incerteza que pola morte en si mesma.

Putada, o que se di unha putada grande e real sería ter vivido unha vida de merda, estar dende os 6 anos furgando no lixo dos vertedoiros de Antanaribo, ou dende os 8 turrando dunha vagoneta de carbón en Bolivia, ou dende os 11 pechada nun burdel de Bangkok! Ter unha vida tan miserable que che fai desexar a morte como un alivio.

Iso é a gran putada... e hai millóns de persoas que sofren a vida, porque realmente a sofren, cada día. Ter unha vida tan boa, tan rica, tan chea en coñecementos, curiosidades e, sobre todo afectos, é un regalo. Ter medo á morte cando a vida foi tan rica e intensa é normal, pero morrer tras unha vida así é, en realidade, unha sorte... Canta xente morrería só por ter a metade do que eu tiveren...

Polo demais, Uxía ben amada, ata nestas circunstancias, aínda que pareza estraño, son feliz, por moi grande é absurda que soe a palabra felicidade.

Gustaríame morrer como no fermoso cadro de Leandro Lamas co que me agasallastes... facer unha festiña tranquila, poder vervos a todas e todos, despedirme de cada unha de vós, partillar un brinde pola vida, escoitarte por última vez cantar o *Alalá das Mariñas* e logo adormecer... sen dor, sen estertores, adurmiñarme repousando no peito de Etxaniz, ir notando como o sono me vence, como a túa voz soa cada vez máis baixiña no meu corazón, como os vosos sorrisos se van desdebuxando, perdendo as vosas individualidades ata se converter nun sorriso único, cálido e amable coma o sol nun día de xuño... e xa non espertar máis.

Ese é o meu último, íntimo gran desexo. Egoísta, sen dúbida, pois en absoluto me preocupa a “outra parte”, vós e a vosa tristura e desconsolo.

Mais a vida foi tan boa comigo, tan boa con todas vós que ata nos está dando o tempo preciso para nos ir facendo á idea e que o salto definitivo non sexa tan traumático nin trágico, senón unha dor miúda, serea e calma... e que esteades todas xuntas, todos xuntos, para vos consolar mutuamente e, cando xa eu teña adormecido para sempre, volveredes a brindar por min, se é que vos parece que o merezo.

Bicos, Uxi. Quérote pola vida.

**Uxía Senlle**



## Corrupción en España: unha ollada diferente

---

Xosé Luís Barreiro Rivas

### 1.- Dúas metáforas para abrir boca

Cando se inicia un curso de primeiros auxilios, ou se trata de educar á poboación xeral sobre a asistencia a posibles accidentes, a idea que máis custa implantar é que é moito máis perigosa unha mala manipulación do traumatizado que o feito de non facer nada e esperar a que cheguen os enfermeiros profesionais. O instinto de todas as persoas de ben maniféstase normalmente nunha imperiosa necesidade de axudar, de consolar, de tocarlle e facerlle caricias a quen está ferido e devece nas súas constantes vitais, pero o consello dos sabios é sempre a exquisita prudencia. E esta idea, por estraña que parece, é perfectamente aplicable a un catastrófico accidente de corrupción como o que agora sofre España, xa que todo indica que a imperiosa necesidade

de intervir que amosan xuíces e políticos, da que se deriva unha temeraria adopción de remedios tópicos e mal coordinados, está servindo moito máis aos que pensan que estamos en tempo de derrube e que o caos axuda á catarse, que aos que están preocupados por buscar remedios que sexan compatibles coa rexeneración e estabilidade dos sistemas.

A segunda metáfora tíroa das películas de vaqueiros, nas que é moi corrente ver escenas nas que un militar novato, tenente profesional formado en West Point, que, véndose obrigado a organizar cos civís a defensa da caravana atacada polos indios, ten que dedicar a maioría do seu tempo e esforzo a dicirlles aos ben dispostos granxeiros que non disparen até que el dea a orde. Porque, para un persoal que non está formado nas técnicas e na disciplina militar, é



case imposible conterse até que o inimigo está a tiro, ou entender que o fogo a discreción iniciado nun intre inadecuado só serve para darlle pistas ao atacante e para esgotar a munición que máis tarde será escasa e imprescindible. E tamén con esta metáfora podemos aceptar que, alporizados polos riscos imprevisibles que están asociados á corrupción política xeneralizada, tamén son moitos os españois – institucións, xuíces, cidadáns e políticos en activo– que pensan que hai que disparar sobre todo o que se move, que calquera segundo que se perda na defensa da ética será unha perda irreversible, e que o tenente que avisa que ninguén dispare sen recibir a orde non pode ser máis ca un cómplice dos atacantes, ou un estúpido novato que só quere lucir o uniforme e non sabe nada do que trae entre as mans. Pero a verdade é que nos dous exemplos expostos, igual que sucede no problema da corrupción, teñen razón os expertos, e que España está sendo sometida a unha tensión tan impresionante coa loita coa corrupción, que moito me fai temer que o remedio empece a ser peor que a propia enfermidade.

O primeiro que perdemos foi a perspectiva comparada, e xa empezamos a crer, como adoita suceder, que “o que pasa aquí non pasa en ningunha parte”. Pensamos, por exemplo, que o problema da mafia italiana, ou dos *narcos* que aterran e controlan Sudamérica, non son corrupcións políticas, senón xinetes do Apocalipse que baixaron á terra para queimala. Tamén pensamos que o obsceno uso da guerra e da industria armamentista que fan países como Estados Unidos ou o Reino Unido, son compatibles con sociedades transparentes e democráticas en grao excelente. Pensamos incluso que a prisión de Guantánamo, os masacres de Palestina, a xestión económica da inmigración hispana, a discriminación racial recidiva ou a exportación das tensións financeiras ao terceiro mundo son cousas máis leves ca unha viaxe de Monago a Tenerife ou un emprego nun servizo auxiliar de limpeza urbana no concello de Lugo. E a ninguén se lle ocorre pensar que a proliferación de asasinatos en países como México, Venezuela ou os estados Unidos non agachan fondísimas corrupcións do sistema

político que entre nós se consideran insoportables. Son certas dúas cousas –contraditorias entre si– que temos que aceptar: que imos moi atrasados con respecto ás democracias nórdicas europeas, a países como Suíza ou Bélxica, e mesmo ás democracias asentadas en grandes países europeos (Francia, Alemaña ou Reino Unido); e que o noso nivel alarmante de corrupción soamente se impón na comparación cos mellores, o que, se ben impón a necesidade de actuar, non permite pensar que padecemos xa metástases irreversibles.

Tamén esquecemos, nunha segunda reflexión, que os elementos esenciais da rexeneración –policía, xuíces, división de poderes– figuran entre os modelos máis íntegros e controlados do mundo, e que por iso temos esta sensación benéfica de que, antes ou despois, as paga todo o mundo, e que incluso nos podemos permitir o luxo de igualar –de xeito indebido e perigoso– as grandes corrupcións coas pequenas corruptelas, coma se os miles de millóns que se investigan nos Pujol, ou no caso dos ERES de

Andalucía, ou no Caso Palau, fosen comparables coas cutres trapalladas da Pokémon, ou coa incompresible e inxusta dureza exercida contra os sete concelleiros de Santiago que foron inhabilitados, ou coma se fose normal que certos debates que con toda evidencia politizan e instrumentan a xustiza –caso Carril, por exemplo– foran suficientes para converter a Ánxel Currás nun corrupto sinalado a nivel nacional.

A isto contribúe, penso que sen querelo, a propia Xustiza, que aventando como graves corrupcións certos desaxustes de xestión ou certos malos usos do poder que foron socialmente aceptados até antes de onte, xera despois unha enorme frustración cando caen casos enteiros de sumarios coma o das multas de Lugo, cando se paralizan sumarios coma o do fraude nos cursos da CEOE-CEG de Galicia, cando se imponen penas de 9 meses a Matas e o obrigan a ingresar en prisión sen ter aínda outras condenas en firme. O caso da operación italiana denominada “Mans limpas”, que abriu máis de 2.000 sumarios e pechou menos de 10, debería

servir de referencia para este modelo de rexeneración que estamos abrazando, e que moito me temo que non vai rexenerar nin castigar case nada do que neste intre damos por gravísima corrupción.

Esta falta de medida, comparación e perspectiva faise máis patente aínda se temos en conta que en España está asentada a impresión de que a gran corrupción está asentada nas periferias do poder –autonomías e concellos– e non nos miolos do Estado, dando por boa unha confusión crasa entre as anécdotas e as categorías. A corrupción económica prodúcena en paralelo as liñas de competencia e do diñeiro, e estaríamos en Babia se non nos dermos conta que de que –igual que sucede nos casos Pujol, ERE, Gürtel, Bárcenas, Matas, CiU e un largo etc.– a gran corrupción non está dominada por espelidos provincianos que actúan lonxe de Madrid, senón polas redes de financiamento de partidos e polos repartimentos de obra pactados polas grandes construtoras e empresas de servizos que, ao tempo de financiar

ilegalmente partidos e fundacións, deixan encolado nos cañeiros do poder o negro colessterol da corrupción.

Non se trata de negar que España sufra neste intre un intolerable nivel de corrupción, nin de pechar os ollos ante a forte sensibilización do problema que xera a crise, nin de minguar a evidencia de que a sociedade civil ve este asunto como o máis grave, máis insultante e máis revelador de cantos afectan a este convulso tempo da política española. Lonxe de negalo, queremos poñelo de manifesto na súa esencia e realidade, xustamente para combatelo. O que queremos evitar é que un mal enfoque da cuestión, cheo de espaventos, falta de contexto e comparación e convertido nun instrumento claramente manipulado ao servizo da loita partidaria, nos impida abordar o problema da corrupción de forma eficiente, e nos leve a disparar, en vez de contra os males esenciais, contra un sistema que fica moi lonxe de estar esgotado e de ter enfronte alternativas minimamente formuladas e realistas.

## 2.- A política non se corrompe soa e illada

O maior erro que estamos cometendo na abordaxe da corrupción é o de crer que estamos diante dun problema exclusivamente político e circunstancialmente estendido, sen decatármonos de que os usos que levaron a baixar a vixilancia fronte a certas condutas e institucións, son detectables en case todos os ámbitos de actividade e da vida común. Máis aínda, obsesionados como estamos por identificar e illar o problema, estamos dispostos a mentírmonos para converter en política todo o que é corrupto e en cívico todo o que é rexeneración. Quizáis por iso non nos decatamos de que a sociedade española foi, até hoxe, o paraíso da recomendación e dos conseqüidores requiridos e recompensados dende a sociedade civil; o ámbito propicio para a corruptela fiscal xeneralizada; o lugar onde menos se respecta a normativa urbanística e a defensa do espazo público. O modelo de xestión das universidades, da carreira docente e o modelo de reparto de recursos está dominado por un persona-

lismo ineficiente e degradado que produce enormes inxustizas. A xestión do patrimonio eclesiástico non é aínda transparente, e aínda é posible que o xuízo polo roubo do Códice Calixtino nos saque os rubores sobre o que foi –e creo que xa non é– a administración da Catedral de Santiago.

Na Xustiza xa é un clásico o converter en falta de medios un pavoroso incumprimento de horarios, unha tremenda ineficiencia na administración procesal e unha incapacidade absoluta para rebaixar o persoal e gañar coordinación. A venda dos medios de comunicación ao poder e ás grandes empresas anunciadoras é xa un lugar común que se explica nas facultades sen sentir ningunha necesidade de falar da responsabilidade ética dos xornalistas. Os espectáculos mediáticos substitúen a información con evidente vantaxe e coa aquiescencia do público. As tendas e mercados denuncian un espectacular siso de 2.600 millóns de euros anuais, até comprometer nestas malas prácticas unha parte moi importante da poboación e definírnos como o se-

gundo país máis cleptómano de Europa e o cuarto do mundo.

O coñecido proceso de colapso das caixas de aforro, o comportamento de numerosos banqueiros, financeiros e empresarios, a crise patente da Casa Real, o espectáculo de luxo e apropiación protagonizado por sindicalistas e partidos proletarios, o desastre xerado pola construción e a falta de enfoques e análises acaídos sobre a xeración e a solución da crise fan agromar un panorama aterrador no que a política deixa de ser o único problema coñecido para converterse nun elemento integrado nese mundo de degradación que precisamos combater. E por iso faríamos moi mal se seguísemos empeñados en converter a política no chibo expiatorio dun tempo e dun mundo degradados.

### 3.- A Lei axuda, pero non basta

Nesta obsesión por reducir a corrupción ao mundo da política, e por converter os políticos nunha raza maldita e distinta do resto da sociedade, estamos entrando na terrible idea de que todo se pode solucionar

mediante unha espiral acelerada de creación de novas leis e normativas complementarias, nun incremento da vixilancia mutua e nun fundamentalismo de transparencia e pureza que empeza a pasar por enriba das presuncións de inocencia e da autonomía do feito político mediante a adopción de prácticas perigosamente inquisitoriais e patentemente inútiles. Corremos o risco de bloquear as administracións, trasladar a xestión aos Xulgados e facer irrespirable todo o mundo da xestión e do servizo público.

E por iso é imprescindible volver os ollos cara á rexeneración ética da sociedade, dando por sentado que a boa medicina sempre é preventiva, e aceptando que se todo queda reducido a un combate entre a astucia e a lei, sempre gañará a astucia. A rexeneración é un concepto moito máis profundo ca a vixilancia e o artellamento dun sistema de controis impenetrable. E por iso quero deixar aquí a advertencia de que, tal e como estamos formulando o problema, con redución ao ámbito da política e cunha encomenda xeneralizada á lexislación e

á Xustiza, podemos atoparnos dentro de pouco cunha pésima colleita.

#### 4.- Non lle botemos a culpa ao sistema

Se non fósemos tan infantís como ás veces nos poñemos, teríamos moi claro que o problema esencial e urxente da loita contra a corrupción está viciado por un mal enfoque da loita partidaria, e non só porque o desgaste natural provocado das forzas sistémicas está no ADN da democracia, senón porque unha estraña conxunción de feitos e procesos fíxolle crer a moita xente que o que até hoxe non foi posible –relevar o PP e o PSOE dos seus papeis de controladores da alternativa democrática–, resulta hoxe algo perfectamente posible, e que o que en realidade é un uso perverso da crítica e do desgaste político, sexa visto por unha parte moi importante da sociedade como unha panacea, ou como esa crise case providencia na que estamos obrigados a traballar cara á nosa liberación.

A idea de que o sistema está en crise é un *mantra* que nos

evita recoñecer que somos nós, a sociedade actual, quen atravesamos unha enorme crise de valores, identidade e proxecto. E por iso teñen crecente aceptación as análises e as propostas de solución que dan por sentado que a culpa tena o *cha-cha-chá* e que, se logramos botar abaixo o modelo xurdido da Transición, teríamos percorrido un bo treito do camiño. Eu penso, sen embargo, que non pode haber maior erro que o de trasladarlle ao sistema –que é unha estrutura xurídica, constitucional e institucional de carácter instrumental– o que é unha grave eiva de orientación social e ética política; podemos atoparnos coa desagradable sorpresa de ter tirado unha casa antes de construír a súa alternativa. Por iso cómpre reflexionar, con Goethe, en que non hai maior inxustiza ca o desorde, ou para evitar a xacobina tentación de facer perecer a lei para salvar a república.

A realidade é que os problemas graves que ten España neste intre, son todos de goberno, non de estrutura constitucional, e, que se lle damos renda solta á vontade de poñer patas arri-

ba o modelo político, podemos atoparnos sumidos nunha crise social e política de longa duración e imprevisibles consecuencias. Desta condición de problema de goberno non se libra sequera a artificiosa e conflitiva resurrección da cuestión catalá, por máis que sexan os medios, os cidadáns e os académicos os que se empeñan en convertela nunha cuestión esencial servida no século XXI cos rancios condimentos do século XIX. Porque, se ben é certo que o cambio de orientación e sistema é unha posibilidade sempre aberta, e totalmente inherente a calquera democracia avanzada, dito dereito ou simple opción de cambio debe exercerse con madurez política, consenso legal e equilibrio social, fuxindo de tirar un modelo antes de erguer outro, e non cometendo o erro de pensar que calquera alternativa é posible, aínda que xogase contra os contextos xurídicos, económicos e políticos dos que formamos parte, neste momento os da UE.

## 5.- Epílogo

Nun contexto de grave crise, cun deterioro político e ético

de enorme entidade, España segue sendo, sen embargo, un país avanzado, rico e con bo prognóstico, cun sistema político flexible e sólido que nos permitiu facer sen dificultade cambios profundos de enorme importancia, e con capital social e humano que sustenta a comparación razoable –nunhas cousas mellor e noutras peores mellores países do mundo. E por iso sería un enorme erro que, adocidos por unha circunstancia da que todos formamos parte e temos proporcional responsabilidade, camiñásemos cara a un horizonte de demolición purificadora, do que nós seríamos as principais vítimas.

Para que tan desproporcionado panorama sexa realista, foi necesario que puxésemos a contribución toda a nosa capacidade de autodesprezo, de radicalismo e de irracionalidade do que somos capaces, e que, lonxe de centrármonos nos únicos dous problemas que son reais e estruturais –o paro e a desigualdade–, lle fixésemos unha emenda de totalidade ao noso sistema e á nosa historia, confundindo a radica-

lidade coa ética e coa xustiza, e aceptando unha inmolación do presente no altar dun dubidoso porvir.

Claro que, cando o pobo se acende, adoita facerse enormemente celoso da súa liberdade e da súa capacidade para tra-

bucarse. E non serei eu, Deus me libre, quen lle discuta a ningún pobo o tan frecuentemente exercido dereito a meterse na súa propia desgraza. O único que pretendo é advertilo. Despois... Deus dirá.

**Xosé Luís Barreiro Rivas**





## Á procura do pasado

Xoán Bernárdez Vilar

Cando andaba nada máis que polos 15 anos, Anxo Rodríguez Lemos (Baiona, 1994) xa adquirira unha especial notoriedade a causa dun traballo que, sobre toponimia, fixera daquela no colexio no que estudaba. Coma é natural, a cousa non quedou aí, e o entón rapaz, ademais de seguir a medrar e de pescudar na localización de cantos topónimos se mantiñan aínda na memoria das xentes do Val Miñor – pasan de 1800 os que xa conseguiu recuperar, segundo se comenta –mergulouse de xeito constante nos vellos arquivos históricos, circunstancias estas que acabarían por levalo, como non podía ser menos, a se embarcar en facer a carreira de Historia na USC, estudos nos que agora está inmerso.

Anxo Rodríguez Lemos é tamén membro do Instituto de Estudos Miñoranos, aínda que, de xeito ocasional, actúe tamén como guía en visitas de distintos enclaves históricos situados no territorio inmediato. O

máis recente e destacado dos mesmos podemos consideralo a súa actuación á fronte dos alumnos do colexio baionés de Fontes, os que, de acordo coa ANPA do mesmo, conduciu a finais de outubro ao lugar de San Cosme, na parroquia de Baíña, nas proximidades do Chan da Lagoa. Nesta escapada cultural, os nenos e os seus acompañantes puideron recoñecer o antigo eremitorio da hoxe abandonada aldea medieval do mesmo nome, cuxas pertenzas, máis tarde, xa nos séculos XVIII e XIX, pasarían aos conventos de Oia e de Santa Liberata. Os monxes eremitas responsables daquelas ruínas estiveran instalados n aquel lugar entre os séculos X e XVIII. Case que todo un record.

Nesta prospección escolar, os compoñentes da notoria expedición á que acabamos de nos referir, visitaron tamén o denominado Alto da Sentinela, así coma os muíños e os petroglifos da Tomada das Pías, todos eles na parroquia de Baíña.

## 1.- As letras

O 3 de outubro, a *Jugendbibliothek* de Múnic (Alemaña) seleccionou para a famosa lista internacional denominada *The White Ravens*, o álbum ilustrado *Nicomedes, o pelado*, inicialmente publicado o pasado ano en galego, castelán e portugués pola editorial Kalandraka, de Pontevedra. Autores da mesma foron David Pintor, *Pinto* (A Coruña, 1975) e Carlos López, *Chinto* (Boimorto, 1967), acertados humoristas gráficos dende 1993. Ambos publicaron xa máis de 20 libros e obtiveron Premios como: Merlín, Raíña Lupa, Martín Sarmiento, Pura e Dora Vázquez, Selección Feira Internacional de Boloña – en catro ocasións –, Bratislava, ou Feira do Libro Infantil *Corea Nami Island*. Os dous foran tamén seleccionados para o *The White Ravens* do ano 2011, con *Contos para nenos que dormen deseguida*, mentres que Pincho xa o conseguira noutra ocasión, aínda que só.

A Real Academia Galega, en colaboración co Concello de Rianxo e o Museo de Pontevedra, celebrou, en tres xornadas,

o ciclo denominado Castelao de onte a hoxe: 50 anos do Día das Letras Galegas, 70 anos da publicación do *Sempre en Galiza*, 80 anos do ingreso na Real Academia Galega. Así, o xoves 16 de outubro, no auditorio de Rianxo, varios oradores achegaron o perfil biográfico da súa polifacética personalidade. Seguidamente, o martes 21 de outubro, no Museo de Pontevedra, foi trazado o perfil artístico do autor rianxeiro. E, por último, o xoves día 30 do mesmo mes no salón de actos da Academia, na Coruña, foi abordada a súa faceta literaria.

A comezos do mes de novembro foi presentada en Compostela *A vinganza do defunto*, de Carlos G. Reigosa (Lagoa, A Pastoriza, 1948), veterano autor e xornalista. Heroe e protagonista deste seu novo traballo é o detective Nirvando Castro, personaxe que el creara. *A vinganza do defunto* desenvólvese en Vigo no marco da II Guerra Mundial. Carlos G. Reigosa leva publicado xa numerosas obras entre novelas, relatos, obras de teatro, de poesía ou de xornalismo, coas que acadou cinco premios importantes.

Victoriano Taibo García (Compostela, 1885-Vigo, 1966) foi un escritor claramente influenciado polo grande autor cambadés Ramón Cabanillas Enríquez (1876-1959). Victoriano Taibo estudou Maxisterio na súa cidade natal e militou na Irmandade da Fala da mesma. Como autor colaborou en *O tío Marcos da Portela* e noutras revistas e xornais, entrando na RAG no ano 1945. Así mesmo exerceu como ensinante en Ortigueira, Cambre, Xinzo de Limia, Morgadás e Vigo. Dos seus traballos ficaron para a lembranza os poemarios: *Abrente* (1922), *Da Vella Roseira* (1925) e *Da Agra aberta, contos e lendas* (1956). Hai varios anos, o Instituto de Estudos Miñoranos e a Entidade Menor de Morgadás, ambos de Gondomar, crearon un Premio de Poesía baixo a advocación deste ensinante, o cal vai xa na súa VII edición. Gañadora deste Premio de Poesía foi Lara Rozados Lorenzo (Poio, 1982), xornalista formada na USC e escritora, pola súa obra *O Caderno amarelo*. O sábado 15 de novembro, foille entregado o galardón correspondente na Escola de Guillufe, en Morgadás, aquela precisamente na

que Victoriano Taibo exercera como mestre ata mediados do século XX. No acto Lara Rozados fixo unha emotiva reflexión sobre a crise, efectuando ao mesmo tempo unha radiografía do sentir dunha mocidade sen horizontes nin respostas. A gañadora publicara xa as obras *Non conciliados* e *Pirata*.

## 2.- Artes Plásticas

Chámase José Molares (Vigo, 1961) e era xa bastante coñecido a causa dos seus traballos escultóricos, de xeito especial pola representación en bronce que, nas inmediacións do Club Náutico da súa cidade, lle erguera ao inmortal Jules Verne (1828-1905) có gallo do primeiro centenario da súa morte. Porque Verne, como xa sabedes os seguidores desta sección, non só falou en tres das súas obras tanto de Vigo coma dos galeóns afundidos no ano 1702 na súa ría, senón que visitou esta cidade en dúas ocasións, así como, moi posiblemente tamén, A Coruña. Pois ben, hoxe temos que falar aquí de Molares porque o 2 de novembro lle foi concedido o VIII Premio de escultura *Ciudad de Badajoz*.

### 3.- Banda deseñada

No mesmo mes, o día 23, recibiu Joaquín Salvador Lavado, debuxante e guionista mundialmente coñecido coma *Quino* (Mendoza Argentina, 1932), o premio Príncipe de Asturias en recoñecemento dos méritos que aporta a súa principal creación: *Mafalda*. *Mafalda* é unha nena precoz, contestataria e tamén polémica, especialmente con canto co estado do mundo se relaciona, e que, quizais non casualmente, acábanse de cumprir cincuenta anos da súa creación. *Mafalda*, ademais, foi tamén publicada en galego. Mais detrás do innegable éxito de tamaña obra, e do acerto do deseño de todas as personaxes que coa pequena heroína viven e a arrodean, existen outras cousas que paga a pena coñecer. Porque aínda que existan quen imaxinaron que *Mafalda* era un nome inventado, non é así. Santa *Mafalda* existiu. Fora filla do rei Sancho I de Portugal, viviu entre os anos 1200 e 1256 e estivo casada co monarca castelán Henrique I, retornando a Portugal á morte deste no 1217. Foi, así mesmo, abadesa cisterciense, e o seu

título pode ser visitado aínda hoxe no mosteiro portugués de Arouca, nas inmediacións da vila de Aveiro.

### 4.- Cine e Teatro

Cando pechabamos esta crónica, daba comezo en Ourense o seu Festival Internacional de Cine, que nesta súa XIX edición vai visionar arredor de 215 filmes, procedentes de 44 países. Ficamos, pois, coa obriga de informarnos do mesmo no próximo número de *Encrucillada*. A estrela desta ocasión é a cinta *A Esmorga*, baseada na gran novela de Eduardo Blanco Amor (1897-1979), nesta ocasión rodada na propia cidade de Ourense, e en galego polo director ourensán Ignacio Vilar. Non é exacta, sen embargo, a afirmación que recollen os medios de ser esta a primeira adaptación ao cine da obra. Para que non haxa equívocos advertimos xa hoxe que, en 1977, Gonzalo Suárez fixera a auténtica primeira versión d'*A Esmorga*, se ben que entón en castelán e co título de *Parranda*, para Lotus Films International, interpretada, entre outros, por: Fernando Fernán Gómez, José Sacristán, Antonio

Ferrandis, Charo López, Queta Claver e José Luís Gómez.

## 5.- Decesos

O 27 de outubro foise Begoña Caamaño Rascado (Vigo, 1964). Faleceu no mesmo mes no que cumpría os cincuenta anos dunha vida que, aínda que breve, resultou plena en actividades e satisfaccións, segundo se tira das palabras dunha carta que deixou escrita para que o soberan cantos a coñecían. Begoña, feminista, xornalista e escritora, traballou en varias emisoras de radio, colaborando tamén en numerosas revistas. O seu enterro tivo lugar ao día seguinte no cemiterio de Boisaca, en Compostela, a cidade na que residía. No acto a súa amiga, a cantante Uxía D. Senlle (Sanguñeda, Mos, 1962), procedeu a ler a súa emotiva despedida, e despois, tamén a petición de Begoña, deixouse oír a cantiga *O alalá das Mariñas*. Entre os traballos da extinta debemos de salientar o seu primeiro libro, *Circe, ou o pracer do azul* (2009), se ben que co que acadou maior releve sería co de *Morgana en Esmelle* (2012), co que obtivo os Pre-

mios da Asociación Galega de Escritores, o AELG da Crítica e o Antón Losada Diéguez.

En París, onde residía dende hai tempo, faleceu o 8 de novembro Aurora Bernárdez, escritora, arquivista, editora e tradutora da UNESCO, viúva do autor arxentino Julio Cortázar (Bruxelas, 1914 – París, 1984). Aurora Bernárdez nacera en Buenos Aires en 1920, filla de dous emigrantes galegos, oriúndos de Maside. Ao falecer contaba xa con 94 anos. Aos catro meses de idade os seus proxenitores trouxérona a Galicia. O resto da súa existencia desenvolveuse entre Maside, Buenos Aires, Vigo e París onde, en 1953 casou con Cortázar. Á parte da súa impresionante obra literaria, especialmente pola tradución dos grandes autores universais, a súa principal achega ao mundo da cultura reside na influencia que exerceu sobre o seu home como escritor. Como albacea do mesmo, en decembro do ano 2005 Aurora doou a Galicia os seus fondos fotográficos e fílmicos, mentres que a biblioteca persoal do autor de *Rayuela* pasou á Fundación Juan March.

## 6.- Etnografía

No Monte Galiñeiro, no xacemento de Santa Lucía, parroquia de Vincios (Gondomar), foi detectado a mediados do pasado mes de Outubro un grave atentado contra o noso patrimonio cultural. No lugar no que se atopaba un penedo con dous petroglifos datables en hai arredor de 4.000 anos, aparecen agora un monte de bloques recentes e terra removida. Os petroglifos consistían en motivos circulares, con coviñas tanto no interior como no exterior dos mesmos, así coma unha superficie con deseños naviculares de soporte fixo.

## 7.- Novas en xeral

A finais do pasado mes de setembro tivo lugar en Tenerife o Festival Internacional de Astronomía Starmus, ao que acudiu o coñecido físico e cosmólogo Stephen William Hawking (Oxford, Reino Unido, 1942). No coloquio final, o Dr. Hawking afirmou, entre outras cousas sempre de interese, que os científicos nunca van quedar sen descubrimentos, xa que, “canto máis descubrimos, máis

misterios hai”. Teimou, así mesmo, en que a vida se creou de xeito espontáneo, aínda que temos fósiles nada máis que de hai cincocentos millóns de anos. Amosouse tamén convencido de que a fusión nuclear se vai converter no grande avance tecnolóxico dos próximos cen anos, xa que permitirá resolver o problema enerxético do planeta e superar o dos gases de efecto invernadoiro.

Traemos a estas liñas estes feitos e declaracións porque o eivado e destacado investigador, cunha ducia de doutorados honoríficos, bastantes premios e obras técnicas e de difusión no seu haber, estivo inmediatamente despois en Galicia. Concretamente o 11 de outubro, cando retornaba ao seu país no xigantesco cruceiro *Independence of the Seas*. Nesa data desembarcou en Vigo, percorrendo tanto o Porto coma o Casco Vello, fotografándose con cantos a el se achegaron.

Stephen Hawking estivera tamén, seis anos antes, na vila de Fisterra, na Costa da Morte, na que tamén paseou polos seus peiraos, conviviu con cantos o saudaron, e subiu ao seu

faro para ollar a paisaxe que os romanos consideraran a fin do mundo. Dende esa ocasión na vila están pendentes de coñecer a data na que o científico vai poder acudir a presenciar o acto da dedicación a el da praza máis occidental do Concello fisterrán.

Como podedes observar os resultados de ambas visitas foron un tanto diferentes do que con el tivo o doutor Sheldon Cooper, un dos protagonistas da serie da TV *The Big-Bang Theory*, no que este científico de ficción tan malparado resultara.

## 8.- Premios

O VIII Premio de Narrativa Breve REPSOL fíxose público na Refinería de Repsol da Coruña patrocinadora do mesmo, na mañá do día 26 de setembro. Ao mesmo concorreran 31 obras. Colaboraron no evento a Editorial Galaxia, a RAG e AELG. Resultou gañadora a obra *A diagonal dos tolos* da que é autor Santiago González Lopo (Vigo, 1974). O gañador é escritor, tradutor e profesor de francés da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. No eido da escritura gañara xa o Premio

de Novela por entregas de La Voz de Galicia 2006, con *Game over*, e en 2009 publicou *Peajes*, unha obra de ficción.

O sábado 11 de outubro foron decididos en Vigo, na habitual cea con este gallo organizada, os Premios da Crítica Galicia 2014. Baixo o lema “A beleza feriume para sempre”, tomado dun poema de Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914-Lugo, 1990), elixíronse os seguintes gañadores:

- Creación literaria: O historiador e etnógrafo Xosé María Lema Suárez (Bamiro, Vimianzo, 1950), por *Costa do Solpor*.
- Investigación: o Profesor de Filoloxía da Universidade da Coruña, Xosé Ramón Freixeiro Mato, por *Estilística da Lingua Galega*.
- Iniciativas culturais: para o ciclo *Poetas D(in)versos* do Auditorio Centro Ágora de A Coruña, que dirixe a autora e xornalista Yolanda Castaño (Compostela, 1977).
- Musical: para o Grupo folk Berrogueto, fundado en 1996.
- Artes plásticas: para o pintor e gravador Antón Pulido (Bóveda de Amoeiro, 1944).

- Artes escénicas e audiovisuais: para Lois Patiño (Vigo, 1983), pola súa obra *Costa da Morte*.

- Cultura gastronómica: para o Grupo Cuevas de Ourense.

O inmediato Premio Colectivo foi fallado o 10 de novembro pola Consellería de Cultura:

- Teatro: XXII edición do Alvaro Cunqueiro, que recaeu na obra *Raclette*, da que é autor Santiago Cortegoso (Domaio, Moaña, 1974).

- VIII PREMIO Manuel María, de Literatura Dramática Infantil para *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas Amado (Ferro, 1954).

- XI PREMIO Barriga Verde para rapaces para a peza *O lobo e a Lúa*, da que é autora a pontevedresa Andrea Bayer Roque; mentres que o mesmo premio no apartado adultos foi para *Ela, piedade dos suicidas*, do autor Xavier Lama López (Santa Euxea, Guntín, 1962).

Sete días máis tarde, Fernando Epelde (Ourense, 1980) foi distinguido co XXIII Premio SGAE de Lecturas Dramatizadas Jardiel Poncela, coa súa

obra *Drone*. *Drone*, en realidade, é unha comedia satírica na que o seu autor critica o mundo da arte nos nosos días. Fernando Epelde xa fora distinguido con este mesmo premio na súa edición de 2012 polo seu traballo *Estado de Gracia*.

## 9.- Varia

Breve síntese doutros feitos culturais:

A Agrupación Cultural O Facho da Coruña ofreceu o 1 de outubro, dentro das súas palestras, unha conferencia da investigadora e doutora pola USC Mar Peres Fra, titulada *Efectos territoriais da política económica común. O caso de Galiza*. O 14 do mesmo mes, Antón Losada Travada, doutor en Dereito da USC, falou sobre *As claves do asalto ao Estado do Ben-Estar*. O 28 tamén de outubro, Manuel González López, profesor de Economía e doutor pola USC, ocupouse do tema *Cambios na Economía Galega nas últimas décadas. Perspectivas*. O 11 de novembro celebrouse a palestra sobre *A Cuestión Celta na Galiza*, a cargo do arqueólogo e historiador Filipe Senén López Gómez.



A Agrupación Cultural O Galo de Compostela iniciou en outubro pasado un novo Obradoiro de Creación Literaria 2014-2015, así coma outro de Creación literaria feminista. A mesma entidade organizou o 25 de outubro unha visita ao Castro de Remonde, completada cun xantar popular. Tamén foi presentado o 28 de outubro o libro de Lois Diéguez, con fotos de Xulio Gil, *Lugo, a cidade dos tesouros encantados*. O 31 do mesmo mes presentou o libro *Contos do Mar de Irlanda* de Xurxo Souto, e os días 14-15 de novembro ofertou o Ciclo de Curtas de Marisa Otero.

Entre as propostas que, nas últimas datas, fixo o Instituto de Estudos Miñoranos de Gondomar, queremos salientar: a presentación o día 3 de outubro do traballo *Álvaro Cunqueiro. Trinta poemas. Selección, introdución e comentarios*. A autora e presentadora do mesmo foi a Catedrática de Filoloxía Galega da Universidade viguesa, Camiño Noia, á que acompañou na súa exposi-

ción César Cunqueiro, fillo do autor. Tamén se abriu un novo curso gratuito de paleografía medieval galega, que está a dirixir Xulián Maure. Un *Curso de Introducción á música clásica e á ópera* con audicións comentadas, dirixido polo musicólogo e divulgador Manuel López-Benito Álvarez. Na data do 24 de outubro foi presentado o libro *Poemas da Mariña*, de Miguel Anxo Mouriño. O acto correu a cargo da poetisa miñorana Marta Dacosta, coa intervención de Fernando Casás, autor do deseño e a imaxe da capa da obra. Os netos do autor leron cadanseu poema da mesma.

Na Librería Andel, en Vigo, foi presentado o 16 de outubro o poemario *Anamnese*, co que Elisabet Ríos Liste (Londres, 1967), aínda que radicada na Coruña, obtivo hai uns meses o II Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey, que patrocina o Concello de Fornelos de Montes. Eli Ríos leva publicadas xa catro obras nos últimos catro anos, todas elas premiadas.

**Xoán Bernárdez Vilar**



## Carta desde a banda da esperanza

---

Manuel Regal Ledo

### 1.- Desfacendo as maletas

Cando hai dous meses pechabamos esta Crónica, deixabamos a altos cargos da Igrexa española na tarefa gozosa -ou non, quen sabe- de facer as maletas para se trasladaren aos seus novos lugares de vida e traballo. Os cardeais Rouco Varela e Cañizares e o arcebispo Osoro asumían novos destinos coa finalidade, en conxunto, de ofrecer un novo rostro da Igrexa española, desafiando tempos pasados e aliñándose no posible tras as pegadas marcadas polo Papa Francisco. Hai quen non recea en falar dunha primavera eclesial tamén para España, iluminada con forza polo arcebispo peregrino Osoro e seguida con menos entusiasmo polo cardeal Cañizares. Rouco Varela sería a peza de imprescindible intercambio, gastada xa en intentos para algúns sinalados polo éxito, para moitos esaxeradamente

recargados de poder, dirección ou mesmo manexo. Lembro aquelas palabras do noso querido e sempre suxestivo Álvaro Cunqueiro, cando con linguaxe poética e algo recóndita, atinaba certeiraamente na valoración de moitas persoas e realidades. Decía así no seu libro *Se o vello Simbad volvese ás illas*: “Agora tódalas novidades son por mapa e agulla, e os pilotos non saen da coarta levantada, que é como andar con bastón polas rúas de Basora, e non atoparás entre os pilotos do Califa de Bagdad un que seipa navegar por soños e memorias, e así non logran ver nada do que hai, do que é miragre e fermosura dos mares. Doado é dicir que non hai Cotovías!”. Navegar por mapa e agulla, ou facelo por soños e memorias, velái a cuestión.

Rouco Varela, á fin, parece recalar na Roma por el tan querida. Saberá aceptar o seu

novo momento, arredado do poder? Deus o bendiga e faga del tamén, no posible, fonte ou canle de bendicións. O cardeal Cañizares abriu a súa estadía en Valencia anunciando como unha das súas tarefas máis inmediatas a organización dun ano santo xubilar polo Santo Cáliz que alí teñen, o cáliz —disque, xa hai que fabular!— que empregou Xesús na súa Última Cea. Iso si, un cáliz ben recuberto de dourados e pedras preciosas, moi ao estilo de Xesús. Recursos vellos, en todo caso, que, se nos dan levado ao corazón do misterio daquel fillo de Deus que lles fixo fronte a quen coa relixión na man contribuían a ampliar os lindes do despeito e da marxinação, benditos sexan! E, se non, que os leve o vento coa mesma man lixeira coa que nos está azoutando nestes días de irada outonía. O arcebispo Osoro anda estreando corpo e espírito polas rúas de Madrid, entre aureolas de esperanza, que parecen un chisco esaxeradas, pero ben sexa!, con tal de que a ollada se tenda cara adiante intentando, con Cunqueiro, ver o que hai, o milagre e fermosura dos mares. Propensión moi de todos nós,

esta de situar nos líderes case que todas as esperanzas, coma se cada un, cada unha das de a pé non estivésemos convocadas á súa xestación e ao seu parto! Que o estamos, ou non?

## 2.- Cos vómitos da corrupción

Non hai palabras xa nin sentimentos para compartir o que un vive cando un día si e outro tamén van saíndo á camposa social os casos de corrupción que están afogando persoas e administracións importantes do noso Estado, e que, ao tempo, están alimentando os desexos de cambio xa non de tal ou cal detalle do noso funcionamento político social, senón de estruturas de fondo que fan que as cousas vaian como van. A tan cacarexada e modélica transición da ditadura á democracia non foi tal, ao menos en moitos aspectos, e as dinámicas caciquís mantivéronse e foron callando en funcionamentos bastante xeneralizados, ao que se vai vendo, cos que quen está no poder saca partido para o enriquecemento particular ou corporativo de forma descarada. Un verdadeiro cancro da democracia, unha verdadeira burla aos miles e mi-

llóns de persoas que andan cada día coa auga ao pescozo. A indignación é ampla e merecida, necesaria, imprescindible.

É cuestión de ética política, unha ética que no pensar de moitos parece ser de segundo nivel, cando debería ser de primeirísimo; é cuestión tamén de fe, de práctica cristiá, que debería afondar na ética empuxándoa cara a unha sensibilidade especialísima ante a xente máis débil, a máis afectada por estas prácticas corruptas. E isto mesmo suscita nos nosos ánimos certas preguntas ineludibles: que tipo de prácticas relixiosas promovemos desde as diferentes instancias de presenza eclesial, para que estes comportamentos convivan pacificamente co estrato relixioso que, máis ou menos, aínda conservamos? Segue parecendo excesiva esa apertura ao social, ao político, ao estrutural, que moitos crentes se fartaron de criticar, coma se non tivese que ver coas propostas de Xesús de Nazaret? Como é que a estas alturas non ten soado unha voz eclesial potente axudando a poñer luz, a quentar a protesta, a comprometerse en vías de exquisi-

ta honradez, a solidarizarse a fondo coa xente máis afectada? Como é que a realidade nos colle sempre co paso cambiado? O noso corazón, os nosos métodos cotiás non están infectados de esas prácticas caciquís que ven no enchufe, na dádiva, nas amizades privilexiadas, nos contactos, unha ineludible estratexia para afrontar dificultades e carencias? Os dereitos son dereitos ou concesións xenerosas coas que hai que corresponder tamén xenerosamente?

Felizmente o descaro é tanto, que a hora da subversión (“Os últimos serán os primeiros”, dicía Xesús) parece próxima. Saberemos acompañala seriamente, con sinxeleza e astucia evanxélicas, desde a nosa militancia cristiá?

### **3.- Falar con audacia, escoitar con humildade**

Tal foi a actitude que o Papa Francisco lles recomendou ás persoas asistentes ao Sínodo sobre a Familia que tivo lugar en Roma do 5 ao 18 do pasado outubro. Un Sínodo ao que se chegou co traballo previo da enquisa destinada a que todo

o mundo católico opinase sobre das dificultades coas que a familia se está enfrontando no presente, e do labor da Igrexa para axudar a detectalas, valoralas e afrontalas. Un Sínodo ao que tamén se chegou coa manifestación previa dunha liña de pensamento coa que o Papa simpatizaría e representada abertamente polo cardeal Kasper –liña moi sinalada polo acompañamento e a misericordia–, pero tamén coa expresión pública doutra liña marcada polo apego á letra da doutrina, da que se fixo representante o cardeal Müller, prefecto da Congregación para a Doutrina da Fe. Houbo certa movida, xurdiron voces apuntando a escisións por parte dos conservadores, críticas ao Papa, etc. O cardeal Burke, moi, moi crítico, en entrevista pública (*Vida Nueva*, 2.915) chegou a falar de manipulación do traballo feito polos asistentes ao Sínodo, e de que a Igrexa está coma unha nave sen temón. Canto custa falar con audacia e escoitar con humildade, para aprender, para facer camiño xuntos! Canta dificultade para camiñar sen angarelas autoritarias, sen doutrinas definidas, e navegar por

soños e memorias e non por mapa e agulla, como suxería o noso Cunqueiro.

A *Relatio Synodi* está aí, feita pública, nos seus 62 puntos. Ao dela, a un vénselle á memoria e ao corazón o pracer experimentado lendo escritos do Vaticano II como a *Gaudium et Spes*. Percíbese un claro afán de simpatía coa realidade, sen obviala en ningunha das súas facetas máis problemáticas, pero si intentando captar e subliñando con intención aqueles aspectos positivos que, a pesar de todo, seguen estando aí, na complexa realidade familiar, quizabes como alicerce de esperanza sobre o que poder construír un futuro mellor. Tamén é certo que ás veces un ten a impresión de que se debate sobre o si ou non de cuestións que na realidade social xa non teñen volta atrás, como pode ser, por exemplo, a práctica da convivencia de parella previa ao matrimonio ou incluso xa sen pensar no matrimonio, polo menos no eclesialístico. A familia, o matrimonio dentro dela, está pasando por serias dificultades e por necesarias redefinicións teóricas e prácticas, tanto desde

unha perspectiva normal, como desde unha perspectiva cristiá. Pero non será botar pedras contra o propio tellado alporizármonos contra situacións fráxiles –líquidas, dise agora– cando fomos polo menos colaboradores, por acción ou omisión, para que as cousas chegasen a onde chegaron?

A *Relatio Synodi* está presentada adaptándose ao esquema de ver (nn. 1-11), xulgar (nn. 12-28) e actuar (nn. 29-62). Cada número vén acompañado polo resultado da votación de que foi obxecto. Todos os números acadaron amplas maiorías. Os tres máis controvertidos foron o 52, o 53 e o 55. Ningún deles sinalaba posturas definitivas, simplemente anunciaba os diferentes criterios expresados no debate; aínda así, no 52, que fala da posible participación das persoas divorciadas voltas a casar nos sacramentos da Penitencia e da Eucaristía, os votos foron de 104/74; no 53, que fala da posibilidade e sentido dunha comunión espiritual, os votos foron 112/64; e no 55, no que se fai referencia ás parellas homosexuais, e á forma de situarse ante elas, os votos foron

118/62. Previamente suprimíranse das conclusións dos debates afirmacións que falaban do bo que pode haber na experiencia de convivencia prematrimonial e nas parellas homosexuais. En situacións de pecado non pode haber nada positivo, sentenciaron as voces máis ríxidas. Felizmente na vida diaria somos unha gran maioría os que descubrimos que nesas situacións hai moito ben, moita dignidade, moito exemplo incluso para quen poidamos estar en situacións máis regulares.

Queda un ano por diante. Un ano que pode dar para moito. Oxalá sexa para moito falar con valentía e moito escoitar con humildade, co evanxeo, coa práctica de Xesús ben ao pé do entendemento e das entrañas. Oxalá! A todos, a todas, nos fará moito ben.

#### 4.- Onde radica a esperanza

Tan embobadas estabamos coas novas de elite que poden vir da mesma Igrexa ou da sociedade civil, que quizabes se nos coou, sen decatarnos, o feito asombroso de que do 27 ao 29 de outubro pasado o Ponti-

ficio Consello de Xustiza e Paz, presidido polo cardeal Turkson, en colaboración coa Academia Pontificia de Ciencias Sociais, presidida polo arcebispo Marcelo Sánchez, convocase no mesmísimo Vaticano un Encontro Mundial de Movementos Populares, ao que asistiron máis dun cento de dirixentes destes movementos, que se poden considerar claramente como os principais pregoeiros da alternativa ao sistema capitalista no que estamos inmersos; para moitos e moitas, polo tanto, os grupos, ben humildes e desapoderados por certo, nos que descansa a esperanza de algo novo para este noso vello mundo. En si, a mesma convocatoria no Vaticano e polo Vaticano xa resulta abraiante, esperanzadora. É coma se aquí, en Galicia, o arcebispo de Santiago convocase os movementos de base, civil e eclesial, para facilitarlles o encontro e o debate, para escoitalos, para compartir con eles, para acompañalos, para sumarse claramente ás súas demandas, para alentelos.

Porque tal foi o que sucedeu nesa fin de semana outonal en Roma. Ao final, unha preciosa

Declaración Final e un Discurso do Papa Francisco ás persoas participantes, dignos ambos de ser lidos e meditados con calma. Invitamos encarecidamente a facelo. Quen o faga sentirase alentado a ver a realidade desde o lado das últimas, das pequenas, comprobará que non hai palabra nin concepto para analizar o presente e para anunciar loitas e soños que non poida entender calquera persoa das máis populares, percibirá con que transparencia a terra, o teito e o traballo se converten en preocupación e reto nas propostas, porque tamén o son na vida, decatarse de como os últimos non queren deixarse engaiolar por plans asistenciais que perpetúan as situacións e como existe unha vontade de cohesión e loita para acadar a vida en dignidade que todo fillo e filla de Deus merece. E verá, seguro que asombrado/a, como o Papa Francisco está aí, cordialmente ao tanto diso que pasa, arrimando o lombo da presenza, da palabra, dos alentos, e empeñando a propia persoa e a institución eclesial que representa, o mesmísimo Papado, nunha causa, a causa das persoas máis pobres e des-

posuídas, para escándalo seguramente de moita xente. Pero non é este precisamente o lugar propio dunha Igrexa seguidora de Xesús? Non foi ese, acaso, o lugar escollido polo noso mestre Xesús?

### 5.- Entre a neve e o sangue

Coñecerá quen isto lea, seguramente, o contundente poema de Díaz Castro titulado “A Cerna”, no que penetra agudamente na fondura do verdadeiro amor, ese que “enferra en neve (...), aí pro acadulla en sangue”. Neve e sangue de moitos xeitos, ligados á cerna, houbo haber tamén nalgunhas intervencións que desde o Vaticano afectaron a determinadas personalidades eclesiásticas nestes últimos tempos. No pasado setembro o Papa ordena o arresto domiciliario para o ex nuncio na República Dominicana Josef Wesolowski, acusado de varios casos de pederastia e que xa fora reducido ao estado laical (que mal soa isto de reducir ao estado laical, pero así o informan) había dous meses por un tribunal do Vaticano. Tolerancia cero, é o lema.

Pero non son só casos de pederastia e similares os que motivan as intervencións do Vaticano, e isto parécenos ben, aínda que nos doia polos feitos sancionados e polas persoas que os representan. Tamén en setembro o Papa destitúe como bispo da diocese de *Ciudad del Este* no Paraguay a Roxelio Livieres, bispo que estaba significándose por unha liña pastoral gravemente conservadora, na que sobresaían a súa disidencia co resto do episcopado do país, a súa particular maneira de orientar o seminario, certo uso controvertido de diñeiros e o apoio explícito, con cargos importantes polo medio, a un crego foráneo sinalado, con dúbidas, parece, por casos de abusos sexuais. Custoulle aceptar a decisión do Vaticano. Non debe ser doado facelo. Oxalá o entenda como unha mostra dese amor que ás veces acadulla en sangue e lle sirva de mellora, que non pasa nada porque un deixe de ser bispo.

E por último o caso do cardeal Burke, de quen xa falamos máis arriba nesta mesma crónica. Está destinado, parece, a deixar o importante cargo curial



de Prefecto do Tribunal Supremo da Sinatura Apostólica, para ocuparse da pomposa pero insignificante misión extra curial de patrón da Soberana Orden Militar de Malta. O cardeal ten moito ascendente nos medios máis tradicionalistas, que o teñen como referente indiscutible. A entrevista de Burke, á que faciamos referencia anteriormente, chega para confirmar unha postura persoal moi distante da que o Papa Francisco lidera neste momento, e non ten sentido ningún que siga desempeñando cargos de responsabilidade e confianza no equipo da Curia. Claro que, coma o de Burke, por desgraza segundo o noso modo de ver, hai bastantes máis. Non en balde se queixaba o Papa Francisco, en conversa íntima, dos duros ataques que recibía da dereita eclesial. Chama a atención a incomodidade que sofre moita xente pola falta de palabra *ex cathedra* por parte do Papa, e como se aproveitan desta circunstancia para restarlle importancia ás claras orientacións pastorais coas que está empuxando a Igrexa. Forma parte, sen dúbida, desa desacralización do Papado, que na dimisión de Bieito XVI

tivo o seu primeiro paso irreversible e que se confirma día a día coas prácticas do Papa Francisco. Entendemos que todos na Igrexa estamos ante un reto histórico: aprender a vivir na Igrexa, a vivir a Igrexa, cun Papado desacralizado, que deixe de lado tantas adherencias históricas nada evanxélicas, pensamos; recrear un Papado ao estilo de Pedro, que foi a quen Xesús mesmo puxo como referencia, e non a outro. Non é doado, non, nin para uns nin para outros, aínda que por diferentes motivos, botar ou recibir o viño novo en peellos vellos. Deus nos valla!

## 6.- Coas sandalias nas mans por pisar terra sagrada

A todo o mundo lle chamaba a atención a presenza daqueles mocíños que un par de anos atrás, e non sei por canto tempo, estaban desempeñando papel de orde na catedral de Santiago. Aire piadoso, contención nos modais, palabra mesurada, libro de rezos na faldriqueira e rechamante hábito azul-amarelo. Todos nos preguntabamos de onde saíran, quen os promovía, aínda que todos sospeitabamos

tamén que respondían a un deses modernos grupos relixiosos que aparecen e sorprenden por aquí e por alí. Un sexto sentido espiritual, do que, é certo, cada un debe tamén desconfiar, dicíanos que algo raro pasaba, que, por moito que as cousas poidan e deban cambiar, faise chocante que o Espírito rompa cos seus sinais de presenza, avallados durante séculos polo testemuño de persoas de fonda e indiscutible calidade espiritual. Eran membros, non o sabiamos daquela, da asociación “Orden y Mandato de San Miguel”, de dereito diocesano, aprobada no 2009 polo bispo de Tui-Vigo, asentada en Oia (Pontevedra), fundada por Miguel Rosendo, de aí que aos seus membros se lles chamase “miguelianos e miguelianas”. Fixéranse famosos, entre outras cousas, pola súa dedicación á música relixiosa, da que deran mostras na XMX de Madrid 2011.

Denuncias en 2012, nomeamento de visitador canónico, suspensión de funcións do fundador e nomeamento dun comisario extraordinario por tempo indefinido, feito público o 16 de abril deste ano; abandono de

moitos membros da asociación (de 400 nalgún tempo quedan arredor de 30, parece), investigación por parte da Garda Civil por posibles prácticas delituosas, protesta irada de familiares contra quen permite que tales asociacións vaian adiante e se apoderen da vida de fillos e fillas. Moito, desde logo, no que pensar, e responsabilidades moi serias por parte de quen ten a misión de discernir proxectos e vocacións e relativiza esa función polo motivo que sexa.

Nesta orde de cousas, aínda que a uns niveis moi diferentes, chamounos poderosamente a atención a visión dun vídeo ([www.youtube.com/watch?v=K6CgUTBIxEY](http://www.youtube.com/watch?v=K6CgUTBIxEY)), de Relixión Dixital, contando a historia e circunstancias de Antonio Esquivias, membro noutrora do Opus Dei, organización na que, antes e despois de ser ordenado sacerdote, desempeñara cargos de relevancia. A súa persoa transmite madurez, fondura, saúde espiritual, inocencia, cousa que di moito desa institución. No desempeño das súas funcións encontrouse cunha realidade que lle perturbaba a conciencia: a dirección espiri-

tual recaía nas mesmas persoas que detiñan a dirección dos centros, o que levaba a que as consciencias das persoas quedaban sempre supeditadas aos intereses da organización; un punto moi delicado e moi configurador de institucións coma aquela da que estamos a falar, punto polo que con razón lle choven moitas críticas. Antonio falou desta realidade que o desconcertaba dentro da institución e fóra dela con eclesiásticos significativos, pero a resposta foi a mesma: algo intocable.

Fiel á súa conciencia, abandona o Opus Dei e, posteriormente, a condición clerical. Traballa, mais, preto da xubilación, advirte que os anos traballados no Opus Dei non foran declarados á Seguridade Social e, polo tanto, non son contabilizables. Ante as súas demandas só consegue que se lle recoñezan os anos traballados como sacerdote. Non sabe a onde chegará a cousa e presentou o seu caso en Change.org buscando apoio popular. Moito tamén no que pensar! Sobre os mecanismos internos de certos grupos

eclesiais, sobre as prerrogativas sacerdotais ante o laicado, sobre as fraudes simuladas á Seguridade Social, sobre a prevalencia da institución por riba das persoas que a conforman, sobre a transparencia, sobre, en definitiva, a presenza ou non do espírito evanxélico. Pero, máis ca fiarse deste noso comentario, invitamos encarecidamente á visión do vídeo citado. A persoa de Antonio Esquivias colócanos na actitude axeitada para afrontarmos este tipo de circunstancias que tanto cheiran a abuso e banalización dos dereitos persoais.

E deixamos por hoxe esta nosa Crónica. Moitas cousas tiveron que quedar no tinteiro. Consólanos saber que os camiños da información son moitos e variados. Verémonos xa en 2015, despois da celebracións das festas do Nadal que vos desexamos ben nutridas de paz, de ben, de humor, de valentía, cousas todas que precisaremos para manter en pé a nosa aposta con humildade, sen chulerías. Feliz Nadal! Feliz Ano Novo!

**Manuel Regal Ledo**



## A visión do invisible. Ensaio epistolar contra a banalidade intrascendente

Pedro Castelao. Prólogo de Andrés Torres Queiruga  
Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT), Vigo, 2014

Velaquí un libro de fonda orixinalidade: ante todo, porque vai á orixe, á raíz, ao substancial e auténtico das cousas; pero tamén, polo desacostumado do empeño e do formato expresivo empregados. Transmitir a propia fe aos fillos, darlles razón da esperanza que sustenta a vida dun, convidalos a pensar con seriedade no Misterio Absoluto, falarlles cunha linguaxe próxima e ao tempo dotada do rigor que o tema demanda, xuntando para isto o agarimo do pai desexoso da súa felicidade e a precisión e o rigor do mestre: tal é o propósito do autor. E, como o leva acabo?

O doutor Castelao –que ten acreditado o seu dominio da escritura académica en dous espléndidos libros en torno ao pensamento de Paul Tillich, unha das figuras máximas da teoloxía do século XX–, non quixo escribir agora un libro so-

bre outros libros, senón achegarse directamente á cousa mesma. Iso si, sen privarse de dialogar con algúns dos máis grandes pensadores: Agostiño, Anselmo de Canterbury, Kant, Bergson, Ortega y Gasset... Fronte a outros tipos de texto usuais na transmisión do saber (o tratado, por exemplo), acóllese aquí ao ensaio, xénero literario da modernidade, nado por volta do Renacemento e da man de Bacon e Montaigne.

Prescinde, pois, de todo o aparello usual nos volumes universitarios (discusión coas fontes secundarias, bibliografía, abundantes notas ao pé da páxina, etc.), e desenvolve os seus puntos de vista e a súa argumentación na lingua coa que cada un fala co seu veciño, depurándoa en busca de certa elegancia expresiva, nunca afectada. Como ensaio que é, non se trata dun discurso neutro, asép-

tico, puramente obxectivo, senón marcado pola presenza do autor e da súa biografía. Este, non se dirixe a un indefinido ou anónimo lector, senón aos seus tres fillos, cada un deles co seu propio nome e as súas particularidades. Así que o texto enteiro está configurado como unha longa carta -ou unha serie delas- para que Anxo, Sofía e Mario a lean aos seus dezaioito ou vinte anos, cando lles chegue a hora de enfrontar o carácter problemático da realidade e de decidir sobre o curso da súa vida afectiva, profesional, etc. Lembremos que a carta serviu ao longo da historia do pensamento e da literatura como molde útil para a expresión de ideas e doutrinas (Séneca, Montesquieu, Schiller...) e que pode considerarse coma un xénero precursor do ensaio e, en todo caso, veciño seu.

O ensaio implica por definición algún xeito de aventura, de tenteo, de exploración. Pois ben, o autor proba -ensaia- aquí unha posibilidade, unha forma nova de reflexión teolóxica. Dende logo, arríscase xa de entrada na adopción dun ton polémico, de confrontación

(non violenta e extremadamente razoable e razoadora) “contra a banalidade intrascendente”. Elixo o seu terreo de xogo -ou de combate- e sitúase xa desde o comezo na inmensa minoría, pois a banalidade -vémolos cada día- invádeo todo.

O paradoxo do título anticipa xa, dun xeito moi expresivo, o contido do libro e as dificultades coas que vai ter que lidar o autor ao longo de todo o seu texto. Pois, cómo ter experiencia de Aquel que dende unha perspectiva positivista podería ser cualificado como O Absolutamente Inverificable? Ou, cómo empregar a nosa linguaxe -que sempre se refire a realidades finitas, enmarcadas nun espazo en un tempo- para aludir a quen supera de modo infinito e transcendente todas esas realidades? En suma, de qué xeito *ver* a Aquel a quen ninguén viu nunca?

A proposta que Pedro lle fai aos seus fillos -e a través deles a quen lean o libro- é unha educación da mirada. Aprender (ou reaprender) a mirar cunha mirada intelixente, no sentido etimolóxico da expresión: que le dentro (*intus legentem*) da rea-

lidade e descobre no cerna dela a presenza dese Misterio Absoluto, ao que chamamos Deus. Superando a miopía positivista, lévanos a recuperar o sentido simbólico das cousas, que a fin de contas nos remiten a Quen fai posible a súa existencia.

Varias son as pistas que de xeito sucesivo se nos convida a seguir. Primeiro, as máis accesibles e familiares para unha ollada relixiosa: o fondo misterioso do Universo e da nosa mesma intimidade; a nostalxia dunha felicidade perfecta e o inevitable choque co mal; a ansia da verdade e o pulo cara a gratuidade e o amor. Despois –un camiño máis arduo que nos abre a mirada filosófica–, a presenza no noso pensamento dunha idea que rompe toda a capacidade de pensar, irredutible a calquera realidade que poidamos coñecer: a idea do Deus Infinito, cuxo ser non podemos pensar de modo axeitado, pero a quen –ao tempo– non podemos deixar de pensar de tan patente como é a súa manifestación teórica. Máis tarde –mirada teolóxica– lévasenos a buscar e atopar a presenza de Deus na súa aparente ausencia, pois

Deus non é cousa deste mundo, pero non hai cousa deste mundo deixada da man de Deus. Un Deus transcendente, pero non afastado; immanente, pero non idéntico ao creado nin xustaposto a el. Por último, a mirada estética acentúa de modo eminente a nosa conciencia de algo que xa sucede na experiencia común: que somos quen de percibir máis do que vemos. Así, axúdanos a comprender que, para quen sabe miralas, as cousas son máis que cousas, e predispóñenos para o noso achegamento a un Deus a quen só temos acceso a través do creado.

O libro, dedicado a examinar desde diferentes ángulos a cuestión de Deus, sitúase no decisivo terreo dos preámbulos da fe, eses preliminares –se se quere non especificamente cristiáns–, pero sen os que o edificio enteiro da fe se esborrallaría. O autor, teólogo e filósofo, non se arreda diante dos máis arduos e debatidos temas: así, o “argumento ontolóxico”, pedra de toque teórica para filósofos e teólogos, crentes e increntes, é relido e reinterpretado –sen perderse por camiños de eru-

dición bibliográfica— con gran finura e dun xeito novo e esclarecedor. Así o advirte Andrés Torres Queiruga, bo xuíz nestes asuntos, quen no seu útil prólogo enmarca a obra e ofrece algunhas pistas e suxestións para unha máis proveitosa lectura.

Pedro Castelao pon nas nosas mans un texto directo e rigoroso, que vai dereito ao esencial. Moi ben escrito é extremadamente claro —a claridade expositiva é un dos dons do autor—, mais non sempre fácil. Xa nos advertiu Ortega que hai libros fáciles, pero escuros e —pola contra—, hainos difíciles pero absolutamente claros. Castelao é en todo momento consciente da dificultade que entraña falar de Deus, e da dificultade específica do traballo conceptual que implica ese falar. Non engana sobre o laborioso dalgúns

treitos do camiño que propón, e por iso prodiga ao longo do seu razoamento palabras de alento para Anxo, Sofía e Mario, na convicción de que o esforzo ben paga a pena.

En suma, atopámonos diante dun moi valioso ensaio, que nos convida a pensar —a repensar— a nosa idea de Deus; que nos alerta sobre o risco dun uso van (e aínda involuntaria e inconscientemente blasfemo) do seu nome; e que nos ensina a purificar os nosos conceptos para así poder referirnos a El dun xeito non demasiado inadecuado. Por todos estes camiños guíanos o autor con man de mestre, pois se a teoloxía consiste en falar ben de Deus, Castelao é un boísimo teólogo. Lede o libro e verédelo.

**Ramón Cao Martínez**



## Romaxe de crenes galegos na voz de *A Quenlla*

---

José Ramón de la Torre Culler

Todos os que foron partícipes da última Romaxe ou do pasado Foro de Encrucillada xa escoitarían falar da libro-disco que recentemente editou a Asociación Irimia. Hai anos que a xente pedía un traballo que recollese os temas musicais máis significativos das máis de tres décadas de Romaxes de Crenes Galegos e foi nesta última, en Frades, onde por fin se lle puido ver a cara á criatura. Foi disco-libro xa que aos 15 temas musicais –todos eles interpretados por *A Quenlla*- engadíuselle un libro de necesaria natureza onde a modo de artigos cronolóxicos se ofrecen pequenas pinceladas das Romaxes celebradas ata entón.

### O libro

Xabi Blanco abre este libro cunha pequena introdución que nos convida á esencia das romaxes falándonos das orixes

e recordándonos o que nelas se festexa. Esta introdución precede a un artigo que Ramón Díaz Raña xa escribira no número 23 da Revista Encrucillada. Nesa crónica cordial daqueles primeiros tempos, Raña fai un percorrido dende a propia semente no primeiro Cruceiro de Bastiagueiro en xullo de 1978, pasando pola primeira Romaxe de Irimia, consolidada en Aguiño para coller camiño por Os Peares. Así como o describe Raña, viviuno en primeira persoa a escritora Helena Villar Janeiro que aporta un artigo das dúas primeiras Romaxes dende ese recordo e acompañao de dous poemas que Xesús Rábadade Paredes escribiu daquela. As *Romaxes de Crenes Galegos entre 1980 e 1989* recóllense nun artigo feito por Victorino Pérez Prieto onde relembra a súa primeira vivencia na Romaxe da Lagoa de Castiñeiras en 1981 simultánea á presentación da



revista Irimia. Baixo o título de *Anacos de utopía*. A *Romaxe nos 90'S*, Daniel López Muñoz analiza o contexto social, político e relixioso no que pivotan as Romaxes de 1990 ata 1999. Xesús Portas Ferro aborda a cuestión da eucaristía nas Romaxes dentro do percorrido polas primeiras do milenio. Pechará esta cronoloxía un artigo de Engracia Vidal que fala das últimas catro celebradas. Fotos de todos os lugares onde tivo lugar esta celebración, fotos dos medallóns e un artigo de *A Quenlla* escrito por Mini xunto ás letras das cancións completan este sinxelo e cómodo libro.

## O disco

O pasado verán os estudos de gravación de Arzúa recibían *A Quenlla* para o seu terceiro traballo do ano. O grupo formado por Mariña, Iria, Chus, Tareixa, Manuel, Mija, Saxa, Omeljan, Mini e Mero tiña por diante o labor de recoller o son das “par-

tituras de sempre” e dalgunha nova. Quince temas baixo a dirección artística de Mini e Mero que cumpren o desexo de moitas irimegas e irimegos. Así, quen dispoña do disco poderá escoitar a *Rumboia*, *Irmaus*, *Credo galego*, *Pai Noso*, *Magníficat* e *A dorna*. Tamén *Alén do teu recordo*, *Cantigas das augas*, *A flor da malva*, *Ventura*, *Mariñeiros*, *Peixiño*, *Saberte e Regresade*. Quero salientar unha canción nova como *Irmán, cómpre que nazan flores* de Claudio Rodríguez Fer que foi “presentada” na última Romaxe. Detrás das cancións están os seguintes autores: Marica Campo, Bernardo García Cendán, Xosé Chao Rego, Bernardino Graña, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro ademais do xa citado Claudio Rodríguez Fer. Os seus poemas, as súas letras, foron motivo de composición para Mini e Mero, voz da Romaxe e melodía eterna.

**José Ramón de la Torre Culler**



## La búsqueda de la armonía en la diversidad. El diálogo ecuménico e interreligioso desde el Concilio Vaticano II

Victorino Pérez Prieto, Ed. Verbo Divino, Estella, 2014

Do diálogo interrelixioso podemos afirmar a un tempo que ten un longo percorrido e que está a comezar; que é un tema relativamente menor na produción e reflexión teolóxica e na vida de parroquias a comunidades e ao tempo que está chamado a ser central na experiencia relixiosa no mundo plural e interrelacionado que nos tocou vivir. Esta experiencia relixiosa ha de saber conxugar a fidelidade asertiva á propia tradición e a apertura ao misterio de Deus, moito máis grande que a nosa comprensión, renunciando á idolatría da absolutización das nosas representacións, recoñecendo a relatividade e beleza extraordinaria de todas as tradicións. No libro que comentamos Victorino Pérez Prieto fai unha análise rigorosa, clara e sistemática do diálogo ecuménico e interrelixioso desde a perspectiva e a experiencia da tradición católica, tomando

como referencia de partida o Concilio Vaticano II e chegando ás propostas máis actuais nos comezos do século XXI. Sinalarei o que, ao meu xuízo, destaca neste libro.

Na súa primeira parte ofrece unha perspectiva histórica desde o Concilio Vaticano II; identifica o verdadeiro espírito do mesmo como “do anatema ao diálogo”, un novo comezo para a Igrexa católica, sen ameazas e descualificacións e con diálogo con todos os cristiáns e as demais relixións. Este clima, malia que foi arrefriado e retardado moi pronto, influíu na época posterior e quizais poida ser relanzado polo papa Francisco. Na presentación dos documentos conciliares o autor mostra como o diálogo ecuménico se foi abrindo ao diálogo interrelixioso e vai avanzando como en círculos concéntricos desde o diálogo ecuménico coas as ou-

tras igrexas cristiás, ao diálogo coas outras relixións abrahámicas, coas orientais e coas persoas que se confesan non cren-tes-relixiosas. Tamén se ofrecen datos que axudan a comprender a verdadeira dimensión deste cambio de perspectiva, ao recordar os posicionamentos de papas como Pío IX (“esa impía e nociva idea de que o camiño da salvación eterna se pode encontrar en calquera relixión”) ou Pío (que prohibiu aos católicos participar no movemento ecuménico).

Pero a parte máis extensa e, sen dúbida, máis orixinal do libro é a segunda, na que o autor expón a súa visión do diálogo ecuménico e interrelixioso nos albores do século XXI. É moi ilustrador o percorrido que fai polas contribucións que máis alá das tímidas propostas do Concilio fan destacados teólogos especialistas, igrexas ou organismos como o Consello Ecuménico das Igrexas. Aquí encontramos referencias a un amplo número de autores que durante as últimas décadas traballaron sobre esta cuestión desde distintas xeografías e confesións: Thomas Merton,

Henri Le Saux, John Hick, Paul F. Knitter, Michael Amaladoss, Jacques Dupuis, Hans Küng, Christian Duquoc, Aloysius Pieris, Tissa Balasuriya, Juan José Tamayo, Joan Bosch, Andrés Torres Queiruga, J. M<sup>a</sup> Vigil, Xabier Pikaza, Juan Masiá, Jaume Flaquer, etc. O autor preconiza que é necesario que se produza unha interpenetración, unha fecundidade recíproca de todas as culturas e relixións; que debemos abrírnos aos demais e crer, confiar na experiencia humana no seu conxunto, na harmonía dos seres humanos, particularmente no relixioso. Para explicar isto, da man de R. Panikkar, a quen reconece como mestre, utiliza o concepto ou perspectiva da non-dualidade ou a-dualidade da realidade, o rico concepto oriental de *advaita* que se vai abrindo paso en Occidente e a interrelación-interdependencia de toda realidade, a relatividade radical de todo o que existe.

Non se limita o autor á especulación teórica, senón que das súas propostas despréndense interesantes consecuencias prácticas. Así o fai na proposta de “Sermón da montaña no diá-

logo interreligioso”, ou cando sen esquecer aos pobres e ás mulleres, insiste en afirmar que optar polo pluralismo é optar polos pobres, e que a gran esperanza do diálogo interreligioso máis que nas palabras e nas múltiples elaboracións teóricas, hermenéuticas, está na atención aos pobres e na experiencia mística. Segundo o autor, este foi o caso da compaixón de Buddha e a misericordia feita compromiso de liberación de Xesús de Nazaret.

Xa na parte final o autor preséntanos algunhas das expresións máis desenvolvidas desta nova maneira de entender o diálogo interreligioso, a pertenza relixiosa múltiple: a dobre pertenza relixiosa (Michaël Amaladoss), a cuádrupla identidade (Raimond Panikkar), ou o bilingüismo relixioso (Ana María Schlüter).

Por último, o autor compara a súa propia confesión de

fe. Confésase cristián pero radicalmente aberto á alteridade e á pluralidade, e conclúe con estas esperanzadas palabras: “O que algúns tomaron como fin das relixións pode converterse en principio dun novo despertar e encontro inter/intrarreligioso que supoña un salto cualitativo na humanidade. O mundo do século XXI será místico, ecoloxista e enchoupado dun profundo diálogo interreligioso, ou non será”.

A iso poderá contribuír a lectura deste libro, como exercicio de diálogo sincero, na busca sempre aberta de harmonía na diversidade, como invitación á loita pola inclusión dos pobres, pola escoita da sensibilidade feminina co seu outro modo de abordar a vivencia relixiosa, pola comprensión do coidado da natureza como un lugar do encontro e da común experiencia do sagrado.

**R. Lois Ferradás Blanco**



## Recei contigo

Bóveda cristián, VV. AA., Edit. Asociación Xuvenil Amencer, Ourense 2014

Daniel López Muñoz dicía hai anos que a algúns tocáballe andar pola vida a carranchapernas: no mundo político resultaban sospeitosos por ser cristiáns militantes, e no mundo cristián resultaban sospeitosos por militar na política...

Hai tempo que nos viña preocupando que algo semellante podía acontecer coa figura de Alexandre Bóveda: en determinados círculos políticos non se sabía ou non se tiña en conta a súa rica experiencia de fe cristiá, e no mundo cristián era un descoñecido ou mesmo resultaba sospeitoso precisamente polo seu compromiso político.

Total, que nos parecía urxente presentar a Bóveda coma o que cremos que foi: un home apaixonado polo Deus de Xesús e, mesmo por iso, apaixonado pola Humanidade, Humanidade que neste lugar de Fisterra leva o nome de Galicia.

Foi por iso que nos puxemos en contacto con xente cristiá

que quixese contarnos quen era Bóveda para eles e elas. E, froito deses contactos é este libriño que se preparou dende o colectivo Xalgarete da Asociación Xuvenil Amencer, pertencente á Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia. Velaquí, pois, 16 achegas ao Bóveda cristián.

Estamos convencidos e convencidas de que nun País normal e nunha Igrexa normal, Alexandre sería coñecido e venerado precisamente por ter sabido unir a Paixón por Deus coa Paixón pola Humanidade e isto feito cando, como nos recorda na súa achega Queiruga, aínda en España non se desmontaran teoloxicamente as trampas do nacionalcatolicismo e no mundo aínda non apareceran as teoloxías política e da liberación. Que máis se pode pedir?

**Xabier Blanco**

Federación de centros Xuvenís  
Don Bosco de Galicia



### **Agrelo, Santiago**

Non te peches na túa propia carne,  
188, 52

### **Andión Marán, Xulio**

Retos e tarefas para a igrexa en Galicia,  
190, 30

### **Barreiro Rivas, Xosé Luís**

Galicia invisible, 186, 81  
A especie dos galegos en risco de extinción, 187, 94  
Unha Europa sen opinión pública,  
188, 55  
Andazo secesionista na Unión Europea,  
189, 86  
Corrupción en España: unha ollada diferente, 190, 88

### **Bernárdez Vilar, Xoán**

Ulises en Galicia, 186, 89  
De Euterpe a Talía, 187, 102  
Cincuenta e un anos despois,  
188, 64  
Unha máis que merecida homenaxe,  
189, 94  
Á procura do pasado, 190, 97

### **Blanco, Xabier**

Recei contigo, 190, 125

### **Blanco Torrado, Alfonso**

Unha achega biopoética, 187, 44

### **Caamaño López, José Manuel**

O decálogo e a mora, 186, 63  
Historia de la teología moral (recensión), 188, 88

### **Campo Freire, Xaquín**

Os presos na historia: Biblia e Igrexa, 188, 46  
Os cárceres son para os pobres,  
189, 55

### **Cao Martínez, Ramón**

Entrevista con Tribul Rimpoché,  
188, 26  
O extraordinario mundo de Ora Marítima, 188, 94  
A visión do invisible. Ensaio epistolar contra a banalidade intranscendente, (recensión) 190, 116

### **Coordinadora de Crentes Galegos**

Documento da Paz, 186, 74

### **De la Torre Culler, José Ramón**

Romaxe de crentes galegos na voz de A Quenlla, (recensión)  
190, 120

### **Díaz Raña, Ramón**

Índice xeral do ano 2014, 190, 126

### **Felpeto Enríquez, Chema**

Cartas a Antón (recensión), 188, 91

**Ferradás Blanco, R. Lois**

La búsqueda de la armonía en la diversidad. El diálogo ecuménico interreligioso desde el Concilio Vaticano II, (recensión) 190, 122

**Fernández Castela, Pedro**

Guieiro, 186, 3

Guieiro, 187, 3

Guieiro, 188, 3

O Padre Seixas desde dentro (recensión), 188, 85

Guieiro, 189, 3

Guieiro, 190, 3

**Gaite, Carme**

Esther de las Cuevas Ortiz, 190, 81

**García Cendán, Bernardo**

Carta aos amigos, 189, 81

**García Vilariño, Andrés**

Prospectiva e esperanzas da Igrexa galega á luz da Evangelii gaudium do Papa Francisco, 190, 45

**G. Soto, Luís**

Sito, ex-párroco de Albeiros, 189, 67

**Gómez González, Antón**

A acción da Igrexa en Galicia, 187, 26

**González Ortega, Xaime M.**

Monseñor Romero. Vida, pasión y muerte en El Salvador (recensión), 186, 115

**López Muñoz, Daniel**

O viño novo e os pelellos furados. Reflexións laicas sobre unha alegría que precisa eficacia, 187, 5

**Mora Rosado, Sebastián,**

Procesos e rostros da inxustiza, 189, 5

**Pensado Figueiras, Xosé Manuel**

Presentación do Foro 2014, 190, 5

**Pérez López, Xenaro**

O oficio de sociólogo de Bernardo García Cendán, 188, 34

**Pérez Prieto, Victorino**

La escisión de lo creado (recensión), 186, 109

O cristianismo en diálogo coas relixións. A perspectiva desde Galicia, 188, 5

**Pin Millares, José M<sup>a</sup>.**

El contagio del tedio. Presente y futuro de la Iglesia en lugo (Recensión), 189, 119

**Pite, Soedade**

Ilustracións, 186, 69 e 117

Ilustracións, 187, 15 e 53

Ilustracións, 188, 13 e 49

Ilustracións, 189, 25 e 75

Ilustracións, 190, 15, 83

**Portas Ferro, Xesús**

A Romaxe das Virtudes, 189, 63

**Raede Abu-Afash Hannia**

Os musulmáns na Galicia actual,  
188, 31

**Regal Ledo, Manuel**

Carta desde a banda da esperanza,  
186, 89

Carta desde a banda da esperanza,  
187, 112

A Chaira vista polos chairegos (re-  
censión), 186, 112

Oración con Díaz Castro, 188, 42

Carta desde a banda da esperanza,  
188, 74

Contribución cristiá ás respostas  
ante a pobreza, 189, 35

Jesús García Calvo. Feiraco, un  
modelo cooperativo para o rural  
galego (Recensión), 189, 116

Carta desde a banda da esperanza,  
189, 104

Carta desde a banda da esperanza,  
190, 106

**Senlle, Uxía**

Carta de Begoña Caamaño,  
190, 85

**Sobрино, Jon**

Monseñor Romero e a verdade,  
186, 33

**Solar, María**

Remontar o río (recensión)  
188, 101

**Soto Varela, Carme**

Os pobres na Biblia: a memoria  
subversiva da Palabra de Deus,  
189, 19

**Susín, Luiz Carlos**

Teología da Libertacao-Um breve  
percurso histórico, 186, 5

**Torres Queiruga, Andrés**

Ninbos de Díaz Castro: Luz de in-  
manencia en aura de trascenden-  
cia, 187, 69

Xonás: O monoteísmo como fon-  
te de tolerancia e universalidade,  
189, 71

Papa pastor fronte a restauracio-  
nismo preconiliar, 190, 59

**Vidal, José Manuel**

A reforma (revolución tranquila)  
do Papa Francisco, 190, 10

**Vidal Collazo, Marisa**

Libros chegados á Redacción,  
187, 123

**Vidal Estévez, Engracia**

Olladas sobre as mulleres no Novo  
Testamento, 187, 86

Vieiro, Gloria Josefina, 186, 55

Tres libros de mulleres lidos últi-  
mamente (recensión), 188, 99

2014: Cincuenta anos. Ao encontro  
do pasado (Recensión), 189, 114

**Ramón Díaz Raña**